

## mariña

Aprobado provisionalmente o proxecto de trazado do tramo O Carne-Barreiros da A-74. **Páx. 2**

## foz

A rúa Corporacións será de sentido único de circulación en dirección a Burela. **Páx. 5**

## viveiro

A Protectora Gadoupas desminte ao Concello pola súa suposta disolución. **Páx. 9**

## ribadeo

O Concello investirá 690.000 euros neste 2025 no arranxo de estradas. **Páx. 13**

## xove

A vila reforza os servizos sociais coa nova residencia de Aspanane e un centro de día. **Páx. 18**

## Rúas de cor e ledicia

Comparsas, máscaras e tradicións dan vida a unha das festas máis esperadas do ano en Galicia e, sobre todo, na comarca mariñá



## Airiños do Xunco celebra medio século

A histórica asociación cultural contará cunha programación especial para conmemorar o seu legado. **Páx. 15**

## Dúas visións para un mesmo concello

Falamos coa oposición do Valadouro para comprender o seu labor na corporación municipal. **Páx. 17**

## A Cova do Can



Unha nova asociación musical que aposta polo Rock en Burela. **Páx. 10**

## CEIP Castro de Ouro



A ANPA denuncia manipulación de datos pola Xunta ante a falta de recurso. **Páx. 21**

## Cova do Rei Cintolo



Entrevistamos a Marcos Vaqueiro, director do proxecto topográfico da cova. **Páx. 25**

## A Deputación pide á Xunta máis investimentos

Aprobouse no Pleno unha moción para reclamar melloras para o SAF e as infraestruturas. **Páx. 27**

## HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN: FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN: AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE  
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA



**GRUPO FORMAT**

formación integral de empresas  
para información sobre más formaciones:

[www.grupoforma-t.com](http://www.grupoforma-t.com)

TEL.: 982 513 605

# A MARIÑA

## Luz verde ao tramo O Carme-Barreiros da A-74



O Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentable aprobou provisionalmente o proxecto de trazado do tramo O Carme-Barreiros da autovía A-74 da Mariña, na provincia de Lugo, para sometelo a información pública. O trámite abrirase tras a publicación do anuncio no Boletín Oficial do Estado (BOE) nos próximos días.

O orzamento base de licitación das obras é de 123,6 millóns de euros, IVE incluído. O subtramo O Carme – Barreiros, do tramo entre Foz e Barreiros, ten aproximadamente 6,3 km de lonxitude, e inclúe a execución de 2 enlaces: o Enlace de O Carme, que conecta coa estrada autonómica LU-152, e o enlace de Espiñeira, ao final do tramo, que permite a conexión coa Autovía do Cantábrico A-8.

A autovía A-74 dará continuidade á A-8 a través do corredor Cantábrico da Mariña lucense, entre Barreiros e San Cibrao,

onde se atopa o Porto de Interese Xeral do Estado. Esta vía suporá unha alternativa á estrada nacional N-642, que chega a acadar os 15.000 vehículos diarios en período estival. A nova infraestrutura contribuirá así a mellorar a capacidade e a seguridade viaria, a dinamizar a economía da provincia de Lugo e de Galicia, mellorar a accesibilidade a importantes portos como San Cibrao, Burela ou Celeiro, así como a diminuír os tempos de percorrido na costa lucense e na comarca da Mariña.

O tramo proxectado incluírá tres viadutos: o viaduto da estrada LU-152 na orixe do tramo, de 410 metros; o viaduto sobre o río Masma, de 313 m, e o viaduto Enlace de Espiñeira de 115 m sobre a glorieta de dito enlace. Tamén contará con dous pasos superiores e catro pasos inferiores, que permiten o cruce de camiños sobre ou baixo a autovía, e sete muros.

## Ribadeo, Trabada e Augas de Galicia únense na Mesa da Auga



Ribadeo e Trabada, xunto co apoio de Augas de Galicia, acadaron un acordo fundamental para proceder á renovación do sistema de abastecemento de auga entre os dous municipios. Este importante paso foi oficializado durante a xuntanza da Mesa da Auga celebrada no Salón dos Alcaldes, no que se fixaron compromisos clave para mellorar o servizo de auga.

O alcalde de Ribadeo, Dani Vega, destacou a importancia desta obra e explicou que, na reunión, Augas de Galicia, a través do seu director, presentou o proxecto que inclúe a renovación da tubaxe que parte de Vilarbetote e chega a Ribadeo. O proxecto supón unha inversión de 7,5 millóns de euros, dos cales a Xunta de Galicia será a principal financiadora, un feito que, segundo o rexedor ribadense, garante a execución da obra.

Ademais, o Concello de Trabada mostrou o seu compromiso co proxecto, comprometéndose á colaboración para facelo posible, a pesar de non poder achegar recursos económicos. Por súa parte, Ribadeo tamén se comprometeu a aportar o 20 % da inversión inicial, mantendo abertas as portas para a colaboración futura da Deputación de Lugo.

Dani Vega subliñou que a renovación do abastecemento de auga é unha prioridade para o Concello de Ribadeo, especialmente dada a importancia que ten para a maioría do municipio, que depende de esta rede de abastecemento. A problemática do abastecemento de auga é un asunto que ven de lonxe e que, segundo o alcalde, requirirá unha solución a través dun proxecto que agora, coa implicación de Augas de Galicia, comeza a facerse realidade.

Pola súa parte, o alcalde de Trabada, García Freije, destacou a relevancia desta actuación para as parroquias do seu concello que se abastecen desta rede, facendo fincapé en que, aínda que non hai moitos problemas no seu municipio, a mellora na infraestrutura beneficiará tamén a todos os veciños da comarca. Este proxecto é vital para garantir o futuro abastecemento da zona.

Este acordo será formalizado no próximo pleno de Ribadeo, onde se presentará o convenio de colaboración entre os Concellos de Ribadeo, Trabada e Augas de Galicia, co fin de poñer en marcha esta importante obra. A renovada infraestrutura de abastecemento de auga non só mellorará a calidade do servizo, senón que tamén garantirá o abastecemento para o futuro e favorecerá un crecemento sostible no longo prazo.

## Tres Pedras da Memoria ou Stolpersteine para Viveiro e Oourol

A Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica (ARPM) instalará tres Pedras da Memoria nos concellos de Viveiro e Oourol para honrar as vítimas do Holocausto destes municipios. Estas pezas conmemorativas renderán homenaxe a Salvador Ferro Franco e Manuel Lamelas, naturais de Viveiro, e a Manuel Pardo Pombar, de Oourol.

As Pedras da Memoria, coñecidas internacionalmente como Stolpersteine, forman parte dunha iniciativa levada a cabo polo artista alemán Gunter Demnig para lembrar ás vítimas do nazismo. Estes pequenos adoquíns de latón, colocados diante das últimas vivendas coñecidas das persoas deportadas, simbolizan un recordo perpetuo da súa historia e



sufrimento.

Ata o momento, as Stolpersteine están presentes en 1.200 localidades alemás e hai máis de 100.000 repartidas por distintos países de Europa. Con esta iniciativa, ARPM busca manter viva a memoria histórica, sensibilizar á sociedade e reivindicar a necesidade de xustiza e reparación para as vítimas do Holocausto.

## Arranca unha nova edición do Correlingua e do Cantalingua

Correlingua xa está en marcha para a edición de 2025, centralizando unha parte da súa actividade no vindeiro mes de maio. A máis musical, divertida e participativa das festas en defensa do galego inicia a súa actividade de 2025 coa convocatoria do seu concurso máis importante: o Cantalingua. As bandas e solistas galegas poderán inscribirse nesta convocatoria que ten como premio unha remuneración de ata 1.300 euros por cada actuación nos centros escolares que participan do Correlingua. O prazo de presentación de cancións finaliza o 20 de febreiro.



No concurso poden participar bandas e solistas en lingua galega de calquera estilo musical. As cancións deben ser orixinais,

e cantadas integramente en galego. Para participar nas Festas do Correlingua é necesario participar no Cantalingua.

## Besteiro renova o liderado do PSdeG ao non ter candidaturas alternativas

José Ramón Gómez Besteiro abriu un “novo ciclo” para o PSdeG co obxectivo de acadar un partido “máis forte, porque só desa forma haberá unha alternativa ás políticas de dereitas e un cambio” en Galicia. Besteiro seguirá á fronte da organización durante os próximos catro anos. Concluído este mediodía o prazo para a presentación de candidaturas ás primarias, renovará na secretaría xeral, ao confirmarse como único aspirante ao cargo.

Nun acto en Ferrol en memoria de Pablo Iglesias, con motivo do centenario do seu pasamento, que se celebra ao longo deste ano, o líder socialista asegurou que enfronta a nova etapa “con total ilusión e asumindo ademais a responsabilidade que leva consigo”. En declaracións aos medios, agradeceu á militancia “o referendo” á súa continuidade durante a nova etapa que se abre, que encara tamén “con optimismo” e co compromiso de traballar “por unha Galicia en positivo”.



Besteiro lembrou ante o monumento ao fundador do PSOE “os principios que inspiran o labor dos socialistas”, como a loita pola igualdade de oportunidades, pola solidariedade, contra a discriminación, polo progreso e pola mellora da calidade de vida da cidadanía. Por iso, apelou a reflexionar sobre “o noso pasado, de onde vimos e cara onde imos, pero sobre todo a esas raíces tan fondas”.

“Eses principios sérvennos para poñer moitísima máis forza de cara ao futuro, e son os que imos defender os próximos catro anos para facer unha Galicia máis forte, na que o Partido Socialista sexa tamén máis forte”, insistiu, e invitou a todos e todas os socialistas “a traballar unidos, cun partido unido”.

O acto rematou cunha ofrenda floral no monolito coa efixie de Pablo Iglesias.

## Conceden axudas a varias escolas municipais de música da comarca

Un total de 265.000 euros foron asignados recentemente a 78 escolas de música de toda Galicia, incluíndo varias delas en Mondoñedo, Ribadeo e A Pontenova, grazas a unha convocatoria destinada a apoiar o funcionamento destas escolas públicas e de institucións sen ánimo de lucro. O obxectivo da resolución é fortalecer os centros que imparten ensinanzas musicais non regradas, abertas ao público en xeral, e promover a formación musical tanto a nivel local como comunitario.

Este apoio económico, concedido en dúas categorías, favorece

42 escolas de música municipais, das que destacan as situadas en Mondoñedo, Ribadeo e A Pontenova. Con estas subvencións, os concellos pretenden mellorar as infraestruturas e os recursos das súas escolas, que non só fan de canteira para afeccionados á música, senón que tamén preparan aos estudantes para as probas de acceso ás titulacións oficiais de música.

As escolas de Mondoñedo, Ribadeo e A Pontenova serán beneficiarias destas axudas, que se traducirán en melloras nas súas instalacións e na ampliación das súas actividades

educativas, garantindo que as ensinanzas de música continúen a ser un elemento clave na formación cultural e artística das novas xeracións. O apoio tamén incide na difusión e extensión destas ensinanzas, permitindo que máis mozos e mozas da contorna poidan acceder á formación musical e fomentar a cultura na súa totalidade.

Este tipo de iniciativas non só contribúe ao desenvolvemento educativo, senón tamén ao enriquecemento cultural das localizacións, que ven así reforzada a súa oferta de actividades e servizos á cidadanía.

## A Mariña avanza na súa aposta por un turismo sostible e de calidade



A entrega de novos diplomas do Sistema Integral de Calidade Turística en Destino (SICTED) reuniu en Foz a representantes institucionais e profesionais do sector para poñer en valor o traballo das empresas e servizos que apostan pola mellora continua do turismo na Mariña Lucense. O acto celebrouse no salón de actos do IES mariñán e contou coa presenza do delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, e do deputado de Recursos Sostibles e alcalde de Foz, Francisco Cajoto.

Durante a cerimonia, entregáronse diplomas a 13 novos establecementos recoñecidos pola Mancomunidade de Municipios da Mariña, sumándose ás 12 novas empresas que obtiveron o distintivo este ano. En total, xa son 42 as entidades da comarca que contan con esta certificación de calidade, entre as que se inclúen albergues, hoteis, apartamentos, restaurantes, guías turísticos, museos e negocios de turismo activo.

Francisco Cajoto destacou que este acto representa “dous logros fundamentais: a aposta pola calidade e a capacidade de traballar unidos para impulsar a nosa comarca”. Subliñou que a Mancomunidade está a desenvolver un traballo “excepcional” na promoción turística e asegurou que “desde a Deputación reafirmamos o noso

compromiso de seguir colaborando en proxectos que potencien o noso territorio de xeito sostible”. Ademais, animou aos empresarios e profesionais do sector a continuar traballando pola excelencia, destacando que o recoñecemento acadado é froito do esforzo e dedicación constante por ofrecer un servizo de calidade aos visitantes. Pola súa parte, Javier Arias resaltou “o compromiso da Mariña coa excelencia turística” e puxo en valor o apoio da Xunta de Galicia ás accións de mellora continua, tanto a través do Plan de Sostibilidade Turística, cunha achega dun millón de euros, como mediante o convenio anual coa Axencia de Turismo de Galicia. Tamén felicitou á Mancomunidade de Municipios polo esforzo en reforzar a imaxe da Mariña “como un destino máis competitivo, sostible e atractivo durante todo o ano”.

Ademais, subliñou a importancia de manter unha estratexia coordinada entre as administracións públicas e o sector privado para consolidar a Mariña como un referente turístico en Galicia.

A entrega dos diplomas reforza o compromiso da Mariña Lucense co turismo de calidade, buscando consolidar a súa posición como un destino que combina riqueza natural, cultural e gastronómica cunha oferta sostible e diferenciada

Quando necesitas energía limpia y accesible, él está aquí

Cree en el Sol

En EDP, creemos que elegir la Tierra conlleva mirar al Sol en busca de soluciones energéticas limpias y accesibles. Porque, cuando elegimos el Sol, elegimos lo mejor para todos.

Descubre cómo ahorrar en edpenergía.es

edp

## Ana Pontón reclama axudas directas aos produtores da IXP da Faba de Lourenzá



A portavoz nacional, Ana Pontón, avanzou que o BNG levará ao Parlamento unha batería de iniciativas para reclamar axudas directas aos produtores e produtoras da Indicación Xeográfica Protexida (IXP) da Faba de Lourenzá para paliar as perdas na última campaña, cifradas nun 80 %, que poñen a botar parte do sector “nunha situación límite”.

Así o anunciou logo de recoller as demandas de produtores e produtoras desta IXP nunha reunión no concello valego, logo da que explicou que o Bloque tamén pedirá na Cámara unha modificación da PAC, concretamente no píar relativo ao apoio á produción sostible de proteína vexetal, para incrementar a súa dotación orzamentaria e que “cheguen máis fondos a estes produtores”.

“Non podemos perder de vista que a produción de faba permite que se fixe poboación, que se coide o territorio e que é unha actividade económica importante”, afondou Pontón, quen reclamou ao Executivo de Alfonso Rueda que actúe e defenda o sector.

**SLG.** Ante esta situación, o sindicato solicitou unha xuntanza urxente coa Conselleira do Medio Rural, María José Gómez Rodríguez, pero, meses despois, segue sen recibir ningunha resposta. O pasado 23 de decembro, celebrouse unha asemblea en Lourenzá con medio cento de asistentes, o que reflicte a preocupación do sector por unhas perdas que afectan gravemente a economía local.

Na asemblea analizouse a crise do sector e acordouse demandar medidas urxentes para garantir a súa supervivencia. O Sindicato Labrego Galego iniciou unha rolda de contactos cos concellos de Barreiros, Trabada, Lourenzá, Ribadeo e Mondoñedo, gobernados por diferentes partidos, que coincidiron en recoñecer a gravidade da situación e respaldaron a necesidade dunha xuntanza coa Consellería do Medio Rural.

Ademais, o sindicato está a coordinar unha petición unánime con concellos, cooperativas e organismos vinculados á produción e comercialización da faba de Lourenzá para esixir á Xunta unha resposta rápida.

## A Fapacel organiza un ciclo de relatorios en liña para familias

A Federación Provincial de ANPAS de Centros Públicos de Lugo (Fapacel) puxo en marcha unha serie de charlas gratuítas dirixidas ás familias, ofrecidas en formato en liña e abertas a todas as ANPAS interesadas. Esta iniciativa responde ao interese por abordar temas de actualidade e de gran demanda por parte das familias.

As sesións tratarán asuntos como as Competencias Dixitais, que inclúen o uso de Abalar e o control parental; Co(n)razón, centrada en disciplina positiva e resolución

de conflitos; Estilos Parentais e Educación Emocional; así como a Realidade LGTBI+, promovendo a inclusión e o acompañamento nesta área.

Para desenvolver este ciclo de charlas, Fapacel conta coa colaboración de entidades como a Fundación Guillén Veiga Iglesia, Arelas, Leticia Gutiérrez e o Hospital Ribera Polusa.

Para participar, é necesario inscribirse a través dun formulario que será enviado ás ANPAS asociadas e publicado na páxina web oficial da Fapacel.

## Asinado un acordo a catro bandas polo futuro de Alcoa

O Ministerio de Industria e Turismo, a Xunta de Galicia, Alcoa e IGNIS asinaron un memorando de entendemento (MoU) para garantir o futuro a longo prazo da planta de aluminio de San Cibrao.

O MoU inclúe o compromiso de colaboración para estabilizar as operacións, priorizando a reactivación das instalacións de aluminio. Tamén se acorda axilizar as autorizacións para proxectos de enerxías renovables e aumentar as axudas ás emisións de CO<sub>2</sub>, que en 2025 alcanzarán os 600 millóns de euros.

Ademais, a Xunta e o Goberno central comprométese a impulsar medidas para a autorización e posta en marcha de proxectos de zonas de almacenamento de residuos promovidos por Alcoa, fundamentais para a continuidade das operacións no complexo industrial, respectando as súas competencias.

Ademais, acórdase axilizar as autorizacións para proxectos de enerxías renovables co obxectivo de alcanzar custos enerxéticos máis competitivos. Priorízase tamén o incremento das axudas ás emisións de CO<sub>2</sub>. O Ministerio de Industria e Turismo anunciou a finais do pasado ano que esta partida orzamentaria aumentará ata os 600 millóns de euros en 2025.

Por último, a Xunta e o Goberno do Estado impulsarán as medidas necesarias para axilizar a autorización



e posta en marcha dos proxectos de zonas de almacenamento de residuos que Alcoa está promovendo no complexo industrial. Estes proxectos son fundamentais para apoiar a continuidade das súas operacións, dentro do ámbito das súas respectivas competencias.

**MESA DE SEGUIMENTO.** A conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, reclamou a convocatoria urxente da Mesa de Seguimento de Alcoa ao tempo que insistiu en que o Goberno galego seguirá reclamando o cumprimento dos investimentos comprometidos no acordo de viabilidade asinado no ano 2021 por Alcoa, incluída a construción dun forno de ánodos.

Lorenzana mantivo un encontro co comité de empresa da planta de San Cibrao para falar sobre o protoco-

lo asinado no cal todas as partes se comprometen a traballar conxuntamente para garantir a viabilidade futura da factoría luguesa.

Lorenzana insistiu na necesidade de acordar un prezo eléctrico estable e competitivo para a industria electointensiva. Unha petición que, tal e como apuntou, é clave para garantir a viabilidade do sector e de empresas como Alcoa e que se suma á realizada pola propia Asociación de Empresas de Gran Consumo de Enerxía (AEGE) para que se mantéña a redución nas peaxes de acceso ás redes de transporte e electricidade.

A conselleira remarcou ante o comité de empresa que o compromiso do Goberno galego co futuro a longo prazo de Alcoa en San Cibrao é máximo, e volveu trasladarlle todo o apoio da Administración autonómica.

## Ribadeo e Trabada en alerta alta por gripe aviar



Galicia, ao igual que toda España, atópase no nivel alto de alerta por gripe aviar, debido ao aumento de focos rexistrados en Europa e aos movementos migratorios de aves silvestres. O Ministerio de Agricultura anunciou medidas de prevención para evitar focos de influenza aviaria de alta patoxeñidade (IAAP). A partir do 20 de xaneiro, as restricións afectarán as zonas de especial risco (ZER) e de especial vixilancia (ZEV).

Nos sete concellos galegos den-

tro da zona ZEV, entre os que se atopan Ribadeo e Trabada, prohibirase a cría de aves ao aire libre, a non ser que se use dispositivos para evitar o acceso das aves silvestres. Tamén se prohibirá dar auga de depósitos ás que poidan acceder as aves silvestres e suspéndense concentracións de aves. As medidas poderán revisarse nas próximas semanas, e reforzarse a bioseguridade nas explotacións avícolas, especialmente no contacto coas aves silvestres.

## Convocan as indemnizacións por sacrificio obrigatorio de animais

O Diario Oficial de Galicia publicou a orde da Consellería do Medio Rural, que establece as bases para conceder indemnizacións polo sacrificio obrigatorio de animais no marco de programas de loita e control de enfermidades. As solicitudes poderán presentarse ata o 28 de novembro. A Xunta destina 1.387.330 euros a estas achegas, que poderán recibir persoas físicas e xurídicas, públicas ou privadas, titulares de animais sacrificados ou falecidos debido a enfermidades como perineumonía, tuberculose, brucelose, leucose, lingua azul ou encefalopatías esponxiformes transmisibles. Tamén se inclúen as aves reprodutoras sacrificadas por orde sanitaria ou aquelas afectadas por focos de influenza aviaria ou enfermidade de Newcastle. A orde tamén contempla os porcos sacrificados por focos de peste porcina e os visóns americanos sacrificados por motivos sanitarios. As explotacións deben estar inscritas no Rexistro xeral de explotacións gandeiras (Rega).

## NOVAS

foz

## A vila conta cun proxecto sobre fontes e mananciais



O Concello vén de poñer en marcha un novo proxecto sobre as fontes e mananciais do concello. Unha aposta polo turismo sostible e diferente do de verán e praia.

“Poñemos en marcha un novo proxecto turístico-ambiental denominado Fontes e Mananciais de Foz, unha iniciativa que busca dar vida a estes espazos naturais e integrar o seu valor histórico e ambiental en rutas turísticas”, din desde o Goberno local.

Prologado polo cronista oficial, o proxecto aposta por destacar e

preservar as fontes e mananciais da zona, fomentando o coidado e respecto por estes enclaves únicos. “Este concello é rico en fontes, moitas descoñecidas polo público en xeral e outras ben coñecidas, como a famosa Fonte da Zapata, creada milagrosamente polo bispo San Gonzalo para acabar coa seca que reinaba na contorna”, di o cronista oficial do Concello, “tamén existen fontes que dan nome a lugares ou fontes que se empregaban para deslindar propiedades”.

## A tradicional Comida dos Maiores será o 23 de febreiro

O vindeiro 23 de febreiro, Foz celebrará a tradicional Comida dos Maiores, un evento que renderá homenaxe aos homes e mulleres da vila que, desde as súas parroquias e en todos os ámbitos do pobo, contribúen a facer de Foz un lugar mellor. A xornada comezará cunha sesión vermú ás 13.30 horas para dar paso ao xantar ás 14.00 horas.

A comida será gratuíta para os maio-

res de 65 anos e os máis xubilados de 60 empadroados en Foz. Os participantes poderán gozar dun menú que incluírá entrantes, chacina, lacón, codillo, sobremesa, viño, refrescos, café e chopos, todo acompañado de música e sorteos de agasallos. As persoas interesadas en asistir deberán inscribirse no Centro Social antes do 18 de febreiro, debido ao aforo limitado.

## Nova mobilidade na rúa Corporacións Municipais



O alcalde de Foz, Fran Cajoto, reafirmou no Pleno municipal a aposta do goberno local por unha mobilidade sostible e planificada no casco urbano, centrada na mellora da seguridade viaria e na reordenación do tráfico. O rexedor respondeu as críticas do Partido Popular e do BNG, subliñando que as decisións adoptadas se basean nun proceso de planificación consensuado.

Cajoto lembrou que no pasado mandato se realizou un exercicio colectivo para definir o modelo de vila desexado, un proceso no que participaron axentes sociais, asociacións de veciños e empresariais, a Policía Local e os distintos grupos políticos. “Chegamos a un documento aprobado e en vigor, que establece as directrices da mobilidade en Foz”, indicou. Un dos puntos debatidos foi a circulación na rúa Corporacións Municipais, que segue ese modelo planificado.

“O seu deseño establece un

único sentido de circulación en dirección a Burela, complementando a reordenación da rúa Irmandiños”, explicou Cajoto, rexeitando as críticas do PP por considerar que carecen de fundamento. O alcalde advertiu que manter o dobre sentido de circulación obrigaría a reducir á metade as prazas de estacionamento, o que afectaría negativamente tanto aos veciños como aos establecementos comerciais. Ademais, destacou que a Deputación de Lugo, titular da rúa Corporacións Municipais, xa ten en marcha un proxecto para crear unha senda peonil xunto ao campo de fútbol Martínez Otero, resolvendo as actuais deficiencias de mobilidade nesa zona.

O rexedor puxo como exemplo de consenso o proxecto de humanización da rúa Irmandiños, no que se atenderon as demandas dos veciños para mellorar a mobilidade na zona.

## Pescados Rubén entra en concurso de acredores

O Xulgado Mercantil de Lugo declarou a liquidación da empresa Pescados Rubén, con sede en Foz, tras a súa entrada en concurso de acredores. O despacho de economistas Rivera e Varela Concursal, da capital lucense, foi nomeado como administrador concursal para xestionar o proceso.

Pescados Rubén, con máis de 60 anos de historia, dedicábase á comercialización de peixe fresco e conxelado en arredor de 40 países, sendo unha empresa de referencia en A Mariña. Fundada polo matrimonio Rubén Blanco e Cesarina Fanego, chegou a converterse nun dos principais distribuidores de produtos do mar en Galicia, con presenza en mercados internacionais e cun importante volume de exportación.

A difícil situación económica da empresa agravouse nos últimos anos, ata o punto de verse obrigada a entrar en concurso de acredores. Factores como o aumento dos custos operativos, a crise do sector pesqueiro e as dificultades para competir nun mercado globalizado afectaron a súa viabilidade financeira.

A finais do mes pasado, Manuel Blanco, exdirector xeral da empresa ata a súa entrada en concurso, aseguraba que varias firmas manifestaron interese en adquirir as instalacións situadas no polígono industrial de Fazouro. Isto abre unha posibilidade para que parte da actividade económica e o emprego na zona poidan recuperarse, sempre que se materialicen novas inversións.

## Inaugurada a nova sede de Bumei en Foz



O director xeral de Inclusión Social, Arturo Parrado, participou na inauguración da nova sede que a entidade social Bumei Galicia pon en marcha en Foz. Durante o acto, destacou o compromiso da Xunta de Galicia de seguir colaborando e cofinanciando os proxectos desta organización, dedicada á inclusión social das persoas e colectivos máis vulnerables, con especial atención ás mulleres.

No último ano, a Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Inclusión Social, contribuíu cunha achega superior a 340.000 euros. Este apoio permitiu levar a cabo dous itinerarios de inclusión sociolaboral e diversas accións de formación adaptada, como cursos de competencias clave e alfabetización dixital, dirixidos a persoas en risco de

exclusión social. Ademais, a entidade ofrece un programa complementario para facilitar a conciliación da vida laboral e familiar.

Arturo Parrado destacou que a nova oficina de Foz proporcionará unha atención integral e directa ás persoas e colectivos máis vulnerables tanto no municipio como na súa contorna. Entre as iniciativas que se desenvolverán destacan os itinerarios personalizados de inclusión sociolaboral, que abranguen desde formación básica ata transición cara ao emprego, beneficiando a unha estimación de 300 persoas ao ano. O director xeral tamén subliñou que os custos de alugueiro e persoal desta nova sede están cubertos pola Xunta de Galicia a través das axudas destinadas ás entidades de iniciativa social no ámbito da inclusión.

## A UNED presenta a súa programación de febreiro

A Aula Universitaria da UNED en Foz vén de anunciar unha ampla programación de actividades para o mes de febreiro, cun total de seis propostas formativas deseñadas para fomentar a aprendizaxe continua e responder ás necesidades da comunidade. As iniciativas están orientadas a promover tanto o desenvolvemento académico como o persoal, ofrecendo ferramentas útiles para o día a día.

A programación arrincou coa segunda edición do Curso preparatorio de Celga 3 e 4, unha proposta dirixida a quen desexen certificar os seus coñecementos de galego.

O 13 de febreiro comezará 'Coñéctate, ámate', unha interesante actividade centrada na disciplina positiva para o autoconhecimento e o benestar persoal. As sesións serán os xoves de 17.30 a 20.00 horas.

O 17 de febreiro será unha xornada

de clave con tres novos cursos. Por unha banda, o Curso de Inglés A1 - Primeiros pasos, ideal para iniciarse na aprendizaxe do idioma, impartirase os luns de 18:15 a 20.15 horas. Ademais, comezará o curso Crea o teu negocio dixital e consegue novos clientes, dirixido a quen queiran emprender no ámbito dixital. Terá lugar os luns de 15.45 a 17.45 horas. Por outra banda, impartirase o curso Organización de espazos para mellorar a túa vida\*\*, onde a coach Alba Caamaño Fernández ofrecerá técnicas para optimizar a organización persoal. Este último curso celebrarase os luns de 18.00 a 20:00 horas.

As persoas interesadas poden obter máis información ou formalizar a súa inscrición a través dos teléfonos 982 133 699 ou 604 034 549, ou no correo electrónico foz@lugo.uned.es.

## Reorganizado o Goberno local focego tras a saída do BNG

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, anunciou a reorganización do equipo de goberno tras a renuncia do BNG ás súas competencias.

Cajoto explicou que o 24 de decembro, a concelleira nacionalista Zoraida Coira asumiu a xestión da Residencia e Centro de Día, pero o pasado 17 de xaneiro, o resto dos edís do BNG renunciaron a todas as competencias delegadas, incluída esta área. Ante esta situación, o rexedor asegurou que comeza unha nova etapa na que os sete concelleiros socialistas asumirán a xestión do municipio, destacando a ilusión e responsabilidade coas que afrontan o reto.

Este martes 21 de xaneiro, Cajoto asinou o decreto que establece as novas delegacións: o propio alcalde liderará áreas como Obras, Parques e Xardíns, Urbanismo e Seguridade Cidadá; Inés López Couto, primeira tenente de alcalde, encargárase de Economía, Facenda e Cultura; Ángel Fernández Neira asumirá Medio Ambiente, Deportes, Xuventude, Mar e Alumeado Público; Ana Matea Rojo Eijo xestionará Servizos Sociais, Igualdade e Inmigración; Elena Martínez Pena liderará Educación, Innovación e Participación Cidadá; Carlos García Rodríguez estará á fronte de Relacións Institucionais, Comunicación e Coordinación da Axenda 2030; e Katherina Navarro Machado supervisará Turismo, Comercio e Sanidade.

Con só sete concelleiros dos 17 que compoñen a corporación, Cajoto destacou que continuarán traballando para garantir o desenvolvemento do municipio, deixando de lado as críticas do Partido Po-



pular e do BNG, e buscando acordos, especialmente con esta última formación política, á que considera aliada en termos progresistas.

Entre as principais liñas de actuación para este ano, o alcalde anunciou obras en infraestruturas viarias por valor de 1,24 millóns de euros, incluíndo a mellora de rúas como Alfonso X, Alfredo Brañas e a avenida da Mariña, ademais de proxectos financiados polo Plan Deputación e Agader. En canto á limpeza viaria e xestión de residuos, prevese adquirir unha nova varredora e mellorar as zonas de contedores.

En deportes, o goberno municipal impulsará a mellora de instalacións, a renovación do contrato da piscina municipal e o recoñecemento dos deportistas locais coa Gala do Deporte. En servizos sociais, reclamarán a transferencia da propiedade da Residencia e Centro de Día para desbloquear a súa xestión. Ademais, no ámbito educativo, licitarán o servizo de madrugadores nos colexios públicos para facilitar a conciliación.

Por último, en relación co ciclo integral da auga, o Concello continuará traballando con Augas de Galicia na execución da nova depuradora e levará a pleno a licitación do servizo de abastecemento, saneamento e depuración, con investimentos previstos na planta potabilizadora e na renovación de canalizacións.

O rexedor concluíu destacando o compromiso do seu equipo co desenvolvemento de Foz e a mellora da calidade de vida dos seus veciños.

**PP.** Nos cambios realizados no goberno tras a ruptura da coalición PSOE-BNG, aos populares chámalle a atención que o alcalde devolva as competencias da residencia á mesma concelleira á que llas quitou fai poucas semanas despois de fracasar de novo cos informes en contra do Tribunal administrativo de Contratación Pública de Galicia, "unha mostra máis da nula capacidade de Cajoto e do PSOE de asumir e recoñecer os erros que os levaron a estar só no goberno".

## A Deputación deu luz verde á rehabilitación de sete estradas en Foz

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou a licitación dun proxecto para a mellora de sete estradas no municipio de Foz, cunha achega total de 392.218,9 euros. As actuacións previstas inclúen a LU-P-6303, que conecta Campón e Cordido por Güín, onde se traballará no tramo comprendido entre os puntos quilométricos 2,630 e 4,741 coa reapertura de cunetas, pavimentación con aglomerado e sinalización. Na LU-P-2001, que une a estrada autonómica LU-152 coa Nacional 642, mellorarase un treito de 6 quilómetros mediante as mesmas intervencións. Tamén

se actuará na LU-P-2013, que vai do colexio de Nois á Praia de Arealonga, reparando puntualmente o pavimento e reforzando a sinalización para mellorar a seguridade na zona escolar.

A LU-P-2009, que conecta o Peirao de Foz co Bispo Santo por Marzán, verá mellorada a pavimentación e sinalización nos seus 3 primeiros quilómetros. Na LU-P-2006, que une a Cruz coa Praia de Llas, realizaranse melloras no treito entre os puntos quilométricos 0,949 e 2,405, centrándose na pavimentación e sinalización. A LU-P-2011, que conecta Marzán coa Praia de Llas, será obxecto de interven-

ción nos seus 700 primeiros metros, tamén coa renovación da pavimentación e sinalización. Por último, na LU-P-3101, que vai de Areas á LU-152 por Oirán, mellorarase a drenaxe no tramo que vai do punto quilométrico 8,717 ao 13,024.

O prazo de execución destes traballos, unha vez iniciados, será de tres meses. Segundo destacou o Deputado, "trátase dunha actuación importantísima para Foz, porque afecta a 7 das 17 estradas provinciais que vertebran o municipio, moitas delas fundamentais para conectar o interior do concello coa zona das praias".

# “O Entroido de Foz é único, todos nos convertemos en familia”

Coral Rey Oliveros, Raiña do Entroido 2025, será coroada o día 15 de febreiro na carpa da rúa Atalaia

Por Ana Somoza

Ser a Raiña do Entroido de Foz non é só unha honra, senón un soño cumprido para Coral Rey Oliveros, quen se prepara con entusiasmo e dedicación para un dos eventos máis esperados do ano. “Síntome moi privilexiada de ter a sorte de poder cumprir este soño que, persoalmente, teño presente dende que teño conciencia”, afirma con emoción.

A súa elección como Raiña supón unha gran responsabilidade, pero tamén unha inmensa ilusión. “Cada día que pasa estou máis emocionada por que chegue o momento”, asegura. Os preparativos comezaron en canto se fixo oficial a súa elección e desde entón a organización está sendo intensa. “Hai moitas cousas que teñen que estar a punto para estas datas e hai que estar pendente de todas: traxes, disfraces, coplas... Eu vin como persoas da miña familia se prepararon para isto e sabía que levaba moito traballo pero, agora que o estou vivindo en primeira persoa, o traballo é maior do que imaxinaba. Aínda así, faise con moito gusto e ilusión”, explica. Non estará soa neste camiño. As súas damas de honra, amigas de toda a vida e fieis apaixonadas do Entroido, serán as súas principais compañeiras nesta aventura. “Penso que non hai mellor compañía, ademais formamos un gran equipo de traballo, entendémonos moi ben”, comenta Coral. Pero ademais delas, outras persoas están a desempeñar un papel fundamental neste proceso, como as súas familias, a modista e todas as persoas que colaboran para que todo saia á perfección.

## O SEGREDO MELLOR GARDADO.

Un dos aspectos máis esperados do Entroido de Foz é, sen dúbida, o disface da Raiña. A curiosidade é máxima, pero Coral prefere manter a sorpresa ata o último momento. “A verdade é que non son moi boa dando pistas, así que prefiro non dicir nada. Ademais, creo que con calquera cousa que diga é moi fácil adiviñar, así que mellor vernos ese día”, di entre risas.

O que si se sabe é que recibirá a coroa da man de Carlota Fernández del Riego, a Raiña do ano pasado, quen lle deu un consello moi claro: “Desfruta moito porque pasa voando”. Unha recomendación que todas as persoas que teñen vivido esta experiencia lle transmitiron.

**O QUE O FAI ESPECIAL.** Para Coral, o que fai único o Entroido de Foz é



“a unión do pobo por e para isto”. A súa paixón pola festa é palpable en cada resposta: “Nesas datas todos nos convertemos en familia e o ambiente que se crea é único. Compartimos o amor profundo polo Entroido e poucas veces vin a un pobo tan entregado”.

Non é estraño, polo tanto, que garde recordos inesquecibles desta celebración. Leva desfilando desde hai 19 anos, polo que as anécdotas son moitas. Pero hai unha en particular que destaca sobre as demais: “Cando miña irmá foi Raiña no 2015, fai xusto 10 anos. Ese ano foi moi espe-

cial”. Agora, unha década despois, chega a súa quenda para brillar.

As expectativas para este Entroido son altas, pero Coral está segura de que se cumpriran. “Espérase, por suposto, que siga continuando esta festa tan valiosa que temos un ano máis. Que todos desfrutemos como sabemos deses días. As expectativas para o Entroido sempre son moi altas pero sempre se cumpren grazas ao traballo de todos”, asegura con convencemento.

**O MELLOR ENTROIDO.** Foz presume de ter un dos mellores Entroidos de Galicia e a súa Raiña ten moi claro por que. “O Entroido de Foz é o mellor porque o sentimento que temos a xente de aquí por el non se pode encontrar en ningún outro lado, é único”, afirma con rotundidade. “É unha marabilla ter algo tan bonito e co que a xente se entregue tanto en conxunto, especialmente tendo en conta os tempos que corren, onde ás veces non é tan fácil encontrar algo así”.

A Coral só lle queda esperar a chegada do gran día. A emoción está no aire, os últimos detalles están a punto e todo Foz agarda con ilusión unha nova edición do seu Entroido. Como cada ano, a maxia e a tradición volverán a encher as rúas da vila, reafirmando que o Entroido de Foz non é só unha festa, senón un auténtico sentimento compartido.

## Programación 2025

A festa comezará o sábado 15 de febreiro coa tradicional cea de coroación da Raiña do Entroido, que terá lugar na carpa da rúa Atalaia con animación musical. Pola mañá, as comparsas percorreren as rúas da vila.

O xoves 27 de febreiro inaugurarase unha exposición dedicada aos pregoiros deste ano, seguida da cea de comadres na Sala Bahía, organizada por Afammer e Amas de Casa Virxe do Carme, con animación musical. O venres 28 será a quenda das coplas e do pregón, que terán lugar na carpa da rúa Atalaia a partir das 20:00 horas.

O sábado 1 de marzo celebrarase o gran desfile do Entroido, que sairá ás 16:30 horas. Como en anos anteriores, instalarase un graderío na explanada portuaria, e a gala será conducida por Juan Varela e Pepo Suevos. Tras a entrega de premios, a festa continuará cun

gran baile amenizado por Origen e La Bamba.

O domingo 2 de marzo estará dedicado aos máis pequenos, con baile infantil, inchables, xogos e actuacións. Pola tarde entregaranse os premios infantís do desfile e celebrarase o Touporroutou no colexio Martínez Otero. O luns 3 terá lugar a representación do Entroido tradicional e o baile do farolillo, ademais dun concurso. Para os máis pequenos, organizarase un baile infantil do farolillo na Sala Bahía.

O martes 4 continuarase coa programación infantil, con maxia e xogos organizados pola Asociación de Amas de Casa e o Concello.

O Entroido despedirase o venres 7 de marzo coa tradicional Queima, que sairá do Campo da Cabana ás 20:30 horas e terá lugar na Praza Conde de Fontao. Recoméndase vestir loito rigoroso para a ocasión.

## O PP pide asfaltar o camiño que une a nova depuradora co polígono de Fazouro

Os concelleiros do Partido Popular de Foz pedirán ao goberno socialista que asfalte o camiño que une a nova depuradora co polígono de Fazouro. O camiño municipal desde a Granda de Forxán ao Caldouceiro, en Fazouro, necesita un arranxo integral e o pavimentado con aglomerado dado que pode ser unha vía alternativa de comunicación entre o polígono e a nova depuradora que a Xunta está a construír en Forxán, resultado das xestións realizadas no seu día polo goberno municipal do Partido Popular. “Trátase dunha vía que merece estar nas melloras condicións xa que coa nova depuradora abríranse novas oportunidades na zona e, ademais, xa circulan moitos vehículos pola mesma e é preciso dotala das maiores das seguridades”, subliña o voceiro do PP de Foz, Javier Castiñeira.

Os populares cren que “non precisaría dun investimento moi grande e que se pode financiar ou ben a cargo do Plan Concellos da Deputación, ou ben a través de subvencións que ofrece o Agader ou a Xunta de Galicia coas que se están arranxando estradas rurais, ou mesmo con fondos municipais a cargo dos orzamentos do 2025 si é que o señor Cajoto ten a ben presentalos”.

## Acia Foz CCA impulsa o comercio por San Valentín

A Asociación de Comerciantes, Industriais e Autónomos de Foz (pon en marcha a súa campaña especial de San Valentín, que se desenvolverá ata o 14 de febreiro, coa que sorteará 500 euros en vales de compra para incentivar o consumo no comercio local.

O presidente da asociación, José Carlos Paleo, explica que poderán participar todas as persoas que realicen compras superiores a 10 euros durante esas datas nos establecementos adheridos á campaña. “Os clientes recibirán boletos para o sorteo, que se celebrará o 17 de febreiro a través de Radio Foz”, sinala. Engade tamén que “imos poñer en xogo 5 vales de compra de 100 euros cada un, co obxectivo de dinamizar as vindeiras semanas no comercio de Foz”. Os números gañadores serán publicados tanto nas redes sociais de Acia Foz CCA como na súa páxina web oficial: [www.aciafozcca.com](http://www.aciafozcca.com).

Tamén contarán con doces e cóctel afrodisíacos para celebrar San Valentín do 10 ao 16 de febreiro en dous establecementos participantes Xoyma e Anduriña.

## EN BREVE

**ABRAHAM CUPEIRO.** O músico e multiinstrumentista Abraham Cupeiro presentará o espectáculo 'O Son da Pedra' o vindeiro 29 de marzo ás 20:30 horas na Igrexa de San Francisco, en Viveiro. Este evento está enmarcado no programa cultural ADRAL, promovido pola Xunta de Cofradías da Semana Santa de Viveiro.

**VIAXE.** O Seminario de Estudos Terra de Viveiro organiza unha viaxe a Allariz, na provincia de Ourense, o domingo, 16 de febreiro de 2025. Nesta viaxe visitarase os museos do coiro, do liño e do xoguete, o convento de Santa Clara e igrexa de San Benito e poderase desfrutar dun paseo polo río Arnoia. O xantar terá lugar no restaurante Bella Vista, onde se poderá desfrutar dunha degustación de cocido de Entroido. A saída será ás 8.00 da mañá, desde a Estación de Autobuses de Viveiro, e para participar será necesario mercar o ticket en Aquilino MAPFRE a un prezo de 45 euros para socios e 50 para os que non o sexa.

**ENTROIDO.** A Comisión Viveiro en Festas organiza o 3 de marzo, coa colaboración co Concello de Viveiro, a primeira "Festa do Antroido" nos xardíns Noriega Varela para recadar fondos para a celebración das festas patronais de agosto. Terá lugar na carpa que o Concello instalará en fronte aos Leóns, onde habitualmente celébranse os concertos de agosto. O menú da cea terá un prezo de 35 euros, que inclúe sopa, cocido, sobremesa, café, chopo, pan e bebidas (viño, cervexa, refrescos e auga). Os tickets para a cea poderán adquirirse a partir do próximo sábado en casa Eladio, Bar A Curva, Café Bar Rolindes, Bar Amorne, Bar A Zapatería, Cafetería Doce e Restaurante A Chabola. Ademais, para facilitar a asistencia á xente que se atopa fóra de Viveiro, habilitan un sistema de reserva de entradas a través de Whatsapp no número de teléfono 614 191 962, que xa se pode utilizar. Ao acabar a cea, haberá entrada libre para todo o que queira gozar dunha das noites con máis tradición de Viveiro.

**COMPOSTAXE.** Continúa activa a campaña 'Compostaxe Rural', coa que a veciñanza do municipio pode solicitar composteiros de maneira gratuíta. As persoas interesadas en obter un composteiro poden facelo a través do teléfono 697 162 637, o correo electrónico viveirosostible@fcc.es ou mediante o formulario en liña dispoñible na páxina web do Concello.

## O grupo municipal Por Viveiro pide que se arranxe o parque infantil da praza Jacinto Calvo

O grupo municipal de Por Viveiro vén de informar sobre as deficiencias do parque infantil praza Jacinto Calvo, polo que presentarán un rogo no vindeiro Pleno.

"O parque infantil da praza Jacinto Calvo, parte posterior da igrexa de San Francisco, leva un tempo baixo mínimos, con parte do equipamento fora de servizo ou literalmente desaparecido, como se pode ver na imaxe que se xunta. Feitos que dificultan e minimizan as posibilidades de uso e disfrute deste parque infantil", di o inde-

pendente Manuel Galdo Dopico. Así, pídenlle ao equipo de Goberno a realización das xestións necesarias para a o arranxo das devanditas deficiencias do parque infantil.

**CONCELLO.** Desde o Concello sinalan que comezaron as obras de renovación en parques infantís no parque da Atalaia, en Celeiro; no de Parquemar, e no parque infantil de Mahía. As actuacións terán un orzamento de 27.000 euros e o concello obtivo unha achega da Deputación de Lugo.

## O Concello fará melloras na Piscina Municipal e no campo de fútbol Marcos Gómez



O Goberno local está elaborando a documentación para a tramitación dos procedementos de contratación para a dotación e equipamento da sala de musculación/cardiovascular da Piscina Municipal e para a instalación de fontanería nos vestiarios do campo de fútbol Marcos Gómez.

A dotación e equipamento para as salas de musculación e cardiovascular na Piscina Municipal ten un importe de 55.336,69 euros.

Neste sentido, cómpre explicar que o ximnasio se vai dotar con novas máquinas de bíceps, tríceps, dorsais, ombreiros e abductores (unha de cada), ademais dunha máquina multiestación. Na sala de cardiovascular, vanse instalar unha nova elíptica, unha cinta e unha bicicleta de alta intensidade.

A instalación de fontanería nos vestiarios do campo de fútbol ten un importe de 18.848,16 euros.

## A vila converterase no punto de encontro para os quebracabezas

O vindeiro domingo 23 de febreiro, Viveiro converterase no punto de encontro para os afeccionados aos quebracabezas co III Concurso de Puzzles, organizado por Doctor Panush en colaboración coa Asociación Española de Puzzles (AE-Puzz).

O evento dará comezo ás 10.00 horas coa categoría por parellas (500 pezas). A continuación, ás 12.00 horas, será a quenda das categorías infantís: Infantil A (150

pezas), Infantil B (300 pezas) e a categoría individual (500 pezas). Xa pola tarde, terá lugar a competición por equipos, na que os participantes se enfrontarán ao reto de completar quebracabezas de 1000 pezas.

Haberá premios para as tres primeiras posicións de cada categoría. Os interesados poden obter máis información ou inscribirse a través do correo electrónico: hola@doctropanush.com.

## O PP critica a falta de orzamentos para 2025

O PP defende un proxecto "serio, planificado e realista" para Viveiro polo que bota en falta que o Concello dispoña de orzamento para esta anualidade 2025.

A voceira popular, Mariña Gueimunde, explica que "o Concello de Viveiro non dispón deste instrumento básico para a planificación da súa actividade económica neste 2025" cando "o orzamento debería estar aprobado xa para a súa entrada en vigor a 1 de xaneiro de 2025".

A popular afea que "o goberno municipal de PSOE e BNG non teñan explicado cales son os investimentos previsto para este 2025 no noso concello. Unha vez máis demostran falta de planificación para abordar as necesidades e executar proxectos en Viveiro", subliña.

Os populares esixirán no pleno deste mércores que o goberno local informe sobre a situación dos orzamentos para o 2025: "se empezaron a elaborar unha proposta, se hai algún

avance, canto teñen previsto presentalos, que investimentos recollen e cales están condicionados precisamente pola falta de orzamentos".

Gueimunde incide en que "o orzamento municipal é unha ferramenta básica para a xestión municipal, constitúe un marco xurídico e financeiro no que sustentar as actuacións económicas". Pero, "este goberno non se caracteriza, precisamente, pola planificación nin por axustarse ás partidas orzamentarias previamente establecidas por el mesmo". A popular lembra, neste sentido, os sucesivos recoñecementos extraxudiciais de créditos realizados no 2024 para pagar facturas do 2023.

Así mesmo, os populares inciden en que "as contas municipais do ano 2024 foron aprobadas en solitario polo equipo de goberno a principios do mes de xullo do mesmo ano coa abstención de XViveiro e do Partido Popular".

## Gran apoio veciñal ao Conservatorio de Música



A iniciativa promovida polo Conservatorio Profesional de Música de Viveiro para reclamar que a Xunta de Galicia asuma os seus gastos segue sumando apoios conseguiu 6.676 apoios de veciños. Dende finais de novembro, a recollida de sinaturas evidenciou a preocupación da cidadanía polo futuro do centro. O movemento continúa activo, á espera dunha resposta por parte da administración autonómica.

O Conservatorio de Viveiro é o máis grande dos 23 conservatorios municipais de Galicia e conta con 240 alumnos, o que o converte no centro con máis estudantes dentro da súa categoría, superando incluso a municipios de maior poboación.

Dende a organización da campaña subliñan que a súa reivindicación é lexítima e xusta: "Non pedimos nada máis que a Xunta asuma as súas competencias, xa que se trata dun ensino regrado e de ámbito autonómico. Non ten sentido que o Concello teña que cubrir todos os gastos". Pola súa parte, o concelleiro responsable do Conservatorio, Jesús Fernández, destacou a importancia desta mobilización cidadá: "A recollida de sinaturas demostra o moito que os veciños valoran este centro, que realiza un excelente traballo educativo". Ademais, quixo agradecer o apoio e implicación da asociación de adultos e das ANPA, fundamentais para a difusión da iniciativa.



# “Seguimos e seguiremos polos cans que nos quedan”

A Protectora Gadoupas desminte ao Concello pola súa suposta disolución

Dende a Tenencia de Alcaldía e a concellería de Medio Ambiente de Viveiro informaban da reorganización do servizo de xestión de cans abandonados. Sinalaban que realizaron esta acción, tras a notificación de disolución da Asociación Protectora de Animais Gadoupas. Porén, desde Gadoupas desminten esta afirmación da tenencia: “Non é certo. A verdade é que a protectora en ningún momento quixo cesar. Cando fixeron o convenio coa outra protectora tiñamos cinco cans e varios gatos. Conseguimos dar en adopción todos os gatos e dous cans. Agora mesmo seguimos e seguiremos en pé polos tres cans que temos ata que atopen un fogar”.

Elena García, presidenta de Gadoupas, transmite así o seu sentir e o dos voluntarios da asociación tras a información dada pola Tenencia de Alcaldía. Afirmar que no seu momento sempre lle pediron ao Concello ter unha nova protectora e instalacións á altura das esixencias: “Só tiñamos cinco canis moi pequenos e o volume de cans moitas veces era superior”. A presidenta de Gadoupas continúa explicando: “Supostamente o Concello estivo mirando de



tentar facer a protectora. No seu día, tivemos unha reunión coa alcaldesa e comentáronnos que había unhas parcelas municipais que igual servían. Porén, non valían, xa que para que o Concello pida a subvención ten que ter unha serie de características e non había supostamente ningún terreo así. Había que buscar unha solución e, ao final, a que buscou o Concello foi facer convenio con outra protectora porque tiñan que recoller tres cans”.

Nese momento, as instalacións coas que contaba Gadoupas eran do Concello que “pagaba o aluguer á Comunidade de Montes” e “dun momento a outro deixaron de pagalo e vímonos obrigados a buscarnos a vida”.

Así, afirma que tiveron a sorte de dar cunha finca, a través de contactos afíns, onde agora hai dous cans. Agora, valora o novo panorama e apunta: “A Lei de Benestar Animal recolle tanto aos cans como aos gatos e co novo convenio que teñen agora coa protectora Garatuxa, que só recolle cans, preguntámonos: que se vai facer cos gatos?”.

Desde Gadoupas queren deixar claro que non é certo que se disolveran e que quedan e quedarán polos animais que tiñan e teñen baixo a súa custodia: “Para nós eses cans e gatos eran a nosa familia e levabamos tempo cuidando deles polo que non iamos deixar que foran para calquera sitio que eles decidiran”.

## O Partido Popular solicita que se habiliten espazos para mascotas

Os concelleiros do PP de Viveiro solicitarán ao bipartito PSOE-BNG no vindeiro Pleno que habilite espazos para mascotas no municipio xa que se observa unha carencia de lugares habilitados especificamente para o recreo das mesmas, tanto no casco histórico como nos núcleos máis importantes.

A portavoz, Mariña Gueimunde, explica que “a área de Medio Ambiente que dirixe o BNG non habilitou espazos para que os donos dos animais poidan cumprir esas normas nin o Concello dispón de Policía Local que vixie o seu cumprimento. É cuestión de lóxica que primeiro se habiliten espazos”, incide. Ademais, “a creación de parques para cans nos tres núcleos urbanos do municipio era un dos puntos do acordo programático entre PSOE e XViveiro”.

A través desta iniciativa, os populares instan ao Concello a realizar un estudo técnico para identificar e avaliar os emprazamentos máis adecuados para habilitar espazos para mascotas no casco urbano e nos núcleos máis importantes do municipio.

## ‘In horto olivarum’ é a obra gañadora do Concurso de Composición de Marchas

O xurado do III concurso de composición de marchas procesionais ‘Blas García Liz’ decidiu, entre as catorce marchas presentadas nesta edición, que o gañador é José Manuel Barbosa Maciel, natural de Vila da Maia (Portugal) coa súa marcha ‘In horto olivarum’.

As obras procedían de once provincias españolas: Alacante, Castellón, Lugo, Madrid, Málaga, Murcia, Pontevedra, Tarragona, Toledo, Valencia e Zaragoza; e a gañadora de Portugal (O Porto).

O xurado, formado por David Rivas, Fernando Buide e David Fiúza, destaca “a gran calidade dos traballos presentados, así como o valor patrimonial da construción dunha nova identidade sonora creada por e para a Semana Santa viveirense”.

A marcha será presentada o sábado 5 de abril pola Banda de Música ‘O Landro’ de Viveiro, no marco da súa participación no ciclo Adral. “Este concurso da continuidade a unha tradición de Viveiro e serve



ademais para honrar a memoria de Blas García Liz”, asegura o concelleiro Jesús Fernández.

‘In horto olivarum’ é un notable traballo musical que destaca polo discurso do material fluído dentro dunha estrutura clásica e tradicional, cun estilo compositivo apropiado. A instrumentación empregada con criterios tímbricos interesantes e creativos, texturas equilibradas e acompañamentos dinámicos ao servizo da melodía.

## Por Viveiro rompe negociacións co PSOE e inicia conversas co PP

Os independentes de Por Viveiro destacaron que, logo de agardar unha semana para que o Partido Socialista de Viveiro fixera unha proposta de gobernación, a oferta recibida non foi tal, senón “unha versión reducida a case o 25 % do acordo de investidura”.

Logo de valorar internamente esta proposta, o pasado martes a mesma foi totalmente rexeitada polos independentes, que na mesma cita acordaron iniciar as conversas co PP de Viveiro co obxectivo de escoitar a oferta realizada fai uns meses para levar a cabo un cambio no goberno do Concello.

“En Por Viveiro queremos un Viveiro mellor, con presente e con futuro, polo que calquera acordo que se vaia levar adiante terá que ser en base a un programa de go-

verno, con inversións e garantía de cumprimento das mesmas”, declararon dende a formación independente.

Así mesmo, unha vez acordado cos representantes do PP, comunicaron que a primeira das reunións levarase a cabo o vindeiro mércores, día 12 de febreiro, no Hotel Las Sirenas.

Desde Por Viveiro anuncian a rotura total das negociacións co PSOE de Viveiro e o inicio das conversas co Partido Popular co obxectivo de chegar a un acordo que leve a un cambio necesario no goberno do Concello. Ademais, cualifican a proposta do Partido Socialista como irrisoria, froito dun goberno desgastado, sen liderado e cunha falta total de peso político.

## Presentada a programación de febreiro e marzo do Pastor Díaz

O Concello presentou a programación do Teatro Pastor Díaz para os meses de febreiro e marzo, e que xa comezou o propio día 1 de febreiro.

A primeira representación desta programación será ‘Ándale! Bon appétit!’ da compañía Ghazafellos Teatro, unha comedia dirixida a a un público infantil a partir de 6 anos.

As representacións continuarán con ‘Desexo’ de Talia Teatro o 8 de febreiro, ‘As Gardiás’ de Teatro de Ninguens o 15 de febreiro, ambas para público adulto.

En marzo será a quenda de ‘As formas do amor’ de Verdeveras o día 1, ‘A Cincenta que non quería comer

perdices’ de Sarabela Teatro o 8, ‘O mundo máxico de Pinocho’ de Educa Teatro o 15, e ‘Los hombres que no mienten’ de Teatro Andanzas o 22.

A concelleira de Cultura, Lara Fernández Fernández-Noriega, sinala que “xa celebrado o 100 aniversario do Teatro Pastor Díaz, este non amosa signo algún de esgotamento, cunha programación variada e chea de calidade”.

“O Pastor Díaz é un referente tanto en Viveiro como para o circuito artístico de toda Galicia, polo que convidamos á veciñanza a apoiar as representacións destes meses para que volvan ser todo un éxito”, engadiu.

### REMATEXPRESS

Liquidaciones Warehouse

LIQUIDACIONES

amazon  
TEMU  
AliExpress

## SHEIN

PAQUETES SORPRESA

**RÚA PLÁCIDO PEÑA, 30. 27800 VILALBA, LUGO**

645 347 848 - WWW.REMATEXPRESS.ES

## A veciñanza amosou a súa solidariedade cos refuxiados acollidos no municipio



A veciñanza de Burela asistiu a unha reunión informativa sobre o centro de acollida de refuxiados do municipio. Nela puideron aclarar dúbidas sobre o centro.

Esta charla contou coas intervencións do director da ONG Rescate, Carlos Echánove, da alcaldesa Carmela López, do coordinador do centro David Vivar e dos traballadores do mesmo Brahim Diarra e Abdoulay Camara.

A rexedora sinalou que “foi todo un éxito” e que o obxectivo da reunión era “aclarar calquera dúbida, ofrecer información veraz sobre o funcionamento do centro de refuxiados e contestar directamente as preguntas da cidadanía”. Así mesmo, o director da ONG Rescate, Carlos Echánove, sinalou que no centro aprenden español, a nosa cultura, oficios... “Queren traballar para ter unha nova oportunidade de vida e axudar ás súas

familias”, e engadiu que “a maioría proceden de Mali, un país afectado por un grave conflito bélico”. Tamén informaron que a ONG elixiu Burela fundamentalmente “porque existía un inmoble axeitado para este fin, que a ONG alquilou, como en outras comarcas galegas e do noso país nas que se están abrindo centros para axudar á comunidade canaria, agora mesmo saturada”. Ademais reciben 56€/mes para gastos persoais ademais de comida, aloxamento e formación.

Os veciños demostraron estar abertos a facilitar a integración, reflectindo o mellor da comunidade burelá e a alcaldesa concluíu sinalando que esta “é unha oportunidade para dialogar e promover unha convivencia baseada no respecto e na solidariedade, valores fundamentais”.

## O Concello burelés recibe fondos para proxectos de enerxía fotovoltaica

A Axencia Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) concedeu unha subvención de 16.230,46 euros ao Concello de Burela para o desenvolvemento de proxectos de enerxía fotovoltaica, segundo recolle o Diario Oficial de Galicia (DOG) do 16 de xaneiro.

Esta axuda, que forma parte das iniciativas da Xunta para fomentar o uso de enerxías renovables, permitirá ao municipio avanzar cara a unha maior sustentabilidade enerxética. Os fondos serán destinados á instalación de sistemas fotovoltaicos que contribúan á redución do consumo enerxético e ao aproveitamento de recursos renovables, beneficiando tanto ás



infraestruturas públicas como á cidadanía.

Con esta actuación, o Concello de Burela reafirma o seu compromiso co medio ambiente e a transición cara a fontes de enerxía máis limpas e sostibles.

## A paixón polo rock cobra forza

Yoni Insua é o presidente da asociación musical A Cova do Can, un colectivo que impulsa a cultura e o espírito rockeiro na comarca

Por Ana Somoza

A paixón pola música e a necesidade de crear un espazo para compartir esa afección foron os motores que levaron ao nacemento da Asociación Musical Cova do Can en Burela. O que comezou como unha conversación entre amigos converteuse nunha iniciativa que hoxe conta con dezaoito socios e socias. “Esta idea nace fai un ano nas típicas conversas de bar. Un grupo de persoas de Burela con intereses musicais polo Rock decidimos que nos apetecía tocar xuntas”, explican desde a asociación. Algúns xa estaban vencellados a bandas locais e querían recuperar esa paixón; outros, tocaban só na casa e buscaban compartir a experiencia en grupo. A solución era clara: xuntarse e gozar da música.

A motivación principal era “recuperar a paixón de tocar en grupo. Non é o mesmo tocar ou cantar só na casa que xuntarse con outras persoas nun local, sen maior compromiso que o de pasalo ben”.

**UN NOME SINGULAR.** O nome da asociación non foi casualidade. “Bautizar algo sempre é complicado”, recoñecen. Despois dunha “tormenta de ideas”, a inspiración veu dunha rúa histórica de Burela, a “rúa do can”. “Os cans son nobres, fieis e protectores, como a música rock. E como buscábamos un lugar onde refuxiarnos e tocar,



a idea de cova encaixou perfectamente”.

**O FUTURO.** O obxectivo principal da Cova do Can é sinxelo: “Pasalo ben. Tocar xuntos, sacar cancións e tocaras con certa regularidade”. Ademais, queren participar en eventos musicais e fomentar a música Rock na contorna mediante iniciativas como un podcast ou actividades nos colexios e institutos. Este ano, a asociación fará a súa primeira aparición musical na zona e colaborará co IES María Sarmiento de Viveiro nun curso sobre ensinanza de linguas a partir da música. Ademais, estudan organizar un evento especial dedicado ao rock no verán.

Desde a súa creación, a Cova do Can conta cun local cedido polo

Concello de Burela, que apoia a iniciativa. “Desde que presentamos a idea, fixeron o posible por cedernos un local”, afirman. Con todo, recoñecen que o espazo ten limitacións: “Lemos que se van rehabilitar antigas edificacións para crear locais para asociacións, e seguiremos o proceso moi de preto para solicitar un cambio”.

A asociación invita a todas as persoas interesadas a unirse, ben sexa como socio musical (para tocar ou cantar) ou como socio colaborador (para apoiar as actividades). “Temos redes sociais e unha páxina web onde poden seguirnos e asociarse”, explican.

A Cova do Can soña con que a súa iniciativa axude a revivir a escena musical local. “O rock nunca deixou nin deixará de existir”, conclúen.

## O Goberno local rematou varias obras na Casa da Cultura

O Concello rematou varias obras na Casa da Cultura. En concreto, “solucionamos os problemas de goteiras e filtracións na cúpula do auditorio, cunha actuación de impermeabilización e cambio de canlóns, e fixemos outros traballos nas terrazas e a fachada do edificio”, explica Ramiro Fernández, concelleiro de Obras.

“Tamén melloramos os accesos á biblioteca e á Casa da Cultura, pensando nos veciños e veciñas con problemas de mobilidade, e instalamos unha pantalla que informa dos eventos no concello”, engade. O investimento nas obras superou os 67.000 euros.

Ademais, pronto realizarase outra actuación de maior envergadura, uns 150.000 euros para illamento

térmico, calefacción e outros aspectos de eficiencia enerxética que necesita o inmoble. Para esta obra, o concello obtivo unha subvención con fondos europeos.

Lina Gómez, concelleira de Cultura, si que “un auditorio en mellores condicións non só beneficia a actividade cultural, senón tamén á economía local, atraendo así artistas, compañías e público que apostan polo noso concello como punto de referencia cultural. Seguiremos tendo en conta as necesidades da veciñanza como coa a ampliación de horario da biblioteca no Nadal, ou a futura renovación integral desta”, remata a concelleira de Cultura.

**OUTROS PROXECTOS.** O Concello

continúa avanzando na modernización das súas infraestruturas básicas coa mellora da rede de abastecemento e saneamento en varios puntos da vila. Recentemente, os traballos centráronse no barrio de Vila do Medio, onde se detectou un problema na tubaxe de formigón, acompañado dunha fuga de auga. Grazas a esta intervención, logrouse solucionar a avaría e mellorar o sistema de saneamento, cun investimento total de 26.000 euros.

Ademais, dentro deste plan de mellora, xa están adxudicadas as obras na rúa Camiño Real, que contarán cun orzamento próximo aos 32.000 euros. Estas actuacións permitirán renovar instalacións obsoletas e garantir un servizo máis eficiente e sustentable para os veciños.

# Ampliada a Zona de Estacionamento de Residentes

O Concello ampliou a 'Zona de Estacionamento de Residentes O Mariñeiro', un proxecto que nace coa finalidade de solucionar un problema de tráfico na zona, garantindo un uso máis ordenado do espazo público. Este novo paso dáse tras analizar as peticións e suxestións da veciñanza, así como despois de avaliar a implantación inicial na rúa Monte Castelo, que serviu como fase piloto.

A 'Zona de Estacionamento de Residentes O Mariñeiro' busca priorizar o acceso ao estacionamento para as persoas empadroadas nesta área fronte a vehículos doutros usuarios que non teñen residencia na zona. Cun custe de 6,92 euros pola tramitación do expediente administrativo, as persoas residentes poden obter a autorización necesaria para aparcarse nas prazas habilitadas, identificadas como parte da zona de estacionamento de residentes, sempre que estas estean dispoñibles no momento de aparcarse.

A zona de residentes está sinalizada coa cor verde e, segundo o decreto aprobado, inclúe aos veciños e ve-



ciñas empadroadas nas rúas Monte Castelo na súa totalidade; praza do Mariñeiro; rúa do Mariñeiro, entre as rúas Monte Castelo e Eijo Garay, comprendendo desde o número 1 ata o número 5, ambos incluídos; rúa Eijo Garay, entre as rúas O Mariñeiro e Rosalía de Castro, comprendendo do número 3 ao número 13, ambos incluídos, na marxe esquerda e entre os números 8 e 12, ambos incluídos, na marxe dereita.

En determinados tramos destas rúas, conviven as zonas de estacionamento sinalizadas en verde coa dispoñibilidade de prazas de estacio-

namento normal. Esta medida busca facilitar o aparcamento para persoas non residentes e dar soporte aos comercios locais, permitindo un acceso máis cómodo e dinámico á zona comercial. Ademais, o Concello está a estudar cambios nas áreas de carga e descarga para mellorar as condicións de traballo e loxística da zona.

Segundo o Concello estas zonas "priorizan o estacionamento para veciños empadroados na zona, reduce a presión de vehículos alleos, especialmente en áreas con alta demanda e facilita a convivencia e o acceso ordenado ao espazo público".

## O PP critica a falta de transparencia e a actitude da alcaldesa no último Pleno



O portavoz do PP de Burela, Manuel Rouco, criticou duramente á alcaldesa, María López Moreno, durante o último Pleno, sinalando a súa falta de transparencia, regulamentación específica e respecto aos informes dos técnicos municipais. Segundo Rouco, estas son as liñas mestras da política que a rexedora está a desenvolver durante o seu mandato.

Rouco destacou que, dende o inicio do mandato, o Partido Popular vén denunciando que o portal de transparencia do Concello non se actualiza, deixando aos veciños sen acceso ás actas das xuntas de goberno e dos plenos, impedindo así que poidan coñecer as decisións que se toman no municipio. Este tema foi tamén abordado durante o último pleno, onde, segundo Rouco, a falta de transparencia quedou de manifesto.

En canto á regulamentación do teletraballo no Concello, o portavoz popular insistiu en que a alcaldesa amosou unha postura autoritaria. Rouco explicou que o Grupo Municipal Popular propuxo unha norma para evitar tratos diferenciados entre os traballadores, pero a alcaldesa

rexeitou a proposta, argumentando que ela mesma decide quen pode teletraballar, debido á súa responsabilidade sobre os recursos humanos do Concello. O PP subliñou que a súa proposta tamén pretendía que os veciños puidesen saber os días e horarios en que podían dirixirse a determinadas áreas do Concello para realizar as súas consultas.

Ademais, Rouco lamentou a actitude da alcaldesa ao non admitir a crítica dos técnicos municipais, a quen supostamente respecta. Isto, tras a súa decisión de levantar os reparos incluídos no informe de Intervención de finais de 2024, que facía referencia ao pagamento de facturas por un total de máis de 170.000 euros. Segundo o PP, esta acción contradí aos técnicos, que mostraban reservas sobre o procedemento.

Rouco finalizou a súa intervención acusando a López Moreno de non ser capaz de admitir as críticas á súa xestión, o que, segundo o popular, "demostra a súa falta de vontade de mellorar a xestión do Concello e a súa actitude autoritaria diante das suxestións e dos informes técnicos".

## Burela reforzará o seu dique de abrigo cun investimento de 1,8 millóns de euros

Portos de Galicia, investirá 1,8 millóns de euros nas obras de reforzo e adaptación ao cambio climático do dique de abrigo do porto de Burela. As obras consisten no aporte de 160 bloques de formigón de 3 metros de lado e 56 toneladas de peso nas zonas nas que se teñen producido desprendementos ou o dique perdeu estrutura por acción do mar e as adversidades climatolóxicas. Os

traballos poderán estar rematados a finais de 2026.

A metade dos bloques poderán ser colocados desde terra e para a outra metade será necesaria unha pontona que permita instalalos desde o mar. Para iso empregárase unha grúa de máis de 500 toneladas e unha pontona para mínimo 1.000 toneladas). A colaboración dos bloques está calculada de xeito que

afronte os rebases de onda pese ao incremento esperable do nivel do mar debido ao cambio climático, no horizonte 2100.

A actuación mellorará as condicións de traballo dos profesionais que operan nun porto con preto dun centenar de embarcacións censadas, que se sitúa entre os primeiros peiraos de titularidade autonómica en descarga de peixe fresco.

**AGENDA CULTURAL DE GALICIA**

Conciertos  
Ferias ■ Festivales  
Fiestas ■ Infantil  
Humor ■ Gastronomía  
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

**OCIO EN GALICIA**  
www.ocioengalicia.com

## Remourelle prepárase para a XII Ruta Cabalar que será o 3 de maio

O vindeiro sábado 3 de maio, a parroquia de Remourelle acollerá a XII Ruta Cabalar, unha cita ineludible para os amantes do mundo ecuestre e da festa. O evento comezará ás 10.00 horas cunha espectacular ruta a cabalo que percorrerá fermosos paraxes da contorna.

Ademais da ruta, os asistentes poderán gozar dunha xornada chea de actividades, como pinchos, unha gran comida, sorteos, música e animación. Para os máis pequenos haberá colchonetas e fútbolín, garantindo diversión para toda a familia.

A organización continúa pechando detalles e informará proximamente sobre o programa definitivo. Mentres tanto, animan a todos os interesados a reservar a data e confirmar a súa asistencia nos teléfonos de contacto: Ana (659 629 457), Nuria (676 770 918) e Antía (636 864 132).

## A mostra 'Que no te atrapen' visitará os centros de ensino

As concelleiras de Benestar Social, Cultura e Educación, Elena Sierra e Begoña Sanjurjo, presentaron Que no te atrapen, unha actividade organizada desde o Programa de Prevención de Adicións en colaboración co CIM. Está situada no colexio Sagrado Corazón, onde permanecerá durante dúas semanas.

Ambas explicaron que “se trata dunha exposición itinerante que percorrerá os centros de ensino que teñen alumnado de ESO. Son 14 roll ups con contidos sobre as pantallas e a saúde física e mental, as redes sociais, xogos de azar, etc. Acompáñase cun caderniño para cada alumno, no que se tratan máis profundamente os temas antes mencionados, de maneira clara e sinxela, con consellos e exercicios”.

E indicaron que “esta mostra ten como finalidade apoiar os coñecementos adquiridos polo alumnado nos obradoiros organizados polo CIM e desenvolvidos o pasado mes de novembro (Conectados da Asociación Aliad Utería e Obradoiro de Ciberseguridade impartido por M<sup>a</sup> José Garrido)”.

As autoras deste programa son as doutoras en psicoloxía e expertas en adicións comportamentais Dominica Díez e Nuria Aragay.

## A Asociación de Irmandade Ribadeo-Loktudi prepara a súa viaxe a esa vila da Bretaña



A Asociación de Irmandade Ribadeo-Loktudi ven de reunirse para preparar a súa viaxe a esa vila da Bretaña francesa desde o día 1 ao 9 de xullo. A viaxe de ida será os días 1 e 2, con parada para durmir en hotel, e visitas ás localidades de Mutriku, Castets e La Roche-Bernard. A estancia en Loktudi comprenderá os días 2, 3, 4, 5 e 7. Os días 8 e 9, corresponderán á viaxe de volta, con parada para durmir e visitas ás localidades de La Rochelle, Hondarribia e Santillana del Mar.

Durante o seu tempo en Loktudi aluxaranse nas casas das súas familias de acollida, e desfrutarán das diversas actividades que lles están preparando a súa asociación, con visitas a localidades e puntos de interese próximos, aos que se unirá este ano a visita á Côte de Granit Rose.

Invitan a todas as persoas interesadas en recibir información a contactar coa asociación, chamando ao teléfono 629 47 52 99 ou enviando un correo electrónico a irmandade.ribadeo@gmail.com

## Vaise modernizar o CIFP Porta da Auga con 125.000 euros



O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Román Rodríguez, presentou as novas obras de mellora no Centro Integrado de FP Porta da Auga, que se executarán no verán. A obra está xa licitada e presentaron oferta dúas empresas.

Rodríguez destacou que a principal actuación desta folia de ruta de modernización dos centros educativos no concello mariñán foi a rehabilitación integral do Colexio CEIP Gregorio Sanz, que se completará coa reforma do peche. No caso do CIFP Porta da Auga, acometeuse a mellora da accesibilidade a través da instalación do ascensor, á que agora se engaden as actuacións na cuberta e na antiga vivenda do conserxe, que terán un investimento de máis de 125.000 euros. En concreto, mudarase a cuberta do taller de automoción,

colocando unha nova de panel sándwich de aceiro galvanizado con recheo intermedio de espuma de poliuretano. Substituirase, ademais, o canlón pechado existente por un de similares características e instalaranse lucernarios na zona de taller.

A maiores, reformarase a actual vivenda do conserxe, co obxectivo de crear novas dependencias dedicadas a despacho, departamentos ou seminarios. Crearanse cinco novos locais na planta baixa do edificio principal, aos que se accederá mediante un corredor central que dará continuidade ao corredor existente, un cuarto de instalacións e unha zona de almacenamento conectada co exterior e coa cafetería. Así mesmo, adecuarase a carpintería metálica exterior da vivenda á estética do resto do edificio.

## O IES de Ribadeo acolle unha mostra sobre música en galego

O IES de Ribadeo Dionisio Gamallo acollerá a Mostra Galegoza sobre música en galego ata o 20 de febreiro. Esta iniciativa, impulsada pola Deputación de Lugo, ten como obxectivo dar a coñecer ao público máis novo a ampla oferta musical existente na nosa lingua. A exposición ofrecerá un percorrido histórico pola música en galego, desde os anos sesenta ata a actualidade. A mostra inclúe información sobre as bandas e solistas máis representativos de diferentes estilos musicais,

desde a revisión de ritmos tradicionais ata o pop, rock, canción de autor, experimentación, electrónica, músicas urbanas, hip hop ou rap. Ademais, incorpora códigos QR con acceso directo a listas de reprodución elaboradas para o proxecto, permitindo aos visitantes escoitar os temas seleccionados.

Esta actividade está organizada polo departamento de Música, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) e a Vicedirección do centro.

## A peregrinación O Camiño do Mar Concello a Concello partirá de Ribadeo o 2 de marzo

A asociación Amigos del Camino del Mar Peregrinación a Santiago de Compostela impulsa unha nova edición da peregrinación O Camiño do Mar Concello a Concello, que partirá de Ribadeo o vindeiro 2 de marzo. A iniciativa, que busca seguir potenciando e consolidando esta ruta histórica, percorrerá 277 quilómetros divididos en 13 etapas duns 22 quilómetros cada unha, ata chegar a Santiago de Compostela o 24 de maio.

O presidente da asociación organizadora, Manuel Vicente, subliñou a importancia desta acción para a promoción do Camiño do Mar como alternativa de peregrinación: “O obxectivo segue sendo dar a coñecer e divulgar esta

antiga vía de peregrinación que atravesará múltiples concellos da costa galega. Conectar Ribadeo con Neda e enlazar co Camiño Inglés permite recuperar unha ruta con gran valor histórico e patrimonial”.

Os participantes recibirán a credencial oficial do Camiño de Santiago, que irán selando en cada concello polo que pasen, co obxectivo de obter a Compostela ao finalizar a peregrinación. Ademais, durante cada etapa ofreceranse explicacións sobre a historia e o valor cultural deste camiño xacobeo pouco coñecido pero de gran riqueza paisaxística.

A inscrición pódese realizar a través da web da asociación.

## O BNG denuncia atrasos na reforma do Hospital Asilo e incerteza na súa xestión

Dende o BNG de Ribadeo veñen de advertir de que as obras de reforma do Hospital Asilo van con atraso. Así, “a 15 de decembro, o grado de cumprimento era tan só dun 45 %, polo que pensar que van rematar esta reforma nos prazos previstos, para finais de marzo do 2025, non ten moito sentido”.

“Como van ser quen de facer en catro meses tanto como o que lles levou case ano e medio?”, din os nacionalistas ao que engaden, “Ademais, a escasos tres meses para cumprirse o prazo de execu-

ción, nada se sabe do sistema de xestión previsto”:

Desde o BNG din que “namentres, as familias das persoas desprazadas a outras residencias ven como se esgotan os prazos de execución e os usuarios e usuarias do Hospital Asilo contemplan o paso do tempo con máis desesperación polas promesas incumplidas de Daniel Vega. Cada vez quédalles máis lonxe volver á que foi a súa casa durante moitos anos. E todo pola incompetencia dun individuo cada vez máis prepotente e máis incontrolado no gasto”.

## Ribadeo amplía a súa aposta pola inversión en estradas para 2025

Ribadeo investirá 690.000 euros neste 2025 no arranxo de estradas a través do Plan Avanza Rural, segundo anunciou o alcalde, Dani Vega.

O rexedor sinalou que “Ribadeo planifica unha inversión de 690.000 euros para seguir mellorando as nosas estradas. Seguimos xestionando orzamento, é fundamental para seguir avanzando, para seguir apostando por ese Plan Avanza Rural ambicioso, que ten o obxectivo, evidentemente, de mellorar as infraestruturas e vamos actuar en Arante, en Vilamariz, en Vilela, As Anzas, tamén en Santalla, Couxela, Remourelle. Actuaremos en Piñeira, Vilafamil, Vilaselán e tamén vamos iniciar inversións en Ove, en A Devesa, en A Rochela e tamén na recuperación das rúas de Rinlo”.

Vega dixo: “unha estratexia que comezou no 2024, actuamos en moitas infraestruturas que estaban mal, poñemos como exemplo en Ove, Remourelle, na estrada da Costa, na de Santalla, en Lourido. Aí tamén foron uns 680.000 euros e agora vamos incrementar a 690.000 euros. Dentro da colaboración que estamos tendo con todas as administracións, o Plan Único da Deputación e tamén coa Xunta de Galicia cos diversos plans que nos presenta a través do Agader. Eses 690.000 euros son un avance moi importante nas estradas, nas vías de comunicación, somos conscientes de que hai que facer moitísimo mais, moitísimo mais traballo, pero pouquiño a pouco iremos actuando”.

E subliñou: “evidentemente, temos



que ser conscientes, saber que hai estradas que están en moi mal estado e iso lévanos a ser moi exixentes co orzamento, xestionar moito na Xunta de Galicia e instar á Deputación a que siga investindo”.

**LAVADOIRO.** Concello investiu máis de 10.000 euros na renovación do lavadoiro de Rinlo. O alcalde, Dani Vega, incidiu: “Dende a asociación O Cantal trasladáronos que era importante renovar este lavadoiro. Neste caso estamos a falar dun espazo que estaba realmente abandonado e quixemos poñelo en valor, desde un punto de vista do noso patrimonio”. O rexedor explicou as accións realizadas: “No lavadoiro renovamos por completo a cuberta, tamén as columnas, a recuperación de todo o pilastre. Isto supón unha inversión importante, unha inversión para arranxar nestes momentos moito patrimonio que está abandonado, pero despois temos que ser conscientes de que debemos conservar, coidar, para non ter

que mal gastar o diñeiro”.

**MIRADOIROS.** Ribadeo incorpora dous novos miradoiros nas Aceas, que permiten apreciar a beleza da ría. O alcalde destacou a importancia de manter espazos naturais como a Illa Pancha e as Aceas e subliñou tamén a necesidade de construír e conservar, transformando zonas abandonadas en miradoiros que poñan en valor a ría e a súa contorna. Vega destacou tamén que o traballo non se limita a crear novas infraestruturas, senón que é crucial manter e conservar os espazos naturais. Explicou que a eliminación de especies invasoras, como os eucaliptos, forma parte dun proxecto máis amplo para recuperar a contorna da ría. Ademais, indicou que os miradoiros nas Aceas son un exemplo de como transformar espazos abandonados e cheos de maleza en lugares accesibles e útiles, onde a comunidade pode desfrutar da beleza natural e contribuír á súa posta en valor e preservación.

## A Gala do Entroido será o 22 de febreiro no Teatro



A concelleira de Comercio e Turismo, Marta Saiz, explica que “estamos a traballar no programa do Entroido 2025, que presentaremos nuns días. Pero xa podemos adiantar que a Gala será o 22 de febreiro no Teatro. Lluvia de estrelas é a temática elixida para esta cita na que queremos animar a participar a todas as veciñas e veciños de Ribadeo que así o desexen”.

Saiz lembra que “na Gala do ano pasado prepararon actuacións diferentes asociacións, grupos moi vinculados ao Entroido e charngas de Ribadeo. Neste 2025 queremos animalos a todos a participar de novo e tamén ás veciñas e veciños de Ribadeo, que a título individual ou en grupo, se queiran sumar á grande Gala que terá lugar o vindeiro 22 de febreiro. O único que teñen que facer é poñerse en contacto con nós para anotarse”. A edil ribadense agarda que “sexan moitos os ribadenses que compartan con nós a Gala Lluvia de estrelas. Chega o momento de darlle renda solta a eses artistas que todas e todos levamos dentro”.

**GRAN CEA DE COCIDO.** A Comisión de Festas de Ribadeo anunciou un evento especial para celebrar o Antroido: unha Gran Cea de Cocido acompañada de música en directo e moita diversión.

A cita será o luns 3 de marzo na carpa situada no Parque de San Francisco, cunha cea que dará comezo ás 22.00 horas. A carpa estará aberta dende as 20.30 para que os asistentes poidan ir quentando motores. O menú contará cun cocido completo servido por Cátering Sarredo, e a festa continuará tras a cea coas actuacións do Grupo D’Cano e The Sound Project, garantindo unha noite chea de ambiente festivo.

As entradas, cun prezo de 30€, xa están á venda en Galipizza Ribadeo, Restaurante Marinero, O Xardín Café, Bar Nevada, O Furrancho No Camiño e Cafetería Hucar en Barreiros. Ademais, a organización habilitou o número 632 113 059 (só dispoñible en WhatsApp) para xestionar reservas e facilitar a colocación de grupos grandes nas mesas.

## Teatro, danza ou música estarán na axenda cultural de febreiro e marzo

O Concello de Ribadeo vén de facer pública a súa Axenda Cultural para os meses de febreiro e marzo, cunha programación variada que inclúe teatro, música, literatura e actividades para todos os públicos.

En febreiro, a programación que xa comezou, seguirá o día 12 coa actividade “O Concello cos Coles”, con Pamela Palenciano. O 16 de febreiro, ás 17:00 horas, no Auditorio Municipal terá lugar o Ciclo Galeirando, coa actuación de Neuma & Special Guests. O día 18, ás 18:00 horas, haberá unha sesión de contacontos titulada “Do tal palo tal astilla”. O día 26, ás 17:00 horas, no Auditorio Municipal, representarase a obra infantil “Kyoki”, da compañía Elefante Elegante. O 22 de febreiro terá lugar



a celebración do Día de Rosalía de Castro, con xantar e o Concerto de Caldo de Gloria. Durante todo o mes, poderá visitarse no punto de información turística a exposición de ilustración e pintura de ESBA.

No mes de marzo, a programación inclúe as festas de Entroido, que comezan o día 7, ás 20:30 horas, cunha actuación do Grupo de Teatro Xuvenil e a queima do Entroido. O día 8 celebrarase o Día Internacional da Muller. O día 15, ás 18:00 horas, no Auditorio Municipal, terá lugar o espectáculo infantil “De Simba a Kiara: Tributo ao Rei León”. O día 22, ás 20:00 horas, dentro do Ciclo Galeirando, actuarán Kronopia + Artista Convidado no Auditorio Municipal. A programación pecharase o día 23, ás 20:00 horas, cunha representación da compañía Galeatro.

Esta ampla oferta cultural consolida a Ribadeo como un referente cultural na Mariña lucense, cunha programación diversa para todos os públicos.

## O Concello cede un local á Asociación Contra o Cancro

A Asociación de Loita Contra o Cancro de Ribadeo contará cun local para o desenvolvemento do seu traballo. Trátase dun baixo que lle cede o Concello e que rehabilitará a Consellería de Sanidade. O rexedor contou que “hoxe recibimos ao presidente da Asociación de Loita contra o Cancro, unha asociación de ámbito nacional, con presenza tanto en Lugo provincia como na nosa localidade, en Ribadeo”.

Vega destacou “a gran labor que fai a asociación aquí en Ribadeo, unha labor continua, unha labor empeñada en loitar contra esta enfermidade, contra o cancro. Desde que chegamos ao goberno colaboramos sistematicamente con elas e agora propuxémoslles que tiveran un local

e por iso lles vamos ceder un baixo que temos na Avenida de Asturias. A Consellería de Sanidade será a encargada de realizar a súa mellora e a partires de aí van desenvolver toda unha actividade nese local”.

O alcalde engadiu: “e tamén haberá atención para esas persoas que teñen a enfermidade do cancro. Vai haber unha atención a todas esas persoas. E coordinaranse entre a asociación provincial e a asociación local. Por iso, moitas grazas. Un gran paso demos hoxe cedéndolles ese local para que fagan a súa actividade. E iremos colaborando naquelas propostas que nosoutros entendemos que son necesarias para loitar contra o cancro”.

## O BNG reclama con urxencia solucións ao problema no servizo de telefonía en Senra



Os concelleiros do BNG, Diego Fernández e Zulema Murado, esixen ao equipo de Goberno que actúe con urxencia para resolver o problema de falta de cobertura móbil que está a afectar os veciños de Senra. Segundo denuncian, levan tempo sen servizo de telefonía móbil, o que está a deixar a unha parte da poboación sen acceso a un servizo esencial.

Para o BNG, esta situación evidencia unha carencia de planificación e unha falta de capacidade de xestión por parte do goberno municipal, que non foi quen de actuar diante dun problema que afecta directamente ao benestar e á calidade de vida da cidadanía. “O goberno local non pode seguir ignorando esta situación. Os veciños da Senra necesitan unha resposta inmediata. É urxente que se tomen as medidas necesarias para restablecer a cobertura móbil canto antes. Non é comprensible que no século XXI sigamos a ter problemas deste tipo sen que o Concello faga algo ao respecto”, destacaron os nacionalistas.

**POLÍTICA DE GASTO.** Tamén manifestaron a súa preocupación e desacordo polo “malgasto de cartos públicos que está a levar a cabo o goberno municipal do Partido Popular”. “En 2024, o Executivo local gastou máis de 50.000 euros en alugueiro de carpas para actos e eventos festivos, unha cifra escandalosa que, debería dirixirse ás verdadeiras necesidades dos veciños e veciñas de Cervo, como a mellora dos servizos públicos ou o investimento en infraestruturas”, di o voceiro nacionalista, Diego Fernández.

“A xestión destes cartos, resulta aínda máis alarmante se se ten en conta que o PP pechou recentemente o Grupo Municipal de Emerxencias, formado por 12 profesionais de alta cualificación, cuxo traballo foi vital para a seguridade e o benestar de todos os habitantes do concello”, engade, “este recorte, sen xustificación algunha, demostra claramente cales son as verdadeiras prioridades deste goberno municipal: o gasto en festas e eventos”.

## Cervo revalida os seus tres sendeiros azuis

A Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor (Adeac) comunicou que Cervo revalida os seus tres sendeiros azuis: o Sendeiro Azul O Torno, o Sendeiro Azul Cubelas-O Rego e o Sendeiro Azul Río de Lavar-Muíño do Medio. Estes sendeiros destacan pola súa beleza natural, a súa accesibilidade e o seu coidado mantemento, converténdose nunha das referencias do municipio no ámbito do turismo sostible e o respecto polo medio ambiente.

Deste xeito, Cervo suma case 5 quilómetros de sendeiros azuis que potencian o valor natural e paisaxístico do noso municipio,

situándoo como o único concello da provincia de Lugo con tres distintivos destas características. Este recoñecemento non só reflicte o compromiso do Concello coa conservación do medio natural, senón que tamén posiciona a Cervo como un destino turístico destacado para os amantes da natureza, o senderismo e a interpretación ambiental.

A concesión destas insignias recoñece o labor de recuperación, mellora e posta en valor de sendeiros e itinerarios a nivel nacional, transformándoos en recursos únicos para a interpretación ambiental e o disfrute da natureza.

## O Goberno local inicia as obras de saneamento en Castelo

Comezan estes días as obras de saneamento na parroquia de Castelo, no Concello de Cervo, que afectan en concreto ao lugar da Chousa de Motín, e que supoñen un investimento de máis de 100.000 euros -108.724,48 euros concretamente-, segundo trasladan desde o goberno municipal.

A alcaldesa, Dolores García Caramés, e a edil de Obras, Mali Méndez, achegáronse ata o lugar para ver in situ os traballos, que tal e como recordou a rexedora “están sufragados integramente con fondos municipais do remanente de tesourería”. A alcaldesa explicou: “O proxecto contempla a creación dunha nova rede de sumidoiros de augas residuais en tubos de PVC entre pozos de rexistro e renovarase as acometidas domiciliarias, e tamén se renovará a pavimentación dos tramos de calzada afectados, mellorando tamén as condicións de accesibilidade da zona. O remanente



de tesourería que fomos sumando bríndanos agora a oportunidade -afondou- de seguir investindo en proxectos que beneficiarán a todos, “neste caso centrados na mellora das infraestruturas deste núcleo do noso rural”.

Trátase dun paso máis -engadiu- para seguir na procura do obxectivo de garantir o acceso dos servizos básicos de calidade para todos, independentemen-

te do lugar no que se viva; e é que son obras que non só melloran a saúde pública senón que tamén contribúen á protección do medio ambiente. Considérase a rexedora que este tipo de actuacións ás veces pasan desapercibidas, non se ven, pero implican unha inversión pública moi importante que redundará na mellora da calidade de vida da veciñanza e no desenvolvemento das nosas zonas rurais.

## Profesorado cervense viaxou co proxecto ‘Cada gota cuenta’

O proxecto ‘Cada gota cuenta’ do CEIP de Cervo continuou coa súa andaina e dúas mestras participan na primeira mobilidade de profesorado. Enmárcase no programa de Agrupacións de Centros Educativos do Ministerio de Educación, co obxectivo de mellorar a práctica docente e sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia do uso responsable da auga. As dúas docentes realizan un enriquecedor intercambio de experiencias no CEP Antonio de Ulloa de Cartagena, en Murcia. Ao longo de tres intensas xornadas, o profesorado adquire formación sobre distintos aspectos clave, como un proxecto de investigación sobre a ansiedade infantil ante as matemáticas, obradoiros de linguaxe de signos (LSE), talleres de estimulación fonolóxica para infantil e introdución ao pensamento computacional a través de actividades de robótica. As actividades, ademais de mellorar as competencias docentes, tamén teñen como fin a sensibilización



sobre a sustentación e o uso responsable da auga.

O proxecto ‘Cada gota cuenta’ non se limita só ao CEIP de Cervo e ao CEP Antonio de Ulloa, senón que tamén conta coa participación de centros educativos de diferentes localidades como o CRA Lena (Asturias), CEIP Tagoror (Gran Canaria) e o CEIP Pintor Sorolla de Elda (Alicante).

O proxecto chegará ao seu fin cunha convivencia en maio de 2026 nos Pirineos, onde os estudantes compartirán as súas ex-

periencias e reforzarán os seus coñecementos sobre o desenvolvemento sostible, en liña cos ODS da axenda 2030. O lema do proxecto, ‘Cada gota cuenta’, reflicte a convicción de que cada pequena acción individual contribúe á protección do noso planeta. Supón así un exemplo de como a colaboración educativa e a acción responsable poden ter un impacto positivo na sociedade, implicando a toda a comunidade escolar na mellora do entorno e no respecto polo medio ambiente.

# A gran familia da A.C Airiños do Xunco celebra 50 anos este 2025

Por Amanda Fernández

Coñecemos máis da Asociación Cultural Airiños do Xunco de Cervo dan man do seu presidente, Rafael Blas e a súa filla Raquel Blas, cantareira e profesora.

## Cando se creou, por quen e que vos inspirou a crear a Asociación Cultural Airiños do Xunco?

A.C. Airiños do Xunco fundouse como tal no ano 1975, pero, xa existía antes un grupo de gaiteiros e bailadores, aos que lles gustaba moito a festa. Foron os que a crearon, no seu momento, pola necesidade de formalizar o grupo e expandir a tradición galega.

## Cales foron os maiores retos que tivestes que afrontar nos primeiros pasos?

Os maiores retos aos que se enfrontaron foron a elaboración dos estatutos para poñer en funcionamento a asociación e logo a busca de profesores para que comezaran a dar clase de gaita, baile, pandeireta...

## De onde lle vén o nome?

O nome creouse polo río que pasa por Cervo, o Río Xunco, e saíu dun día que estaban varios amigos nunha terraza ao carón deste, facía un pouco de aire e un deles, Villarino Leivas, máis coñecido como Pepiño do Cura, dixo "temos que poñerlle Airiños do Xunco á asociación" e dende

ese momento. Tamén nesa época a maioría das asociacións comezaban por "Airiños de..." polo que foi sinxela a decisión.

## Que actividades realizades na asociación?

As principais actividades que realizamos na asociación actualmente son as clases de baile, canto e pandeireta, tanto para adultos como para nenos e nenas. Tamén a tradicional Queimada Popular de Cervo, declarada de Interés Turístico Galego, a celebración das Letras Galegas, os carnavais, a Cabalgata de Reis ou a Exaltación da Carne de Porco. Así, comezamos xunto con outra asociación do Concello, Cabaleiros da Bidueira, a levar a coñecida Festa do Ovo de Cervo. A actividade máis nova que temos foi a primeira Mostra de Cantareiras/os. Antigamente tamén se facía nos carnavais os Play-blacks e un Festival Internacional de Baile Rexional.

## Canta xente forma parte desta asociación?

Non poderíamos dicir un número exacto de xente que forma parte xa que, por exemplo, a xente que participa na Queimada Popular, e non baila nin toca a pandeireta, tamén consideramos que forma parte de Airiños do Xunco. Pero, entre o profesorado, alumnado e directiva estaremos preto das 50 persoas, a parte dos socios que

forman parte deste proxecto.

## Que próximos eventos ides realizar?

Este ano, Airiños do Xunco celebra o seu 50 aniversario, nada máis e nada menos, polo que, é un ano especial para nós. Estamos pensando varias actividades conmemorando o aniversario para que tanto a xente que está actualmente formando parte como a que nalgún momento estivo, poida desfrutar e celebrar. O que si, podemos avanzar, que pecharemos o ano por todo o alto.

## De que maneira pensades que as actividades da asociación contribúen coa veciñanza deste Concello de Cervo a nivel cultural?

Creemos que contribúe nun alto nivel culturalmente á veciñanza, tanto á máis implicada coas nosas actividades ou do resto das asociacións. Estamos promovendo a cultura tradicional galega, moi importante actualmente, para que esta non morra e siga avanzando de xeración en xeración.

## Tedes un grupo infantil, hai futuro na música e baile tradicional no municipio?

Calquera momento é bo para expandir a cultura tradicional galega e avance de xeración en xeración como dixemos ante-



riormente. Dende outubro comezamos de novo a ter un grupo infantil, As Milicrocas. Antigamente tamén existía un grupo infantil pero dende fai anos xa non o tiñamos. Ao comezo, non tiñamos moi claro a aceptación que ía ter, e, sen dúbida foi o maior dos acertos. Hai futuro no municipio, hai futuro da cultura galega e hai futuro nas Milicrocas.

## Que significa para as profesoras contribuir a xerar o xerme baseado no noso patrimonio artístico cultural nas novas xeracións?

Significa ter unha gran responsabilidade. Responsabilidade por que estamos a ensinar ás novas xeracións o pasado cultural dos nosos, como no lo ensinaron a nós no seu momento.

## Que proxectos ou eventos vos gustaría acadar durante este 2025?

Gustaríanos seguir e afianzar os proxectos que xa temos, que estes non se perdan e velos medrar (máis). Para este 2025 gus-

taríanos que todos os proxectos que temos en mente sexan moi benvidos por toda a comunidade e saian do papel.

## Como se poden sumar máis veciños á asociación ou colaborar con vós?

Para sumarse á asociación só teñen que falar con algún dos integrantes que a conforman e facerse socios. Así de sinxelo. E, para colaborar con nós en calquera dos eventos que facemos, só teñen que achegarse a nós e comunicalo, para colaborar da forma que poida cada un. Toda axuda nas diferentes actividades é benvida, sempre.

## Que significa para vós ser parte de Airiños do Xunco? Como definiríades esta asociación en poucas palabras?

Para nós ser parte de Airiños do Xunco significa continuar cun legado, ter compromiso coa conservación e promoción da cultura galega. Significa ser parte dunha comunidade. Así, definiríamos Airiños do Xunco como unha gran familia.

## Instalados desfibriladores en colaboración coa Asociación Saúde Mental A Mariña



O Goberno local deu un paso máis na protección da saúde da súa veciñanza ao instalar desfibriladores semiautomáticos nos centros que xestiona a Asociación Saúde Mental A Mariña no municipio. Estes dispositivos xa están dispoñibles tanto no centro da Senra como no da praza dos Soutos. Ambos desfibriladores están xeolocalizados polo 061 e son de acceso público, dispoñibles as 24 horas do día, ofrecendo servizo a

toda a cidadanía e convertendo estas instalacións en dous novos espazos cardioprotexidos.

Ademais, o persoal da Asociación participou nunha formación teórico-práctica especializada. O obxectivo foi dotar aos traballadores das habilidades necesarias para responder con eficacia ante situacións de urxencia ou emerxencia, garantindo a máxima seguridade e un trato de excelencia ás persoas usuarias.

## O Concello pon en marcha unha nova edición do campionato de tute e parchís

O Concello pon en marcha unha nova edición do campionato de tute e parchís con motivo do Día Internacional da Muller, unha actividade que busca promover a participación e a diversión entre as mulleres do municipio.

As partidas desenvolveranse na cafetería da Casa do Mar e culminarán cunha entrega de premios durante a cea conmemorativa polo Día da Muller.

Este evento combina lecer e recoñecemento, destacando a importancia desta data. O obxectivo é fomentar o encontro e a camaradería, mentres se celebra o papel fundamental da muller na sociedade.

**COCIDO.** A Asociación Cultural Comisión de Festas de Lieiro or-

ganiza un gran cocido dos Festeiros de Santa Isabel, que terá lugar o 15 de febreiro ás 14.30 horas en O Noso Lar, en San Cibrao. Esta cita gastronómica contará cun completo menú que inclúe sopa, cocido tradicional con todos os seus ingredientes, sobremesa especial de Entroido, café e chopo.

O prezo do evento será de 35 euros por persoa, e as entradas poderán adquirirse en O Noso Lar ou a través dos membros da comisión organizadora. Recoméndase reservar con antelación, xa que o aforo é limitado. Ademais da comida, a xornada estará amenizada con música, garantindo un ambiente festivo e de convivencia entre veciños e asistentes.

## Convocado o concurso do cartel da Maruxaina 2025

A asociación Amigos da Maruxaina vén de convocar o concurso para o cartel da festa da Maruxaina 2025, que este ano se celebrará o 9 de agosto. Cada concursante poderá presentar un máximo de dúas obras, sendo condición indispensable que sexan inéditas.

Deberán incluír o texto Maruxaina, San Ciprián, 9 agosto 2025, Declarada de Interese Turístico Galego. E o tamaño do orixinal será A4, sempre en posición vertical, en branco e negro e non hai normas para o tipo de letra empregada.

O lugar de entrega das obras será a casa da cultura de San Cibrao, situada na avenida da Mariña, nº 60, en horario de luns a venres de 9.00 a 14.00 horas. A data límite de recepción é o venres 9 de maio de 2025 ás 14.00 horas. Para os carteis que se fagan chegar por servizo de correos a data límite do selo postal será o día sinalado anteriormente.

## vegadeo

## Os días 4 e 5 de abril a vila converterase no epicentro do mototurismo

Vegadeo converterase os días 4 e 5 de abril no epicentro do mototurismo coa celebración da primeira cita do Rider Extreme 500, un esixente desafío que levará aos participantes a percorrer 500 quilómetros de espectaculares rutas entre Asturias e León.

A saída e a meta estarán situadas no Recinto Feiral de Vegadeo. O venres 4 de abril terá lugar a recepción dos participantes, mentres que o sábado 5 de abril será a xornada central do evento, cun reto de 10 horas de condución a través de estradas comarcais rodeadas de paisaxes únicos. Organizado por Biker Friendly, este evento pretende consolidar o Occidente de Asturias como un auténtico paraíso para os amantes das dúas rodas, promovendo o turismo e favorecendo o sector da hostalaría e do hoteleiro da comarca. Ademais da ruta, a xornada incluírá unha cea de despedida e unha festa musical. O prazo de inscricións está aberto cun máximo de 350 participantes. Para máis información, pódese consultar a páxina web oficial do evento en <https://bikerfriendly.es/>. Vegadeo prepárase así para recibir a centos de motoristas nun encontro que combina paixón polo motor, turismo e aventura, converténdose nunha cita imprescindible para os afeccionados ás motos.

## Vegadeo acolle o VI Encontro de Bolillos o 15 de febreiro

O Concello de Vegadeo organiza o VI Encontro de Bolillos, que se celebrará o sábado 15 de febreiro de 2025 no pavillón do recinto feiral. O evento desenvolverase en horario de mañá, de 11.00 a 14.00 horas, e de tarde, de 16.00 a 19.00 horas. Vegadeo converteuse nos últimos anos nun referente para as afeccionadas ao encaixe, reunindo en edicións anteriores a máis de 650 participantes procedentes de Asturias, León e Galicia. Durante a xornada, as asistentes compartirán técnicas, exhibirán os seus traballos e darán a coñecer a riqueza desta arte tradicional. O encontro supón unha oportunidade única para poñer en valor esta práctica, promover o intercambio de coñecementos entre bolilleiras e achegar ao público a beleza e complexidade do encaixe. Vegadeo prepárase así para acoller unha nova edición deste evento consolidado no calendario cultural da comarca.

## A Feria de Muestras celebra seis décadas



A organización da LX Feria de Muestras de Vegadeo anuncia os días para este 2025: 6, 7 e 8 de xuño. Este evento, que segue sumando edicións, consolídase como un dos máis relevantes da rexión, converténdose nun punto de encontro imprescindible para visitantes e expositores de diversos ámbitos, sendo unha cita marcada no calendario de moitas persoas e empresas.

A feira, que celebra seis décadas de tradición, representa un escaparate esencial para os diversos sectores económicos, entre os que destacan a artesanía, a gastronomía, o comercio, a industria e os servizos. Durante os tres días, Vegadeo transforma as súas rúas nun espazo dinámico e vibrante, onde o público pode descubrir a riqueza cultural e económica da zona, ao tempo que se fomenta o

intercambio comercial e cultural. A Feria de Muestras de Vegadeo non só é unha oportunidade para a promoción económica e cultural, senón tamén un espazo para fortalecer lazos entre as comunidades veciñas e impulsar o desenvolvemento da rexión. A organización anima a todos a reservar estas datas e a participar activamente nesta celebración tan especial.

O alcalde de Vegadeo, César Álvarez, destacou na súa intervención a relevancia deste evento, que combina tradición, innovación e desenvolvemento rural: "A Silvallana é moito máis que unha feira; é un lugar de encontro, intercambio e oportunidades. Vegadeo está preparado para seguir liderando, desde o rural, un modelo de desenvolvemento que inspire e transforme".

## Os XXVI Encontros Teatrais encherán a vila de cultura

Deron comezo, no Auditorio Félix Menéndez da Casa da Cultura de Vegadeo, os XXVI Encontros Teatrais IES Elisa e Luis Villamil, Memorial Félix Menéndez. Será o grupo Teatro El Hórreo, de Luarca, o encargado de inaugurar esta nova edición coa representación da obra 'Lila la lía'. Estes encontros, xa consolidados na axenda cultural da vila, traerán cada semana novas propostas teatrais que garantirán a diversidade e a calidade das representacións. Entre as primeiras obras destes encontros destacan 'Todos eran mis hijos', do Grupo Campoamor de Madrid, o 16 de febreiro tamén ás 18.00 horas; 'Qué duru ye ser alcalde', de Rosario Trabanco de Xixón, o 23 de febreiro; 'A la romana', da Compañía Asturiana de Comedias de Xixón, o 9 de marzo; 'Vetusta, sombras y fantasmas de la Regenta', de Odissea Teatro de Oviedo, o 16 de marzo; 'La calle de infierno', da Asociación Cultural Baluarte de Navia, o 23 de marzo; e

'Riffí a l'asturiana', de Teatro Carbayín de Pola de Siero, que pechará os encontros o 30 de marzo.

**ESCRITURA.** A Casa da Cultura tamén será o escenario dun obradoiro de escritura creativa que comezará o martes 11 de febreiro e será impartido por Ana Lamela. A actividade constará de catro sesións, que terán lugar os días 11 e 25 de febreiro, e 11 e 25 de marzo, en horario de 19.00 a 21.00 horas. As persoas interesadas poden inscribirse na biblioteca municipal ou a través do correo electrónico [biblioteca@vegadeo.es](mailto:biblioteca@vegadeo.es). Ademais, a programación cultural completárase coa cinemateca ambulante, que ofrecerá catro sesións de proxeccións audiovisuais. As películas programadas son: 'Dahomey', o 12 de febreiro ás 20.00 horas; 'Retaguardia', o mércores 26 de febreiro á mesma hora; 'Las sombras del poder', o 12 de marzo; e 'Luna', o 26 de marzo, ambas tamén ás 20.00 horas.

## o valadouro

## A vila conta con cambios na organización do tráfico rodado



O Concello do Valadouro anunciou recentemente cambios importantes na organización do tráfico rodado co obxectivo de mellorar a mobilidade urbana e garantir unha circulación máis fluída e segura para veciños e visitantes.

Un dos cambios principais afecta á rúa Triana, que agora ten saída directa cara á praza de Santa María e ao parque, converténdose nunha vía clave para a conexión entre estas zonas.

Por outra banda, a avenida de Viveiro pasou a ser de dobre sentido, unha medida que busca incrementar a funcionalidade desta arteria principal. Para implementar esta modificación, foi necesario eliminar as prazas de aparcamento en paralelo que se

atopaban nesta avenida.

Sinalización e adaptación  
O Concello está instalando nova sinalización para orientar os condutores e evitar confusións durante o período de adaptación.

**MERCADO PRIMAVERA.** O sábado 22 de marzo, o Concello de Valadouro celebrará, como é tradición, o seu XIX Mercado de Primavera, un evento no que, ademais das habituais vendas, poderase gozar da degustación de produtos tradicionais.

O mercado adoita desenvolverse no centro da vila, desde as 10.00 horas ata as 19.00 horas. O Concello aínda non anunciou as datas oficiais para as solicitudes de adxudicación de postos.

## O Concello porá en marcha un centro sociocomunitario



O Goberno local porá en marcha un centro sociocomunitario no local dos baixos municipais situado ao lado do ximnasio municipal e do colexio público.

Trátase dun programa de atención aos maiores e envellecemento saudable gratuito para os usuarios que se dirixe ás persoas maiores de 65 anos empadroadas no municipio. Será impartido pola Cruz Vermella e contará co financiamento da Xunta de Galicia.

O alcalde, José Manuel Lamela, explicou que "o proxecto está avanzado e se poñerá en marcha despois de que o Concello firme os convenios coa Xunta e coa Cruz Vermella".

O programa ten como obxectivo

mellorar a calidade de vida e o benestar dos maiores do municipio e ofrecer a posibilidade de manterse activos e saudables no seu propio municipio. O centro sociocomunitario permite compartir actividades guiadas por un técnico de intervención terapéutica e un técnico de atención sociosanitaria. Os talleres do centro sociocomunitario desenvolverase en base a cinco áreas de intervención: cognitiva, física, funcional, social e emocional.

Está previsto que as actividades se desenvolvan os luns, mércores e venres en horario de 10.00 a 13.00 horas e que, posteriormente, se amplíen aos cinco días da semana: de luns a venres.



# O Valadouro

## Dúas visións complementarias para construír un concello máis dinámico e participativo

A política local no Valadouro caracterízase por un intenso traballo de control e propostas da oposición, cun obxectivo común: mellorar a vida da veciñanza. As voces de María Xosé Barreira, do PSOE, e Eduardo Chao, do BNG, permiten comprender as dinámicas da corporación e o papel fundamental da oposición no desenvolvemento do concello. A outra concelleira e ex alcaldesa, María José Fernández Díaz de UDIVAL, non quixo participar nesta reportaxe. Así, O Valadouro conta con 9 concelleiros dos que catro son do PP, dous do PSOE, dous do BNG e unha de UDIVAL.

### OPOSICIÓN

María Xosé Barreira iniciou o seu camiño político no Valadouro en 1995, permanecendo na oposición ata 2007. Agora, tras regresar á corporación en 2023, reafirma o seu compromiso cunha oposición activa e construtiva. “O papel da oposición en calquera concello debe ser o de control ao grupo de goberno e, desde a miña opinión, o de ser canle de comunicación dos veciños e das súas necesidades”, asegura. A súa postura céntrase en garantir a continuidade de proxectos importantes para o concello, mesmo aqueles que foron iniciados por gobernos anteriores. Entre estes, destaca proxectos como o saneamento de Mansian, a captación de Coutomil, a mellora de camiños municipais ou a posta en valor de rutas como a Fraga das Lérias e a Casa das Neves.

Por outra banda, Eduardo Chao, que comezou na política local en 2012 e está vinculado ao BNG desde 1993, considera que a oposición debe ser “construtiva, defendendo sempre os intereses dos veciños”. Para Chao, unha das claves do seu labor é achegar ideas e traballar para conseguir subvencións doutras administracións, algo que ve fundamental para mellorar a calidade de vida no Valadouro. Entre as súas prioridades, sinala a creación de solo industrial, a promoción de vivendas de protección oficial e a rehabilitación de vivendas en mal estado como medidas para loitar contra o despoboamento e ofrecer mellores servizos á cidadanía.

**Barreira: “Os pactos son unha fórmula democrática que funciona, pero os acordos baseados en expectativas persoais frívolas non teñen futuro”**

**Chao: “A creación de solo industrial e a promoción de vivendas alcanzables son fundamentais para reverter a perda de poboación”**



Ambos políticos coinciden en que formar parte da oposición supón tanto sacrificios como recompensas. Barreiro destaca o reto que implica compaxinar a vida política cunha vida persoal e laboral. “A implicación require moito tempo de quitarlle á túa vida persoal, á túa familia e amizades, incluso ao teu traballo”, asegura. Pola súa banda, Chao ve o seu traballo como unha satisfacción persoal, afirmando que “non é un sacrificio porque me gusta facer cousas polo Valadouro, aínda que se perde tempo para estar coa familia”. Ambos recoñecen que “os beneficios son a satis-

**Barreira: “A oposición debe de ser a canle de comunicación dos veciños e das súas necesidades”**

facción de cando se conseguen as propostas que se realizan”.

En canto ás relacións co equipo de goberno, ambos políticos ofrecen perspectivas diferentes. Barreiro considera que, aínda que a maioría das actuacións actuais son continuidade de proxectos xa iniciados, “xa non por o equipo de goberno do que formei parte, senón pola lexislatura anterior do Edmundo Maseda”, di María Xosé Barreira, a oposición debe estar disposta a apoiar as iniciativas que sexan beneficiosas para o concello. “Alejandro e máis eu xa llo dixemos na investidura, que estaríamos do lado do goberno para apoiar as actuacións que consideremos boas para o Valadouro e os seus veciños”, explica. Mentres tanto, Chao lamenta a falta de comunicación co goberno actual,

afirmando que “as relacións son inexistentes; non nos chaman nin para cambios de datas das sesións plenarias”.

### PACTOS

Os pactos e coalicións tamén son un punto clave no debate político do Valadouro. Barreira reflexiona sobre a experiencia do tripartito, sinalando que, “o pacto foi como foi, con moitas concesións por parte do PSOE, a renuncia de Edmundo Maseda, e a cesión da Alcaldía á lista menos votada”, sinala, “cando entras estás totalmente a cegas, pois todo é novo e comezas a ver como van as cousas a partir dos 9 meses”. “A perspectiva cambia unha vez levas un tempo, e sobre todo vimos como se xestiona o concello e valoramos moito máis o traballo que tivo que facer nesta última lexislatura Edmundo Maseda”, engade a socialista. “Os pactos son unha fórmula democrática que funciona, pero os acordos baseados en expectativas persoais frívolas non teñen futuro”, advirte. Pola súa parte, Chao defende os pactos como unha parte esencial da democracia, “que sería da democracia se non se chegaran a pactos entre os representantes públicos?”, reflexiona Chao, ao que engade que “os que asinan os pactos deben ter un compromiso serio e respectar o acordado”.

### O FUTURO

As súas liñas de traballo futuras reflicten un forte compromiso co benestar da veciñanza e a mellora do concello. Barreira insiste na importancia de afrontar o reto do despoboamento rural, destacando que o abandono das aldeas pode ocasionar unha diminución nos servizos esenciais. Ademais, aposta pola

continuidade de medidas como o aumento e mellora do SAF, a apertura do Centro de Día e a dinamización das asociacións locais. Pola súa parte, Chao centra os seus obxectivos en ofrecer mellores servizos, fomentar o emprego local e avanzar no coidado de maiores e nenos. “A creación de solo industrial e a promoción de vivendas alcanzables son fundamentais para reverter a perda de poboación”, asegura.

A pesar das diferenzas políticas, tanto Barreiro como Chao comparten a visión de que a política local debe basearse na honestidade, na

**Chao: “O meu compromiso co Valadouro continuará mentres vexa que pode ser útil para os intereses da vila”**

planificación e no traballo colectivo. “Non dispoño de tempo nin de carácter para unha carreira política, pero só aspiro a mellorar a vida das persoas, vivan onde vivan”, conclúe Barreira. Pola súa banda, Chao engade que o seu compromiso co Valadouro continuará “mentres vexa que pode ser útil para os intereses da vila”.

En resumo, a oposición no Valadouro, representada nesta ocasión por voces do PSOE e do BNG, exerce unha función imprescindible para garantir un goberno equilibrado e orientado ás necesidades da cidadanía. Desde diferentes perspectivas, ambos partidos traballan por un obxectivo común: facer do Valadouro un lugar máis próspero, sostible e habitable para todas as persoas.

## A Mancomunidade promove as Xornadas Formativas de Turismo Ornitológico

Xa está aberto o prazo de inscrición para participar nas Xornadas Formativas en Turismo Ornitológico, promovidas pola Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense, co apoio técnico da empresa Puertas Afuera Comunicación Medioambiental. Terán lugar do 10 ao 12 de febreiro no salón de actos do Centro Cívico de Xove.



No encontro participarán como poñentes destacados ornitólogos, así como profesionais no desenvolvemento e promoción de produtos turísticos sostibles relacionados coa ornitoloxía. As persoas participantes recibirán unha parte de formación teórica e outra práctica, que inclúe saídas para a observación de aves no seus hábitats.

A presidenta da Mancomunidade de Concellos da Mariña, Rocío López, explicou que “as Xornadas Formativas en Turismo Ornitológico están orientadas a empresarios e traballadores do sector turístico, aloxamentos, guías e empresas de turismo activo, educadores ambientais e técnicos de turismo interesados en desenvolver produtos turísticos na Mariña”.

## Saiñas de Xove organiza un taller de bordado ao aire

A asociación Saiñas, de Xove, organiza un obradoiro de bordado ao aire para os sábados 22 de febreiro e 8 de marzo. Este taller terá lugar nas instalacións do Concello de Xove en horario de 16.00 a 20.00 horas.

A asociación define a actividade como unha oportunidade única

para achegarse á arte do bordado nun ambiente distendido e creativo, dirixido tanto a persoas con experiencia como a quen desexe iniciarse nesta técnica. A actividade busca fomentar a creatividade e a aprendizaxe en comunidade, proporcionando un espazo de expresión artística.

## O Entroido contará con festa e premios para todos os gustos

O municipio de Xove prepárase para vivir un Entroido de 2025 cheo de cor, música e moita festa. A programación arrincará o venres 28 de febreiro, cando se celebrará un baile infantil de disfraces para os máis pequenos co Disco Móbil Conxuro no pavillón municipal, ás 17.30 horas.

O sábado 1 de marzo terá lugar o gran Desfile de Entroido polas rúas de Xove, ás 17.00 horas, amenizado pola Charanga Europa. O desfile estará aberto a todos os veciños e veciñas que queiran participar, sendo tamén unha oportunidade para lucir os mellores disfraces e optar aos atractivos premios do concurso. Despois do desfile, continuará a

festa no Pavillón Municipal coa actuación do grupo Fénix e DM Conxuro. Durante a festa, entregaranse os premios aos mellores disfraces nas distintas categorías, que inclúen premios para carrozas, comparsas, grupos de persoas, parellas e individuais, con cuantiosos premios en metálico que van desde os 60 euros ata os 500 euros.

Ademais, os participantes que se inscriban antes do 28 de febreiro recibirán un agasallo como parte do entusiasmo para participar no evento.

Para máis detalles sobre as bases do concurso e a inscrición, pódese consultar a páxina web do concello.

## Arrancan as obras da residencia e dan luz verde ao centro de día

Comezaron as obras para a nova residencia de Aspanane no concello de Xove, situada nunha ampla parcela de Palmeiro, cedida polo Concello, con case 6.400 metros cadrados de superficie e unha excelente exposición solar. Este proxecto é un importante paso na mellora dos servizos sociais da comarca.

A residencia, financiada pola Fundación Amancio Ortega cun investimento de case 10 millóns de euros, supón un modelo innovador ao distribuír as 50 prazas en unidades de convivencia, fomentando a integración e o benestar das persoas usuarias. Os traballos de construción prevese que se prolonguen durante dous anos, convertendo este espazo nun punto de referencia na atención a persoas con necesidades específicas. Ademais, a nova infraestrutura contribuirá ao crecemento económico local, xerando varias dúcias de postos de traballo directos e indirectos. Esta iniciativa reforza o compromiso de Aspanane, que xa conta cun centro de día e un centro ocupacional en Viveiro, coa promoción da igualdade e a inclusión social na Mariña lucense.



**CENTRO DE DÍA.** A Xunta de Galicia deu luz verde á creación dun centro de día no actual edificio de Cogami, situado en Palmeiro, no concello de Xove. O novo servizo permitirá atender tanto a persoas con discapacidade como a persoas maiores, cubrindo unha demanda social no municipio. O alcalde de Xove, Demetrio Salgueiro, valorou moi positivamente a iniciativa, destacando que a localidade non contaba ata o momento cun centro de día, a pesar de dispor dunha residencia de maiores. “É unha moi boa noticia para o noso concello, xa que este servizo permitirá mellorar a calidade de vida das persoas que precisan atención diúrna”, sinalou.

O inmoble de Palmeiro, onde actualmente se sitúa Cogami (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade), conta cunha infraestrutura óptima para a súa nova finalidade. As instalacións destacan pola súa boa accesibilidade, iluminación axeitada e amplos espazos de estacionamento, factores que facilitarán o acceso e o confort dos usuarios.

Para poder levar a cabo este cambio de uso, foi necesario obter a autorización de diferentes entidades, entre elas o Ministerio de Sanidade, a Xunta de Galicia, a Deputación de Lugo e a Fundación ONCE. Ademais, realizouse un estudo económico para avaliar os custos de mantemento e o persoal necesario para garantir o correcto funcionamento do centro.

O futuro centro de día ofrecerá un

dobre servizo pois contará con 20 prazas destinadas a persoas con discapacidade e 30 prazas para atención diúrna de persoas maiores. Esta iniciativa permitirá mellorar a atención e o benestar de moitas persoas en Xove e na súa contorna, facilitando que poidan recibir cuidados profesionais sen ter que desprazarse a outros municipios. Co respaldo das diferentes administracións implicadas, o concello dá un paso máis na mellora dos servizos sociais, garantindo un apoio esencial ás familias que necesitan este tipo de atención.

**PSOE.** O socialistas consideran unha boa noticia a posta en marcha dun centro de día pois “foi unha das primeiras propostas que fixo a nosa voceira, Rogelia Mariña, nesta lexislatura”.

## Agasallados os voluntarios das Mañás Activas

A Concelleira de Xuventude e Deportes do Concello de Xove, Cristina Iglesias Guerreiro, fixo entrega dun obsequio a Noah Posada Duarte, Xoán Campo González e a Eva Louzao Casas como agradecemento pola súa participación no programa de voluntariado xuvenil Mañás Activas.

Este programa ofertou actividades de conciliación e lecer para un grupo de 40 nenas e nenos a partir dos 10 anos durante as mañás de xullo e



agosto do pasado verán.

Estas actividades foron organizadas polas Concellerías de Xuventude, Deportes e a Oficina de Información Xuvenil dentro do programa de voluntariado xuvenil da Xunta de Galicia.

Así mesmo, aproveitou para informar que xa está aberta a listaxe para participar no proxecto de voluntariado xuvenil para o próximo verán. Para máis información no Centro Xuvenil ou chamando ao 982 571 816.

## Concello e Trabada paso a paso organizan unha ruta de sendeirismo

O Concello de Trabada e a asociación Trabada paso a paso, organizan a primeira ruta de sendeirismo do ano 2025 dentro do seu programa de actividades. A cita terá lugar o 2 de marzo e percorrerá o traxecto entre Vilapercede e Vilaformán.

A ruta, cunha distancia de 10 quilómetros e unha dificultade media, incluírá visitas puntos de interese patrimonial e cultural, como a Igrexa de Vilapena e a antiga escola de mestres. Ao remate do percorrido, os participantes poderán gozar dun xantar no Teleclub de Vilaformán en compañía dos veciños e veciñas da parroquia.

A saída da ruta está prevista para as 9.30 horas dende a Praza do Concello de Trabada. O custo da actividade é de 8 euros por persoa e as inscricións poden realizarse nas oficinas municipais ata o mércores 26 de febreiro ou chamando ao teléfono 982 135 011. Para participar é obrigatorio o uso de chaleco reflectante.

Desde a organización subliñan que esta ruta é a primeira dunha serie de actividades previstas ao longo deste ano co obxectivo de fomentar o coñecemento das parroquias do municipio en profundidade.

## O Goberno local quere rehabilitar a escola de Valboa e a de Vidal

O Concello continúa apostando por iniciativas que permitan aproveitar o patrimonio municipal e poñelo ao servizo da veciñanza.

Así, vén de solicitar unha subvención ao Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) dentro dunha orde de axudas de concorrencia non competitiva, dirixida á rehabilitación de edificacións e vivendas de titularidade municipal destinadas alugueiro social. Segundo declarou o alcalde, “agardamos acadar esta axuda para rehabilitar esta vivenda e así poder ofrecer unha vivenda máis destinada ao alugueiro social no noso concello”.

Nesta ocasión, o proxecto presentado corresponde á rehabilitación da antiga escola de mestres de Valboa. Esta iniciativa enmárcase dentro dunha liña de actuación máis ampla que o goberno local vén desenvolvendo, centrada na reforma de antigas escolas, todas elas dedicadas ao alugueiro social.

“A través desta acción, procuramos incrementar a dispoñibilidade de vivendas sociais no noso concello e, ao mesmo tem-



po, favorecer o asentamento de nova poboación no municipio, contribuíndo así á dinamización e crecemento das nosas parroquias”, afirmou Rubén García.

**ESCOLA VIDAL.** Tamén solicitaron unha axuda destinada á mellora da antiga Escola de Vidal que permitirá a substitución integral da cuberta e a instalación de novos canos para mellorar a eficiencia enerxética do inmovible.

O alcalde de Trabada, Rubén García, sinala que “esta actuación reforza o compromiso de

mellorar e poñer en valor as infraestruturas municipais. Tras a recente reforma interior da vivenda, agora damos un paso máis coa mellora da cuberta, contribuíndo á eficiencia enerxética do edificio”.

As antigas escolas das parroquias de Trabada están actualmente destinadas a alugueiros sociais e, segundo indicou o alcalde, “nos próximos días accederán ás vivendas as persoas que presentaron a súa solicitude e que cumpren cos requisitos establecidos”

## O PP pide instalar cámaras de vixilancia en puntos estratéxicos do municipio

Os concelleiros do Partido Popular en Trabada propoñerán no vindeiro Pleno que o Goberno local solicite ao Goberno do Estado os permisos necesarios para a instalación de cámaras de vixilancia en puntos estratéxicos do municipio. O obxectivo desta medida é disuadir condutas delitivas e facilitar o traballo das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

O voceiro popular, José María Fernández, destacou que non se pretende instalar cámaras de forma masiva, senón comezar por situar dispositivos nas entradas do termo municipal. Segundo explicou, estas localizacións permitirían obter imaxes en caso de producirse algún acto delitivo, facilitando así a identificación dos responsables. “Contar con gravacións en vídeo ou imaxes fotográficas é unha ferramenta clave para resolver delitos e atopar aos culpables”, sinalou.

A proposta chega tras constatar que algúns incidentes recentes quedaron sen resolver debido á falta de probas. Ademais, o voceiro popular recordou que, antes de proceder á instalación das cámaras, é imprescindible contar coas autorizacións do Goberno do Estado.

## riotorto

## O Entroido repartirá este ano máis de seis mil euros en premios

O vindeiro sábado 22 de febreiro terá lugar en Riotorto o esperado Desfile de Entroido, un evento que reunirá participantes de todas as idades coas súas mellores creacións.

A saída está programada para as 16.30 horas desde a Casa da Cultura, percorrendo as rúas do municipio ata o pavillón polideportivo.

O desfile contará con diversas categorías para nenos e adultos, premiando os mellores disfraces individuais, de parellas, grupos, carrozas, charangas e comparsas. Entre os galardóns destacan os premios de 550 euros para as comparsas máis destacadas, 360 euros para as mellores carrozas e 300 euros para as charangas. En total, serán máis de 6.000 euros en premios, con galardóns tamén para os grupos e participantes individuais tanto na categoría infantil

como na de adultos.

A inscrición pode realizarse ata o día do evento enviando un correo a riotortocf@gmail.com ou presencialmente na Casa da Cultura de 12.00 a 16.00 horas. Os dorsais entregaranse ata as 16.15 horas.

Tras o desfile, os asistentes poderán gozar dunha verbena amenizada polo Grupo D’Cano e DJ Bombardero, que terá lugar no pavillón. Haberá servizo de bar e comida a cargo da Pulpería Suso de Lugo.

A organización, a cargo do Concello de Riotorto e Riotorto CF, destaca a importancia de seguir as bases do concurso, publicadas na súa web oficial, para garantir un evento seguro e divertido para todos os asistentes.

Para máis información, pódese contactar no teléfono 617 985 351 ou visitar a web oficial do Concello de Riotorto.

## A Asociación de Veciños de Santa Comba de Órrea organiza unha viaxe

A Asociación de Veciños e Veciñas de Santa Comba de Órrea anunciou unha actividade para a segunda fin de semana de marzo, os días 8 e 9. Trátase dunha viaxe á provincia de Segovia como acto final do proxecto de recuperación da memoria histórica sobre a participación dos labregos galegos nas segas de Castela. Coa actividade visitarán os lugares onde traballaron os antepasados galegos durante anos e proxectar un documental sobre este fenómeno histórico en Santa María la Real de Nieva, un lugar emblemático para os segadores. A proxección incluírá un coloquio posterior.


Os interesados en participar deben contactar con Toño Abaira (677 218 699) ou Carlos Veiga (636 721 008) antes do 15 de febreiro para inscribirse. É necesario proporcionar nome completo, apelidos e DNI.

## O Picato celebra o seu tradicional Entroido 2025 con festa, desfile e premios

A Asociación O Picato celebrará a súa tradicional festa de Entroido este sábado 15 de marzo, cunha programación que incluírá xantar, música e o esperado desfile, que dará comezo ás 18:00 horas. Tras a pasarela de disfraces, continuará a festa ata a entrega dos premios, prevista para a medianoite.

O deseño escollido para representar esta edición foi o de Adriana Fernández Prado, que recibiu un agasallo de 50 euros como recoñecemento. Durante toda a xornada, haberá servizo de polbería a cargo de Pulpería Fénix, así como servizo de ceas ofrecido por Cátering Chao da Brea no pavillón municipal. Toda a celebración terá lugar nunha zona cuberta con carpa e contará coa música en directo do Grupo Zona Zero e DJ The Sound Proyect.

Os premios do desfile suman un



total de 5.000 euros a repartir entre as categorías de carrozas, parellas, individuais, socios, grupos, comparsas e charangas. Para participar, é imprescindible anotarse antes do xoves 13 de marzo coa inscrición que estará no Facebook da AC OPicato.

## EN BREVE

**CURSO.** A Aula CEMIT de O Vicedo organiza un curso de mecanografía, ofimática, programación, Internet e edición de vídeos. Todos eles para nenos a partir de 7 anos e ata 17 anos. O curso será desde o 14 de xaneiro ata o 8 de abril en horario de martes de 16.30 a 18.30 horas e para anotarse será necesario inscribirse no seguinte enlace. Será impartido por Xulieta de Lourdes Parapar Esteves. Para máis información será necesario chamar ao teléfono 982 590 195 ou mandando un correo a cemit.ovicedo@gmail.com - cemit.ovicedo@xunta.es. As prazas son limitadas. Por outra banda, tamén hai un curso para manexo de móbiles e apps que será os xoves e venres de 18.30 a 20.00 horas.

**TEATRO.** O Grupo Humorístico Trípo-de levará a escena a súa obra titulada 'A Presa' o próximo sábado, 15 de febreiro, á Casa da Cultura do Vicedo. A representación terá lugar ás 20.00 horas. Desde Trípo-de Teatro anuncian con entusiasmo que "visitaremos esta fermosa parroquia o sábado 18 de xaneiro para interpretar a nosa última obra, A Presa. No escenario estarán personaxes tan queridos como Melisa e Pitágoras, Pepita e Formigón, Amancio e Balbina, Greta e Bonifacio, e a francesa Françoise, todos eles acompañados pola nosa técnica de son, Rocío", din desde a compañía.

## BNG e PSOE reclaman melloras en infraestruturas e servizos sociais



No último pleno do Vicedo, BNG e PSOE presentaron diversas iniciativas para mellorar infraestruturas, servizos sociais e a xestión municipal, coincidindo na necesidade de optimizar os recursos para beneficiar á veciñanza. O BNG, a través do seu portavoz Miguel Gómez Fraga, propuxo que parte dos 261.225,39 euros do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025 se destinen á reparación de estradas como Trala Veiga, Fradería e Forqueta, sumando 3,5 km de melloras viarias. Tamén solicitou melloras en sinalización e seguridade. No ámbito social, pediu o aumento da achega da Xunta ao Servizo de Axuda no Fogar (SAF) de 12 a 20 euros por hora, a apertura do Centro de Día e a cobertura da segunda praza de médico no centro de saúde.

O PSOE, pola súa banda, a través da voceira Verónica Canoura, criticou

a falta de planificación do goberno local, xa que os orzamentos de 2025 seguen sen aprobarse. Denunciou tamén a ausencia de proxectos de fibra óptica en San Román, os atrasos nas obras das paradas de autobús en Espiño e San Román, e a falta de avances na mellora do acceso ao Fuciño do Porco, unha zona turística con restricións por risco de derrubes. No ámbito deportivo, instou á reparación de deficiencias no campo de fútbol de Boavista e na pista de pádel. Ademais, demandou o arranxo e ampliación de pontes en Valdesuso e sobre o apeadoiro do tren, así como a limpeza das beirarrúas en rúas como Rosalía de Castro e Folgueiro. No eido educativo, reclamou unha partida para instalar un bambán adaptado e mellorar a limpeza dos exteriores do colexio, incluíndo a poda de árbores e a eliminación de silvas.



## O Vicedo prepárase para un Entroido cheo de festa

O Vicedo vivirá un Entroido moi especial o 8 de marzo, organizado pola Comisión de Festas de Santo Estevo e Santa Lucía, formada por seis mozos e mozas do municipio. A xornada arrancará ás 13:30 horas cunha sesión vermú amenizada polo dúo Selu e Alba, que se prolongará cun DJ. Durante este tempo, venderanse tapas de callos para acompañar a música.

Pola tarde, ás 17:00 horas, será a quenda dos máis pequenos, cunha festa infantil que incluírá inchables adaptados a distintas idades, desfile e premios aos mellores disfraces. Haberá tamén unha merenda-cena para os nenos e nenas. A gran festa nocturna comezará ás 22:30 horas con desfile de disfraces e premios para os mellores clasificados en cada categoría. Ademais, sortearase unha cesta doada polos comercios e empresas do concello, poñendo o broche de ouro a unha xornada de alegría

e diversión.

**XANTAR POPULAR.** A Comisión de Festas do Carmen do Vicedo organiza unha comida popular o próximo 15 de febreiro. As actividades comezarán ás 13.30 horas cunha animada sesión vermú que contará coa actuación musical do Dúo Caramelo, quen amenizará o ambiente cun repertorio festivo. De seguido, terá lugar a comida popular, onde os asistentes poderán degustar un menú tradicional que inclúe sopa de cocido, cocido completo, bebida, pan, sobremesa, café e chopo. O prezo por persoa é de 27 euros. Para participar, é necesario reservar praza contactando cos seguintes números de teléfono 669 870 888, 605 503 760 ou 634 472 724.

Para rematar a xornada, haberá unha verbena, tamén a cargo do Dúo Caramelo.

## Bravos-Ourol acollerá a festa de Entroido os días 2 e 3 de marzo

A parroquia de Bravos, en Ourol, festexará por todo o alto o Entroido 2025 con dúas xornadas de festa os días 2 e 3 de marzo. O evento, organizado pola Asociación de Veciños Irmáns Vilar Ponte de Bravos e co apoio do Concello de Ourol, promete música, gastronomía e diversión para todos os públicos.

O domingo 2 de marzo abrirase a celebración cunha sesión vermú amenizada polo Dúo Caramelo ás 14:00 horas. A continuación, terá lugar o tradicional xantar de Entroido, cun menú que inclúe sopa de cocido, xamón, chourizo, costela, garavanzos e patacas. Pola tarde, o baile seguirá co Dúo Caramelo.

O luns 3 de marzo, o Dúo Estrellas animará o Baile de Entroido ás 22:00 horas, onde haberá grandes premios para as mellores máscaras en categorías individual, parellas e grupos.

## Sacan a concurso os dereitos caducados de varias minas

A Xunta de Galicia anunciou a apertura dun concurso público para adxudicar dereitos mineiros caducados na provincia, destacando especialmente os do concello de Ourol como epicentro desta iniciativa.

Ourol conta con 51 dereitos mineiros, o que o converte no municipio con maior número de concesións deste tipo en toda Galicia. Entre estas, 13 explotacións están localizadas no seu territorio, das cales 7 son compartidas co concello veciño de Muras.

O concurso público permitirá que as empresas interesadas presenten proxectos para a explotación destas concesións, reactivando así o aproveitamento de recursos mineiros na zona. Entre os materiais que poden ser extraídos nas minas

de Ourol destacan o feldespatio, o caolín, o cuarzo, a lousa industrial e ornamental, o ferro e a mica. Estes recursos son de gran valor tanto para a industria como para a construción, ofrecendo unha oportunidade para dinamizar a economía local. Con esta convocatoria búscase fomentar o desenvolvemento sostible da minería na comunidade, revalorizando os recursos naturais e potenciando a economía en zonas rurais. As empresas interesadas deben presentar as súas solicitudes seguindo as bases detalladas nos anexos da orde. Constituírase unha mesa para a apertura e verificación das ofertas, e establecerase unha orde de prelación baseada nos criterios de selección especificados.

## O Concello mellorará a contorna do antigo colexio



O Concello destinou un total de 13.500 euros, procedentes dun remanente dunha baixa no Plan Deputación do exercicio anterior, á mellora do pavimento na contorna do antigo colexio Vicente Casabella e das antigas vivendas dos mestres. Esta actuación é esencial debido ao mal estado do firme, que dificulta o acceso a servizos importantes como a Casa Niño, os locais onde se desen-

volve o programa Educando en Familia, o servizo de Correos e outros espazos de uso público. Prevese que as obras estean rematadas a finais de febreiro, contribuíndo a mellorar a accesibilidade e a funcionalidade desta zona clave para a vida comunitaria do municipio. Con esta intervención, o Goberno local reforza o seu compromiso co mantemento e a mellora das infraestruturas.

## A ANPA do CEIP Castro de Ouro acusa á Xunta de falsificar datos

A Asociación de Nais e Pais do CEIP Castro de Ouro de Alfoz denuncia publicamente o que considera unha estratexia de manipulación de datos por parte da Consellería de Educación. “Desde o inicio deste conflito, a Xunta vén aplicando unha estratexia para confundir ás familias, á comunidade educativa e agora tamén á Valedora do Pobo”, afirman desde a ANPA.

O último episodio desta situación, segundo denuncian, foi a resposta enviada pola Consellería á Valedora do Pobo, onde se afirma que o centro conta con 27 alumnos, cando a realidade é que a cifra alcanza os 39 escolares. A ANPA asegura que esta non é a primeira vez que a Consellería altera os números á súa conveniencia. “En cada reunión que mantivemos foron dando cifras distintas sobre o alumnado matriculado”, indican, lembrando que incluso na resposta parlamentaria do conselleiro os datos presentados non coincidían coa realidade do centro. Agora, denuncian, a Xunta fai o mesmo na súa



comunicación coa Valedora do Pobo, “presentando unha cifra manipulada para xustificar a falta de recursos”. Outro dos puntos que destacan é a omisión por parte da Consellería do impacto dos alumnos con necesidades de apoio educativo, que deberían ser tidos en conta no cálculo dos ratios.

A propia Valedora recoñeceu que a situación do centro é excepcional e recomendou que se cumprira o Acordo do 10 de xullo de 2009 sobre agrupamentos, que impide mesturar alumnos de distintos ciclos cando a cifra supere os 12. Os sindicatos tamén denunciaron este incumprimento

ante os tribunais. “A resposta da Xunta pretende esquivar esta realidade con datos falsos e argumentos inconsistentes”, critican as familias. A ANPA do CEIP Castro de Ouro esixe que a Consellería rectifique de inmediato os datos e recoñeza a realidade do centro. “Sobre todo tras sermos coñecedores de que outros centros educativos, con números similares aos nosos, contan non só cun mestre máis, senón con dous”, recalcan. Tamén denuncian a falta dunha especialista en Pedagogía Terapéutica, retirada neste curso a pesar de que no centro hai alumnado con necesidades específicas.

## A alcaldesa pide melloras para o SAF



A alcaldesa de Alfoz, Efigenia Maseda, mantivo unha reunión co xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, para tratar diversos asuntos relacionados coa mellora dos servizos municipais que afectan directamente á calidade de vida da veciñanza. Entre os temas abordados destacaron as actuacións necesarias para mellorar as instalacións da Vivenda Comunitaria e da Escola Infantil A Galiña Azul, así como a problemática que afecta á prestación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), un servizo funda-

mental para apoiar ás persoas en situación de dependencia e ás súas familias.

A alcaldesa cualificou a reunión como “positiva e produtiva”, destacando o compromiso do Consorcio para estudar as necesidades do municipio e avanzar nas actuacións. “Foi unha reunión onde abordamos temas prioritarios para Alfoz. Confío en que este traballo conxunto permita mellorar os espazos e servizos destinados tanto á nosa infancia como ás persoas maiores que máis o precisan”, declarou Efigenia Maseda.

## O Pleno pide rehabilitar a Casa Cuartel de Ferreira



O Pleno do Concello de Alfoz aprobou por unanimidade a moción presentada polo Grupo Municipal de VIA Alfoz para instar ao Ministerio do Interior a realizar obras de reforma e rehabilitación na Casa Cuartel da Garda Civil de Ferreira do Valadouro. Ademais, incluíuse no acordo unha solicitude de incremento de recursos persoais para o cuartel.

A moción destaca a importancia desta infraestrutura para garantir a seguridade cidadá nos concellos de Alfoz e O Valadouro, sinalando o deterioro actual das instalacións, que dificulta a prestación óptima do servizo. Entre os problemas inclúense o illamento térmico insuficiente, o deterioro xeral e a necesidade dunha mellor redistribución dos espazos para garantir a funcionalidade e comodidade do persoal.

A Casa Cuartel de Ferreira, recoñecida como o cuartel máis antigo da provincia de Lugo, precisa dunha rehabilitación integral para asegurar a súa habitabilidade e ecoeficiencia. O Grupo Municipal de VIA Alfoz destacou que, malia que no ano 2019 se anunciaron investimentos nesta infraestrutura por parte da Subdelegación do Goberno en Lugo, estes non chegaron a executarse, agravando o deterioro co paso do tempo.

O acordo adoptado inclúe que se solicite ao Ministerio do Interior que leve a cabo obras de reforma e rehabilitación na Casa Cuartel, garantindo a súa adecuación funcional e ecoeficiencia. Demándaselle tamén un incremento de recursos persoais asignados ao cuartel para reforzar o servizo de seguridade cidadá na comarca.

## A festa de Entroido de Alfoz terá premios e diversión



O vindeiro luns 3 de marzo, o pavillón de Alfoz acollerá unha das celebracións máis esperadas do ano, o Entroido 2025. A festa dará comezo ás 19.30 horas e estará aberta a todos os veciños e veciñas que queiran participar, cos desfiles de disfraces como gran atracción. A Asociación Cultural e Xuvenil O Castelo organiza este evento, que contará cunha programación animada e festiva, gracias á colaboración de EvenTeC, que se encargará de amenizar a xornada cunha festa chea de música e diversión. Os participantes poderán optar aos premios aos mellores disfraces, polo que se espera

ver unha gran variedade de traxes e ideas creativas. As inscricións poderán facerse entre as 19.30 e as 21.00 horas no propio pavillón, onde se darán a coñecer tamén as bases para participar. Este evento conta co apoio do Concello de Alfoz, que fomenta a celebración de tradicións tan queridas como o Entroido, e anima a todos os veciños a participar nesta festa popular. Para máis información, os interesados poden consultar as bases no perfil de Instagram @asociacionocastelo ou na páxina de Facebook “Asociación Cultural e Xuvenil O Castelo”.

## Xa hai gañadores do primeiro concurso Decora a Túa Fachada de Nadal de Mor

Celebrouse a entrega de premios do primeiro concurso Decora a Túa Fachada de Nadal, unha iniciativa destinada a promover o espírito festivo e a dinamización do comercio local da nosa parroquia. Os premios outorgados consistiron en vales para gastar no comercio local, como parte do compromiso coa economía da parroquia. Así, o primeiro premio valorado en 150 euros foi para Samanta Filgueiras, polo seu deseño orixinal e cheo de detalles que capturou á perfección o espírito do Nadal. O segundo premio de 100 euros foi para Yolanda Maseda, cunha decoración elegante e harmoniosa que destacou pola súa cuidada presentación. E o terceiro de 50 euros levouno Juan Cortiñas, pola súa proposta creativa que encantou ao xurado. Dende a organización, a Asociación Veciñal de Mor, quixeron facer un agradecemento especial “para o xurado, composto por Nazaret, Sonia e Montse, membros doutras asociacións veciñais, que dedicaron o seu tempo a valorar cada unha das propostas con dedicación e imparcialidade”.

## O Concello lanza unha nova edición do proxecto a Escola de Familias

Comeza unha nova edición do programa educativo Escola de Familias, un proxecto que busca ofrecer ferramentas e recursos ás familias para afrontar os desafíos da educación das crianzas. Este ano, a iniciativa conta coa colaboración do colectivo Educando en Familia e incluírá un total de seis obradoiros que se impartirán nos colexios do municipio.

**CALENDARIO.** O calendario dos obradoiros da Escola de Familias é o seguinte: O 15 de febreiro abordará 'Construíndo unha autoestima sa en nós e nas nosas crianzas', tamén de 11.00 a 12.30 horas no CEIP de San Miguel. O 15 de marzo será a quenda de 'Relacionámonos con afecto', de

11.00 a 12.30 horas no CEIP de San Cosme. O 26 de abril analizarase 'As habilidades sociais e a comunicación: como ter asertividade?', de 11.00 a 12.30 horas no CEIP de San Miguel. O 24 de maio tratarase 'O xogo e os xoguetes: o sexismo comeza no ocio', de 11.00 a 12.30 horas no CEIP de San Cosme. Finalmente, o 14 de xuño será o obradoiro sobre 'A violencia entre iguais: como detectala?', de 11.00 a 12.30 horas no CEIP de San Miguel.

As inscricións para participar no programa xa están abertas. As persoas interesadas poden formalizalas acudindo ao Concello de Barreiros ou descargando o formulario dispoñible na páxina web.

## O PP critica o peche prolongado da cafetería do centro social

Os concelleiros do PP de Barreiros afirman que "sete meses son un tempo máis que prudencial" para poder solucionar os problemas que presenta o bar do centro social que pechou en xuño do ano pasado e que non se volveu a sacar a licitación. O voceiro do PP, José Manuel Gómez Puente, explica que dende que a persoa que tiña anteriormente a concesión deixou a actividade non se volveu a abrir e, neste tempo, a alcaldesa "non fixo o seu traballo nin amosou interese por solucionar os problemas de humidades nin outras deficiencias que presenta esta instalación municipal".

José Manuel Gómez Puente non entende como o Concello mantén



pechada esta instalación sobre todo "porque era un lugar de xuntanza para os veciños e para facer moita vida social".

**CONCELLO.** Tralas queixas dos po-

pulares, o goberno local aprobou un proxecto para adecuación da cafetería que ascende a 54.088,34 euros; co que acometerán as obras e investimentos necesarios para poder poñer en funcionamento dito servizo.

## Impulsan unha campaña para reforzar a prevención de incendios

O Concello vén de lanzar unha campaña de comunicacións para lembrar a obriga de cumprimento da lei de incendios e da nova ordenanza para solo urbano e núcleo no relativo á prohibición da existencia de plantacións forestais.

A alcaldesa de Barreiros, Ana Ermida, explicou que se trata de "facer cumprir unha normativa tanto da Xunta como do Concello que ten como obxectivo protexer as persoas e os bens."

Ao abeiro do convenio subscrito coa Xunta de Galicia para dar cumprimento á Lei de Incendios, o Concello de Barreiros puxo en marcha un

sistema de notificacións personalizado a aquelas persoas titulares de plantacións forestais que incumpran a distancia a vivendas ou núcleos de poboación. Segundo a normativa autonómica, estes traballos deben realizarse antes do 31 de maio.

Ao mesmo tempo, o municipio lembra a entrada en vigor da nova ordenanza municipal na que tamén se prohiben plantacións forestais en solos urbanos ou de núcleo rural. Neste caso, o prazo para a retirada das especies forestais será ata o 30 de xuño.

A alcaldesa aclarou que se trata de "notificacións oficiais personalizadas

nas que se lembra a obriga de cumprimento das normativas, os prazos e as consecuencias en caso de incumprimento." Ana Ermida explicou tamén o procedemento que se seguiu e que se diferencia do seguido noutros concellos: "nós optamos por notificacións escalonadas, continuadas no tempo, pero agrupadas por parroquias, de xeito que se facilita o acceso á información e a propia resolución de dúbidas que poidan existir. Deste xeito, irán chegando esas notificacións ás distintas parroquias, polo que quen coñeza xa esa obriga de retirada de plantacións forestais, pode ir xestionando os traballos".

### CAMIÑANTES E CAMIÑOS



A asociación cultural de sendeirismo Camiñantes e Camiños de Barreiros realiza neste 2025 o Camiño de do Mar. Este pasado sábado, 11 de xaneiro, máis de 40 persoas fixeron a etapa comprendida entre Barreiros e San Martiño, en Foz. As persoas interesadas en participar poden inscribirse chamando ao 623 226 825. Aquelas persoas que fagan as 10 etapas do Camiño do Mar recibirán como agasallo unha camiseta e unha mochila.

## Os encontros NatureWatch desenvolveranse en marzo

Do 28 ao 30 de marzo vaise desenvolver en Barreiros o Encontro de Turismo e Observación da natureza NatureWatch A Mariña Lucense.

Os encontros NatureWatch son foros especializados de ecoturismo que se celebran en diferentes puntos de España, atendendo ás características singulares de cada lugar. Teñen como obxectivo contribuir ao impulso do turismo de observación da natureza e no caso da Mariña servirá para poñer en valor os recursos naturais

locais e o potencial do territorio para desenvolver actividades relacionadas con esta modalidade turística, especialmente o seu patrimonio ornitolóxico, natural e xeolóxico.

NatureWatch está recoñecido pola Organización Mundial do Turismo como evento colaborador, que convoca a participantes nacionais e internacionais e congrega en cada edición a un gran número de persoas relacionadas coa práctica e divulgación do turismo sostible de natureza.



**CENTENARIA.** Barreiros conta cunha nova centenaria. Dora García Fernández cumpriu onte un século de vida. No seu domicilio de Reinante celebraron a carón do seu fillo con doce conmemorativo preparado para a ocasión. Nada en Lugo, leva moitos anos vivindo en Reinante, a terra do seu home. "Dora García come de todo", segundo conta José Manuel, o seu fillo, "e pasa o día na casa lendo o periódico e algunha revista, vendo a televisión, e recibindo a visita de amizades e veciños que se achegan vela e a charlar con ela". Arredor da mesa comparten conversas e café. "Dora goza de boa saúde e dunha mente privilexiada", engade.

## Xa hai gañadores do certame de poesía e debuxo Nadal 2024

A biblioteca deu a coñecer aos gañadores no certame de poesía e debuxo Nadal 2024. Ademais os traballos premiados na modalidade de poesía pasan á fase provincial convocada pola Biblioteca Pública de Lugo.

Así, os premiados en poesía Categoría A foron Marco Díaz Carril, Bruno Ermida Rivas e Uxía Sánchez Febrero. En Categoría B foron Sara González Pérez, Vera Otero Dorrego e Adam Lakrin. E na Categoría C tan só houbo unha agasallada, Carla Rañón Broz. No certame de debuxo os premiados foron Ana Castrillón Pico, Eduardo Moreda Mieses e David Vázquez Aenlle.

## lourenzá

## Jonydasvie podería representar a San Marino en Eurovisión



O cantante laurentino Jonydasvie acaba de ser preseleccionado para participar no festival no que se elixe ao representante da República de San Marino en Eurovisión 2025, que se celebrará en maio en Basilea (Suíza). Está na fase previa á semifinal e á espera dos resultados.

Jonydasvie, que xa fora preseleccionado por San Marino no ano 2023, explica que se decidiu optar outra vez a representar a ese estado xa que: “en España non hai oportunidade e na vez anterior tratáronme moi ben en San Marino. Ademais agora tiña creadas dúas cancións perfectas para a ocasión, envieinas e fun seleccionado de novo. Son dúas propostas moi fortes, no meu estilo, electrónico, nas cales estarei acompañado por unhas grandes profesionais da danza”.

## O 9 de marzo será o tradicional Domingo de Piñata laurentino



O vindeiro domingo 9 de marzo, Lourenzá vestirá as súas mellores galas para celebrar o tradicional Domingo de Piñata de Entroido. Esta festa, unha das máis emblemáticas do municipio, reunirá veciños e visitantes de toda a comarca para desfrutar dunha xornada chea de cor, alegría e diversión.

A participación no desfile está aberta a todas as persoas interesadas, pero será necesario inscribirse previamente. As inscricións poderán realizarse enviando un correo electrónico a [entroidolourenza@gmail.com](mailto:entroidolourenza@gmail.com) antes do venres 7 de marzo. Para aqueles que non puidesen anotarse con antelación, tamén haberá unha última oportu-

tunidade de facelo o mesmo día do evento no recinto feiral, entre as 12:00 e as 15:30 horas.

O desfile dará comezo ás 16:30 horas desde o recinto feiral, percorrendo as principais rúas da vila ata chegar á Praza do Conde Santo. Durante o percorrido, os participantes exhibirán os seus disfraces, comparsas e carrozas, creando un ambiente festivo que encherá de música e animación as rúas de Lourenzá.

Como incentivo adicional, a organización repartirá máis de 5.500 euros en premios entre os mellores disfraces e agrupacións, fomentando así a creatividade e a participación activa da cidadanía.

## O BNG critica o rexeitamento dunha moratoria na suba do IBI e da taxa de auga

O BNG de Lourenzá vén de informar que foi rexeitada no Pleno a súa proposta para establecer unha moratoria na aplicación da suba do IBI e da taxa de abastecemento de auga en Lourenzá.

Esta proposta “foi motivada polas dificultades do sector agro-gandeiro, e foi rexeitada polo goberno socialista”, din os laurentinos. O BNG lamenta que non se priorice o apoio aos cidadáns e solicita colaboración interinstitucional para paliar a situación. “Escúdanse en que deben asumir competencias que lles son impropias e que os servizos prestados son deficitarios e non lles chega o financiamento que reciben. Din entender as circunstancias e que en reunións mantidas cos fabeiros se lles puxo de manifesto o apoio do Concello de cara a intentar buscar axudas nas outras Administracións para paliar as perdas que houbo”, sinalan, “por suposto que nos sumamos a esa petición de axuda de todas as Administracións que teñan competencias para prestar calquera tipo de axuda”. Dende o BNG “non entendemos como a Administración que debe



estar máis preto dos cidadáns, o Concello, non sexa quen de aportar o seu gran de area aceptando a moratoria na suba de impostos feita de xeito abrupto e sen saber o alcance do que se ten previsto recadar con esta medida posto que non hai ningún estudo feito ao respecto.”

“A solución non pasa por que arriemen o ombreiro os demais, na medida das nosas posibilidades debemos colaborar. Debemos ir todos xuntos posto que a falta de ingresos e as perdas acumuladas neste sector prioritario para Lourenzá, repercuten en todo o tecido económico do concello”, engaden.

## O PP esixe un arranxo efectivo para a pista de Maderne

O PP de Lourenzá urxe ao Goberno local a levar a cabo traballos para o arranxo dunha pista municipal en Maderne incluíndo “a aplicación de aglomerado e a limpeza de cunetas e canles que favorezan o desague”; tras comprobar que a actuación realizada non solucionará o problema a longo prazo. Os populares expuxeron no último Pleno as queixas dos veciños, pero a resposta do Goberno local foi que xa se estaban levando a cabo reparacións. Din que, “se os traballos non inclúen a aplicación dun pavimento máis resistente á auga nin tarefas para corrir o problema que está a ocasionar o deterioro da calzada como é o fluxo de auga que discorre por riba; o que se está a facer é malgastar recursos económicos porque a problemática repetirase”.

Os concelleiros do PP explican, ademais, que “non hai tubaxes para desaugar a auga das cunetas que corre ata acumularse nas zonas máis baixas asolagando fincas particulares”.

A situación agrávase na zona pola existencia dunha masa común que se atopa sen limpar, acumulando maleza.

## a pontenova

## O descenso de carrilanas será Campionato de Europa 2025



A Pontenova converterase no epicentro da velocidade e da emoción coa celebración do Campionato Europeo de Carrilanas FISD. Este evento, recoñecido a nivel internacional, reunirá aos mellores pilotos de carrilanas de toda Europa, nunha competición chea de adrenalina e espectaculares descensos.

Esta cita, organizada por Motoreo A Pontenova, será do 24 ao 27 de xullo e para inscribirse haberá que facelo antes do 1 de maio. Para calquera dúbida haberá que enviar un email a [motoreopontenova@gmail.com](mailto:motoreopontenova@gmail.com).

As rúas e pendentas da vila transformaranse nun circuito de pri-

meira categoría, preparado para acoller tanto os competidores profesionais como os apaixonados deste deporte único. A organización, a cargo da entidade local Motoreo A Pontenova, e a Federación Internacional de Sports de Descenso (FISD), garante un evento de alto nivel cunha infraestrutura preparada para o público e os participantes.

Os asistentes poderán gozar de carreiras trepidantes, exhibicións e unha ampla variedade de actividades paralelas. A combinación de deporte, cultura e tradición fai deste campionato un evento único e imperdible na Pontenova.

## Miguel Ángel Revilla será o pregoeiro da Festa da Troita

A Pontenova prepárase para unha edición moi especial da Festa da Troita en 2025, cun pregoeiro de luxo: Miguel Ángel Revilla. O ex-presidente de Cantabria, ademais de economista, profesor, escritor e pescador apaixonado, será o encargado de dar inicio a unha das festas máis emblemáticas da zona. Revilla, nacido en Salceda, no concello de Poblaciones (Cantabria), é unha figura moi querida en toda España polo seu carácter afable e sincero, que o converteu nun personaxe mediático destacado. Ademais, mantén vínculos familiares coa Pontenova, o que fai a súa participación neste evento aínda máis especial.

Como parte da homenaxe, será distinguido coa Troita de Ouro da Festa, un recoñecemento á súa traxectoria e vinculación coa localidade. Sen dúbida, a presenza de Miguel Ángel Revilla promete converter a Festa da Troita 2025 nun acontecemento inesquecible para veciños e visitantes.

**ENTROIDO.** A Asociación de Pensionistas e Xubilados U.D.P. Val de Miranda de A Pontenova organiza unha Comida-Baile de Entroido o sábado 22 de febreiro de 2025 no



Local das Sociedades.

O evento comezará ás 14.00 horas cun xantar servido polo Lar de Balbina, tras o cal haberá música en vivo a cargo do Dúo Muralla ata as 20.00 horas. Ademais, ás 16:00 horas celebrarase a Asemblea Xeral Ordinaria para a aprobación das contas do ano 2024.

O prezo do evento será de 20 euros para socios e 30 euros para non socios, sendo o 18 de febreiro a data límite para anotarse. Os interesados poden reservar a súa praza chamando aos teléfonos de contacto dispoñibles: Carballeira (659 98 84 51), José (619 41 40 23) ou M<sup>a</sup> Carmen (676 05 33 92), así como falando con calquera membro da directiva.

## Os Manolos celebran o seu encontro anual



A tradición mantense viva en Mondoñedo. Preto de trinta persoas reuníronse na Taberna da Galiana para celebrar a xa clásica xuntanza dos Manolos de Mondoñedo, unha comida que vén realizándose desde hai anos e que se converteu nunha cita imprescindible para aqueles que comparten este nome. Nesta ocasión, o máis novo do encontro foi Manolo Centeno, de 34 anos, mentres que os máis veteranos foron Ernesto Manolo,

con 92 anos, e Manolo de Neira, con 90. A xuntanza, ademais de reforzar os lazos de amizade, serve como espazo de recordos e celebración para os asistentes, que cada ano manteñen vivo este peculiar encontro. O evento rematou cun brindado pola continuidade desta tradición, coa esperanza de que moitos máis Manolos se sumen ás vindeiras edicións desta singular reunión mindoniense.

## A Editorial Galaxia recibirá a distinción mindoniense de Cunqueiriano de Honra 2025

O venres 28 de febreiro, a Editorial Galaxia recibirá a distinción de Cunqueiriano de Honra 2025 nun acto que terá lugar no Salón de plenos do Concello ás 12.00 horas. O discurso correrá a cargo de César Cunqueiro, fillo do escritor, e a editorial converterase na novena homenaxeada desde a creación deste recoñecemento. O galardón busca recoñecer o labor de persoas e entidades que contribuíron á visibilización e difusión da figura e obra do escritor mindoniense. Neste 2025, a

comisión organizadora recoñece o forte vínculo histórico entre a Editorial Galaxia e Cunqueiro, xa que foi neste selo editorial onde se publicaron as súas obras máis emblemáticas e onde a súa produción literaria foi amplamente divulgada. Con este galardón, o Concello e a Casa Museo Álvaro Cunqueiro reafirmanse no seu compromiso coa preservación e promoción da obra do escritor mindoniense, garantindo que a súa memoria e legado continúen vivos para as xeracións futuras.

## Dúas árbores optan a ser declaradas senlleiras

O Diario Oficial de Galicia (DOG) anunciou a apertura do proceso de información pública para avaliar a solicitude de inclusión de catro árbores no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras. Dous destes exemplares están situados en Mondoñedo, mentres que os outros corresponden a formacións arbóreas localizadas noutras zonas de Galicia. A Consellería de Medio Ambiente

e Cambio Climático foi a encargada de realizar o anuncio. No caso dos exemplares de Mondoñedo, a solicitude foi presentada o 8 de novembro de 2024 por Simonetta Dondi Dall'Orologio. Un dos exemplares corresponde á especie *Platanus orientalis* L., e o outro, á especie *Buxus sempervirens* L.. Ambas peticións foron rexistradas pola mesma persoa na mesma data.

## Un cento de carteis e ilustracións amosan o 'Universo Vizoso' en Lugo

O Pazo de San Marcos acolle ata o 29 de marzo a exposición 'Universo Vizoso', unha mostra que afonda na obra do artista mindoniense Xosé Vizoso. Comisariada por Aser Álvarez, esta exhibición presenta preto dun centenar de carteis e ilustracións que permiten trazar a evolución creativa do autor, alén da súa recoñecida traxectoria en Sargadelos. Ademais, acompáñase dunha trintena de fotografías do seu arquivo persoal, ofrecendo unha visión íntima do seu universo artístico.

A deputada de Cultura, Iria Castro, destacou na inauguración que esta mostra nos achega ao legado de Vizoso coincidindo coa dedicación do Día da Ilustración ao seu traballo. Un artista que, como describía Xosé Neira Vilas, transformou de xeito silencioso a paisaxe visual galega a



través do seu xenio artístico e da súa capacidade para conectar co público mediante o deseño e a ilustración. Xosé Vizoso comezou a destacar no mundo da arte durante a súa mocidade, influenciado polo escultor Juan Puchades. A súa carreira estivo marcada polo seu traballo en

Sargadelos, onde creou dúcias de pezas e ilustrou numerosos libros. Pero o seu talento foi moito máis alá: o seu legado abrangue carteis, logotipos, escenografías, murais e pinturas, consolidándose como unha figura clave na arte galega contemporánea.

## André Outeiro foi nomeado novo responsable do BNG de Mondoñedo

A Asemblea Local do BNG de Mondoñedo elixiu por unanimidade a André Outeiro García como responsable local, substituindo no cargo a Eloi Cabanas que continuará exercendo a labor de voceiro do grupo municipal no Concello. Os nacionalistas mostran total confianza no novo responsable local que leva anos vinculado á formación primeiro como simpatizante e agora como mi-

litante e confían no seu compromiso e na súa capacidade de traballo para seguir avanzando para converter ao BNG na verdadeira alternativa de cara ao 2027. André, de 46 anos e veciño do Barrio dos Muíños, traballa como responsable de sistemas nunha empresa tecnolóxica, agradece a confianza que depositan nel os compañeiros e compañeiras da organización e már-

case como obxectivo nesta nova etapa ensanchar a base social do nacionalismo no concello para construír unha alternativa política solvente. "Iniciamos unha nova etapa cunha organización local máis forte para traballar man a man cos nosos veciños e xerar dinámicas construtivas que logo poderemos trasladar ao concello da man dos nosos concelleiros do grupo municipal Eloi e Pepa."

## Veciños de Santa María Maior reclaman o arranxe da LU-P-3103

Os veciños da parroquia de Santa María Maior, en Mondoñedo, levan máis de dous anos reclamando solucións ante os graves problemas derivados da rotura das canalizacións de drenaxe da estrada provincial LU-P-3103 ao seu paso polo barrio do Fondo da Vila. Ante a falta de resposta por parte da Deputación, a veciñanza intensificou as súas protestas, chegando a presentar máis de 260 sinaturas para esixir unha actuación inmediata.

A situación afecta a numerosos residentes, que ven as súas vivendas e propiedades danadas polas riadas de auga que descenden pola estrada cada vez que chove con intensidade. En casos extremos, algunhas casas sufriron inundacións, mentres que



outras persoas viven con medo ás caídas e deterioro das entradas ás súas propiedades. Ademais, a entrada á Casa da Escola, un espazo clave para a vida comunitaria da parroquia, tamén se atopa en condicións perigosas.

A veciñanza denuncia que as canalizacións de drenaxe rebentaron pola presión da auga debido, probablemente, ao mal deseño, obstrución e falta de mantemento. A situación agravouse no lugar de Braña, tamén afectado pola desfeita na marxe da estrada. A través da recollida de sinaturas, os veciños esixen que a Deputación adopte as medidas necesarias para canalizar correctamente a auga de escorrentía, que se mellore o mantemento das cunetas e se repare o firme da estrada. Para eles, esta é unha cuestión de seguridade e xustiza, xa que consideran inaceptable que pasasen máis de dous anos sen que se lles dea unha solución efectiva.



# “O modelo 3D é a base, xa que permite coñecer canto levamos”

A Cova do Rei é a maior cova de Galicia e sen dúbida unha das máis visitadas, malia o mesmo tempo é unha das máis descoñecidas

Por Ana Somoza

Falamos con Marcos Vaqueiro, director do proxecto Rei Cintolo: Objetivo 11.000 m., que consistiu en topografiar ata 11 quilómetros da cavidade mindoniense e que xa conta con modelos dixitais para o seu estudo.

**Como xurdiu o proxecto Rei Cintolo: Objetivo 11.000 m.?**

Realmente foi unha casualidade. A idea era facer un exercicio de modelado dixital dunha pasaxe de Rei Cintolo para ver como quedaba. Pero por puro divertimento. No ano 2017 o C.E. A Trapa (CETRA) organizou en Mondoñedo un encontro con espeleólogos de varios clubs, adicado ao modelado dixital das covas e a elaboración de cartografía morfolóxica e xeomorfolóxica das mesmas. Nese encontro coñecín a Xurxo Lorenzo, estudoso da cova de Rei Cintolo. E volvémonos atopar no seguinte edición do encontro de topografía no 2018. Durante a cea de confraternidade, e vistos os resultados dos modelos obtidos en varias covas pequenas da zona, acordamos aventurarnos a facer o levantamento 3D da ruta circular Tubo de Presión – Potes – Cirios na cova de Rei Cintolo. E o fixemos a finais de marzo do 2018. O modelo quedou ben, así que pouco despois fixemos unha segunda proba para o mes de xuño, ampliando o modelo coa volta Potes – Muñecos – Cirios. E despois formulamos unha terceira xornada para setembro. E xa

**“Temos xa un modelo dixital de 9.204 m de cova, con 102 m de desnivel entre o punto máis alto eo máis fondo”**

rematando o ano planificamos un traballo máis sistemático, orientado a re-exploración, modelado dixital, cartografía morfolóxica e estudo da cova. E xa levamos 113 sesións de traballo en cova, organizadas en 51 expedicións.

**Quen foron os impulsores?**

Iso non é doado de responder. A primeira sesión de traballo a promovemos Reinaldo Costas e eu do C.E. A Trapa, e Xurxo Lorenzo do E.C. Rei Cintolo. E a esta aventura “de proba” incorporáronse uns cantos voluntarios, entre eles

Javier Fouz, daquela do G.E. Flash (Madrid); Rosa María Varela e Gonzalo Villarmea daquela no G.E. Lugo. Na segunda sesión en xuño de 2018, xa había 11 espeleólogos de 7 clubs. E a cousa foi medrando. Nestes case sete anos, colaboraron ate 106 espeleólogos ou investigadores. No 2024 participaron de forma activa 34 persoas. E aínda que non o pareza, levamos acumuladas algo máis de 4.900 horas-persoas de traballo na cavidade.

**Cal é a misión principal?**

O proxecto, e mesmo a investigación, articulase ao redor do modelado dixital da cova. O modelo 3D é a base do traballo, porque é o propio modelo o que permite coñecer canto cova levamos explorada ou topografiada. E é esencial para entender a súa estrutura, xeometría e orografía. Ademais sobre o modelo facemos referencias espaciais as mostraxes para datacións, os puntos de mostraxes e os seus resultados analíticos; e tamén documentamos os impactos, restos arqueolóxicos e paleontolóxicos, rexistros relacionados coa biodiversidade e poboación subterráneas, e tamén rexistros relacionados coa xeomorfo-diversidade, a hidrotopografía, augas

**Cales son os maiores desafíos aos que se enfrontaron?**

Pois houbo varios. Un dos maiores foi o tecnolóxico pois cando comezamos só tiñamos un instrumento de medida para traballar na cova con precisión. E precisabamos máis instrumentación, robusta, áxil e de custe asumible, que puideran medir con precisión e en condicións complicadas, para poder traballar con varios equipos en paralelo de cara a avanzar. Pero a realidade é que non existen moitas opcións comerciais accesibles para traballar en cova. Ao final parte do material o conseguimos como préstamo doutros proxectos en cova nos que colaborabamos co Instituto Universitario de Xeoloxía da UdC. Outros grazas a cesións de outros clubs.

**Cal foi o gran avance?**

Foi a a finais do 2022, grazas a Moisés Pereira do C.E. A Trapa (CETRA), que nos construíu varias unidades de Caveatron con LIDAR integrado, co que conseguimos chegar a traballar con cinco equipos en paralelo. Pero tamén foi un desafío adestrar aos participantes no emprego axeitado de diferentes instrumentos, de medida, ademais



Fotografías facilitadas por Marcos Vaqueiro


**Como é a cova do Rei Cintolo?**

Temos xa un modelo dixital de 9.204 m de cova, con 102 m de desnivel entre o punto máis alto eo máis fondo. Cando comezamos no 2018, a cartografía da cova de 1979 incluía uns 5.190 m, aínda que creían que a cova acadaba os 6.500 m. Pero xa ves. A aposta do 2025 é dobrar a medición do século pasado. O modelo dixital inclúe preto de 14.000 estacións topográficas. E dispoñemos de varias bases de

siles de uapití, oso e cabra montesa; máis de 1.400 rexistros relativos ao medioambiente, parámetros físico-químicos e isotópicos das augas, temperaturas de augas e aire, velocidades de aire e dirección de fluxo, radiación natural ...; e tamén máis de 70 rexistros relativos a residuos (localizados e retirados restaurando a zona afectada) e impactos ...

**Esta cova está moi estudada?**

Eu diría que non. Aínda que a Cova do Rei Cintolo é a maior cova de Galicia, e sen dúbida unha das máis visitadas, e ao mesmo tempo unha das máis descoñecidas. Certo é que hai traballos previos, algún histórico como o de Villa-Amil y Castro do 1873 que estudou unha parte da cova hai máis de 150 anos. Outros centrados na exploración e cartografía da cova (na década dos 70 do século pasado). Algúns relativos a microfauna. Algún artigo illado publicado tralas escavacións arqueolóxicas do 2004. O máis recente foi o libro de Xurxo Lorenzo e Javier Fouz sobre a historia das exploracións, traballo no que tamén describen a cova e parte dos seus valores naturais. O proxecto que estamos a desenvolver abrangue moitas áreas relevantes para tratamos de contar a xénese, e evolución da cova como o esquema estrutural, xeomorfoloxía, hidrotopografía, xeocronoloxía, ... mais tamén un inventario sistemático e fotodocumentado de valores naturais (biospeleolóxicos e xeomorfolóxicos) e culturais (arqueolóxico e paleontolóxico)... E ademais rexistros medioambientais e de impacto, todo en prol de entender, coñecer e promover a protección desta cova.



Fotograma do modelo 3D da cova, dentro da súa montaña, e no que se atopan marcados os distintos órdenes de espécimes avistados durante a exploración

subterráneas e recursos fráxiles... O modelo dixital da soporte a toda a información que temos sobre a cova. Compre sinalar ademais na espeleoloxía, o único xeito de dicir ata onde chegamos e reflectindo a cova nun plano ou modelo que outros poidan avaliar.

de establecer un criterio e metodoloxía común para o traballo. Isto o resolvemos cos encontros de topografía, evento no que repasamos criterios de traballo e nos que nos “adestramos” para traballar cada campaña. O vindeiro encontro será en febreiro de 2025.

datos xeoreferenciadas ao modelo dixital. Nesas bases de datos temos 72 rexistros relativos aos habitantes da escuridade. E entre eles, cando menos 3 especies inéditas; tamén temos 43 rexistros relativos a patrimonio cultural arqueolóxico e paleontolóxico, incluíndo restos fó-

## Máis de 4.500 firmas para modificar a normativa de pesca submarina

A Asociación Galega de Pescadores Submarinos Responsables (AGPESUR) dá un paso na defensa dos dereitos dos pescadores submarinos. A asociación presentou no rexistro da Xunta máis de 4.500 sinaturas recollidas a través da plataforma Change.org.

Estas sinaturas respaldan a solicitude de modificación da normativa de pesca submarina en Galicia, que segundo sinalan, actualmente restrinxen esta práctica durante sete meses ao ano, permitindo a súa realización unicamente durante os fins de semana e días festivos. Esta restrición converte a Galicia na única comunidade autónoma de todo o Estado onde se impón esta limitación.

Desde AGPESUR cualifican esta normativa como “inxusta, arbitraria e discriminatoria”, xa que, segundo afirman, impide o desenvolvemento dunha actividade que consideran sostible, respectuosa e vinculada á tradición cultural galega.

A asociación aposta por un marco normativo equilibrado que compatibilice a pesca submarina responsable co resto de actividades marítimas, garantindo ao mesmo tempo o respecto polo medio ambiente e polos recursos mariños. “Desde AGPESUR, continuaremos traballando sen descanso por unha regulación xusta para a pesca submarina en Galicia”, manifestaron desde a entidade.

## A Deputación colaborará coa Confraría de Pescadores de Foz

O deputado de Medio Rural, Mar e Mocidade, Daniel García Fernández, reuniuse co patrón maior da Confraría de Pescadores de Foz, José Lestegás Iglesias, e outros membros do pósito para presentar e concretar o convenio de colaboración que a área provincial subscribirá coa entidade. Este acordo contempla unha achega de 9.000 euros, consignados nos orzamentos da Deputación para o ano 2025.

A achega destinarase a cubrir gastos de actividade e funcionamento, permitindo á confraría afrontar o pagamento do alugueiro das instalacións -propiedade de Portos de Galicia-, que se empregan como almacén para redes, aparellos e maquinaria de carga e descarga. Tamén incluírá subministrados básicos dos locais, como telefonía, electricidade ou



auga, entre outros gastos asociados á súa actividade.

A Confraría de Foz, que está a piques de cumprir un século desde a súa fundación en 1929, conta actualmente con catro embarcacións adscritas: dúas de cerco e dúas dedicadas a artes menores, que dan emprego a unha trintena de persoas.

As dificultades do sector pesqueiro en Foz, agravadas pola falta de calado do porto, incrementáronse nos últimos anos debido ás restricións na pesca de especies clave como a sardiña, o bocarte, o chicharro ou a cabala. Estas limitacións obrigaron á frota de baixura a permanecer amarrada.

## Asinado un convenio entre a Consellería de Mar e a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo

O conselleiro do Mar, Alfonso Villares, asinou co presidente da Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo, Basilio Otero, un acordo para reforzar a colaboración entre a Administración autonómica e o sector provincial por valor de 80 mil euros. Esta achega está destinada a apoiar a actividade desta entidade en favor das persoas pescadoras e do desenvolvemento da actividade pesqueira da provincia. Durante o acto de sinatura do convenio o representante do Executivo galego puxo en valor o traballo da Federación como interlocutora das mulleres e homes do mar na provincia de Lugo. Non en van, lembrou que a entidade aglutina a 6 confrarías -a saber, Burela, Celeiro, Foz, Ribadeo, San Cibrao e O Vicedo-, que teñen en conxunto 496 afiliados e 169 embarcacións.

Alfonso Villares remarcou o compromiso da Xunta de Galicia por seguir traballando a favor dos profesionais do sector marítimo en coordinación directa con eles a través das entidades que os representan para optimizar as políticas pesqueiras que se promoven desde a comunidade autónoma.

## A feira Expomar amosou as súas dúas décadas de traxectoria en Fitur 2025



A feira náutico-pesqueira Expomar 2025 presentouse oficialmente nun acto institucional na Casa de Galicia en Madrid co obxectivo de aproveitar o marco da feira internacional de turismo Fitur e dar maior relevancia ao alcance global de Expomar dentro dos sectores da pesca e a industria naval.

A Feira Expomar 2025, que se celebrará entre o 7 e o 10 de maio na nave de redes do porto de Burela, é un gran punto de encontro para os profesionais do sector marítimo e pesqueiro, así como para as administracións públicas, que se reunirán para abordar os retos e as necesidades do mundo do mar. A Deputación de Lugo colabora estreitamente cada ano coa Fundación Expomar na organización desta feira, como parte do seu compromiso co sector primario.

O conselleiro do Mar, Alfonso Villares, tamén participou e enalzou as dúas décadas de traxectoria deste evento dedicado ao sector pesqueiro e que serve cada ano para poñer en valor o traballo e bo facer da xente do mar. Nesta liña, resaltou que se trata dun evento consolidado que atrae cada ano a centos de expoñentes e miles de visitantes amosando os avances no ámbito da actividade pesqueira responsable e sostible.

O evento, enmarcado na Feira Internacional de Turismo (Fitur), serviu para expoñer os eventos centrais que promove a Fundación Expomar como son a Feira Monográfica Náutico-Pesqueira, o Encontro Empresarial de Organizacións Pesqueiras, e as Xornadas Técnicas.

## Fedepesca sinala que “é inasumible a subida do SMI e a redución da xornada”



Fedepesca, a patronal das peixerías, vén de advertir de que “é inasumible a subida do salario mínimo e a redución da xornada laboral”.

“1.903,75 euros ao mes. Este sería o custo exacto que tería que asumir un autónomo peixeiro por contratar a un empregado sen experiencia nin formación, se se aproba a proposta de Yolanda Díaz, e que se sumaría ao incremento xa real do 67,3 % do SMI nos últimos 8 anos. De aplicarse esta subida, en 9 anos o aumento do SMI sería do 80,7 % (de 2016 a 2025)”, din desde a patronal.

Se, ademais, se aplicase a redución da xornada laboral a 37,5 horas semanais, como demanda a Vicepresidenta do Goberno, “este incremento de custos agravaría aínda máis a situación, condenando o comercio tradicional en xeral, e as peixerías en particular, ao peche”.

Desde Fedepesca, calcúlase que máis de 350 peixerías desaparecen cada ano en España. Segundo os datos do INE, en 2007 había 12.632 empresas dedicadas á venda de produtos pesqueiros, mentres que en 2022 ese número reduciuse a 9.809 (último ano con datos publicados). Isto representa unha perda do 22,34 % en 14 anos. Ademais, estimando os datos dos locais, un terzo das 15.000 peixerías que había en 2007 desapareceron, co que o emprego no sector retrocedeu en 8.857 persoas, o que equivale a unha caída do 33,76 % nos postos especializados na venda de produtos pesqueiros.

Os datos do IPC de 2024 reflicten que os prezos de peixe e marisco fresco mantivéronse estables durante a crise de custos, cunha variación anual do 8,6 % en decembro.

# DEPUTACIÓN

## O Pleno aproba mocións para mellorar o SAF e as infraestruturas

O Pleno da Deputación de Lugo aprobou unha moción presentada polo PSdeG-PSOE na que solicita á Xunta de Galicia que archive os expedientes sancionadores abertos contra os concellos de Triacastela, Samos, Folgoso do Courel e Pedrafita do Cebreiro, por dificultades na cobertura do Servizo de Axuda no Fogar (SAF). A iniciativa, apoiada polo BNG e rexeitada polo PP, subliña que os concellos, que asumen gran parte do custo do servizo, precisan máis financiamento por parte da Xunta en lugar de sancións.

O presidente da Deputación, José Tomé, criticou que as multas, que poderían alcanzar os 20.000 euros, supoñen unha carga excesiva para municipios cunha poboación envellecida, onde o 45 % supera os 65 anos. Ademais, reclamouse a negociación cunha mellora da financiación, elevando o prezo da hora do servizo de 12 a 20 euros e reforzando os equipos de valoración da dependencia para reducir listas de espera.

Outra moción socialista aprobada insta á Xunta a reparar a estrada LU-651 no Courel e a desenvolver un plan integral para mellorar as vías autonómicas da provincia. Tomé acusou o PP de criticar obras alleas mentres “mantén abando-



nada a estrada do Courel desde hai tres anos” e sinalou que o treito entre Folgoso e Seoane está pendente desde hai máis de 15 anos.

**BNG.** Pola súa parte, o BNG presentou dúas mocións. Nunha delas, aprobada por unanimidade, solicitouse á Xunta unha cobertura médica estable nos centros de saúde de Riotorto e Oourol. Neste último, ante a falta de atención deriváronse pacientes a Muras, tamén con problemas similares. Na segunda, os nacionalistas reclamaron políticas sociais para garantir o acceso á vivenda.

As dúas iniciativas do PP foron rexeitadas. A primeira demanda-

ba unha mesa de traballo para repartir os recursos do parque móbil entre os concellos, e a segunda pedía a cesión da Casona do Incio ao concello, xunto con 250.000 euros para un proxecto veciñal, alegando abandono por parte do goberno provincial.

Finalmente, no apartado de rogos e preguntas, o PP interesouse pola axuda de 50.000 euros ao matadoiro de Sarria, anunciada en novembro de 2024, e pola adquisición dun supermercado no concello de Pol, que contou cunha partida de 105.000 euros. Tamén solicitaron melloras en estradas provinciais nos concellos de Cervantes e Mondoñedo.

## O Goberno provincial licita a posta en marcha do Xeopadrón

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou sacar a licitación do contrato por un importe de 1.260.000 euros para poñer en marcha o proxecto Xeopadrón. Así o anunciou o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, quen explicou que este proxecto de “modernización e dixitalización é un paso máis cara o proceso de transformación no que levamos traballando anos desde a Deputación, en colaboración cos Concellos, a través de diversas iniciativas que melloran a xestión administrativa e a prestación de servizos públicos”.

Rivera Capón indicou que este proxecto que a institución provincial desenvolverá con fondos europeos captados do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España, ten

por obxectivo mellorar a calidade e a fiabilidade dos datos do padrón facendo posible a súa revisión e depuración a través dun novo sistema de xestión.

“Este sistema permitirá contrastar os datos do padrón de cada concello sobre os habitantes empadroados e as súas vivendas coas bases de datos do Instituto Nacional de Estadística. Deste xeito, o INE contará cunha información depurada, contrastada, veraz e actualizada en relación aos habitantes de cada municipio”, apuntou o deputado.

O proxecto terá unha duración estimada de sete meses, cun compromiso de soporte e mantemento de seis meses tras a súa finalización, o que garantirá a sostibilidade e a calidade dos resultados a longo prazo. Ademais, a posta en marcha de Xeopadrón representa un avance

importante cara ao futuro Padrón Online, unha iniciativa do INE que permitirá crear unha base de datos xeorreferenciada de vivendas e fogares. Este salto cualitativo na modernización administrativa mellorará a actualización continua e áxil dos datos do padrón, o que optimizará a xestión de recursos e mellorará a calidade dos servizos públicos prestados aos veciños e veciñas da provincia.

“Con este proxecto, a Deputación de Lugo segue avanzando na consolidación dunha administración pública máis moderna, ao servizo da cidadanía e dos concellos da nosa provincia. Aproveitamos ao máximo as oportunidades que nos brindan os fondos da Unión Europea para mellorar a calidade de vida das nosas veciñas e veciños”, destacou Rivera Capón.



## Asinado o novo convenio colectivo e a RPT do Consorcio de Bombeiros

O presidente da Deputación e do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, José Tomé Roca; o presidente do Comité de Empresa, Álvaro Negueira Fernández; o vicepresidente do Consorcio e representante da Xunta de Galicia, Santiago Villanueva Álvarez; e os representantes sindicais asinaron o novo convenio colectivo e a Relación de Postos de Traballo (RPT).

“Hoxe é un día moi importante para a provincia”, destacou Tomé Roca, quen reafirmou o seu compromiso de garantir estabilidade e seguridade laboral aos profesionais que desempeñan este servizo esencial, protexendo á cidadanía e aos seus bens fronte a incendios e emerxencias.

Este acordo, pioneiro en Galicia, foi acadado tras máis dun ano de negociacións para mellorar a calidade do servizo, recoñecer o labor dos bombeiros, proporcionarles seguridade laboral e optimizar as súas condicións económicas, dignificando

a súa figura na sociedade.

O novo convenio inclúe avances significativos, como a incorporación de 26 novos efectivos, un incremento salarial anual de 6.000 euros para a categoría de bombeiro, unha redución de 158 horas anuais na xornada laboral (das 1.800 ás 1.642 horas), e o recoñecemento como persoal laboral fixo para os traballadores con contrato indefinido tras a subrogación realizada o 1 de maio de 2019. Ademais, contempla permisos e licenzas, melloras no equipamento e uniformes, redución da mobilidade entre parques comarcais, axudas sociais e días adicionais para asuntos propios.

O Consorcio de Bombeiros da provincia de Lugo, xestionado conxuntamente pola Deputación de Lugo e a Xunta de Galicia, inclúe os parques de Barreiros, Vilalba, Sarria, Monforte de Lemos, Viveiro e Chantada.

Este acordo marca un fito na xestión e nas condicións laborais do servizo de bombeiros en Galicia.

## Luz verde ao novo Plan Anual de Contratación

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou o Plan Anual de Contratación 2025 dotado con 27 millóns de euros. Un documento que recolle a previsión dos procedementos de contratación de servizos, subministracións e obras que desenvolverá a institución provincial ao longo deste ano. Así o informou o Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, tras a sesión semanal do Goberno.

Segundo indicou o Deputado, a cifra do Plan Anual de Contratación 2025 é “estimativa”, pero a elaboración deste texto “reflicte a capa-

cidade de planificación, de xestión e de transparencia deste Goberno”. Por outra banda, a Xunta de Goberno aprobou ampliar o prazo da convocatoria da VIII edición do concurso fotográfico: O Patrimonio Etnográfico Material das Reservas da Biosfera Terras de Miño e Os Ancares lucenses. Repartiranse 1.600 euros en premios entre os tres primeiros: 800 euros para o gañador, 500 e 300 euros. Os interesados en participar neste concurso teñen un mes máis, ata o 20 de febreiro, grazas a esta ampliación do prazo para presentar as súas fotografías

## DEPORTES

### O VI Xove Costa Trail terá lugar os días 22 e 23 de marzo



O VI Xove Costa Trail terá lugar os días 22 e 23 de marzo de 2025 e as inscricións estarán abertas ata o 18 de marzo. Esta inscrición conta con diferentes tramos de cotas e opcións de devolución ata o 16 de marzo.

A proba conta con categorías para adultos (XCT27K e XCT18K) e para nenos (XCT NEN@S), con trofeos para os primeiros clasificados e medallas para os máis pequenos. Máis información e inscricións en [www.xovecostatrail.com](http://www.xovecostatrail.com) e [www.ccnorte.com](http://www.ccnorte.com).

O Xove Costa Trail é unha carreira de montaña, que transcorre na súa maioría do percorrido, pola Senda Costeira de Xove e polo Camiño Natural do Cantábrico, o seu paso pola costa do Concello, dende a Praia de Portonovo, nos límites co Concello de Viveiro, ata a Praia de Morás, para logo adentrarse ata a parte interior do Concello de Xove por sendeiros e pistas forestais de uso público.

### A Camovi, a carreira de montaña de Viveiro xa ten data para este 2025

A Camovi 2025, a emblemática carreira de montaña de Viveiro, celebrarase no impresionante entorno natural da Mariña Lucense os vindeiros 26 e 27 de abril.

Este evento deportivo destaca pola súa combinación de retos técnicos e vistas espectaculares, congregando atletas de toda Galicia e máis alá.

Con varias modalidades para diferentes niveis, a proba ofrece un percorrido entre bosques, ríos e cumes, promovendo o deporte e o respecto pola natureza. Estes niveis son Camovi 42K, a Camovi 21K, Camovi 18K, Camovi 210K, Camovi Relevos 42K Relevos, e a Camovikids.

A organización prevé unha gran participación, fomentando o compañeirismo e o espírito deportivo. É unha cita imperdible para amantes do trail running e a aventura ao aire libre.

### O club O Cembedo Viveiro destaca no Máster Territorial Sénior celebrado en Ribadeo



O pavillón municipal de Ribadeo acolleu o Máster Territorial Sénior de Bádminton, onde o Club Bádminton O Cembedo de Viveiro tivo unha destacada actuación. Dez xogadores do club participaron no torneo, logrando excelentes resultados que reafirmaron o seu alto nivel competitivo.

Entre os logros, destaca a medalla de ouro conseguida por Mercedes Ballesteros xunto a Dolores (Athlos) en Dobres Femininos C1-C2-SV. Ademais, o equipo sumou tres medallas de prata: Kike e Pedro en Dobres Masculinos B1, Iván e Luisa en Dobres Mixtos B2, e M<sup>a</sup> José e Pedro en Dobres

Mixtos C1.

A participación completouse con cinco medallas de bronce: Kike en Individual Masculino B1-B2, Jorge en Individual Masculino C2, Juan Vicente e Iván en Dobres Masculinos B2, Jorge e Javi (Athlos) en Dobres Masculinos C1-C2, e Mercedes Lago e M<sup>a</sup> José en Dobres Femininos C1-C2-SV.

A próxima cita do club será os días 15 e 16 de febreiro no Máster N2 Sénior de Cedeira, onde os xogadores buscarán seguir sumando éxitos. O Club Bádminton O Cembedo continúa a demostrar o seu potencial e compromiso no panorama galego deste deporte.

### Santi Villares, do Iadovi de Cervo, conquista o Subcampionato de España de Tiro con Arco de 3D



O arqueiro Santi Villares, membro destacado do Iadovi Club de Tiro con Arco, vén de acadar un novo éxito deportivo ao proclamarse Subcampión de España de Tiro con Arco na modalidade de 3D. Esta disciplina, que combina precisión e habilidade en escenarios simulados de caza con figuras tridimensionais, esixe unha gran concentración e destreza técnica, cualidades que Villares demostrou ao longo da competición.

O campionato, celebrado recente-

mente, reuniu aos mellores arqueiros do país, nun nivel de competición moi esixente. Santi logrou superar con solvencia as distintas roldas, destacando entre un grupo de deportistas de alto nivel, o que reforza a súa posición como un dos grandes referentes deste deporte.

O seu éxito non só representa un logro persoal, senón tamén un motivo de orgullo para o Iadovi Club de Tiro con Arco, que continúa promovendo e apoiando o talento deportivo na nosa comunidade.

### Vegadeo acolle este mes a VII Carreira Marcha Galbán 2025



O domingo 16 de febreiro de 2025, Vegadeo súmase á VII Carreira-Marcha Galbán, un evento solidario en apoio á loita contra o cancro infantil. Este ano será especial, xa que, por primeira vez, a Carreira-Marcha Galbán celebrarase simultaneamente nos 78 concellos do Principado de Asturias, tinguindo de laranxa toda a rexión como símbolo de solidariedade coa Asociación Galbán.

Os percorridos, cunha distancia de entre 2 e 5 quilómetros, adaptaranse ás características de cada municipio para garantir a participación de todos. Toda a información sobre o

evento, incluído o regulamento, os circuitos, as datas, os horarios, a recollida de camisetas e as inscricións, está dispoñible na páxina web oficial: [www.asociaciongalban.org/corre-con-galban/](http://www.asociaciongalban.org/corre-con-galban/).

Ademais, os participantes poden contactar co teléfono 634 459 359 (de luns a venres, de 10:00 a 20:00 horas) ou enviar as súas consultas ao correo electrónico oficial: [info@correongalban.org](mailto:info@correongalban.org).

Únete a esta xornada solidaria en Vegadeo e fai parte desta gran marxa laranxa que demostra o compromiso e a enerxía dos asturianos. Corre ou anda por unha boa causa.

### Récord de participación na Carreira Solidaria de Reis de Barreiros



A Carreira Solidaria de Reis, organizada polo Concello de Barreiros, conseguiu recadar un total de 667 euros, que serán destinados á Asociación Saúde Mental A Mariña, coa que o Concello colabora nesta edición do ano 2025. A xornada celebrouse o pasado domingo 12 de xaneiro en San Cosme e contou cun amplo programa de actividades. Incluíu unha andaina de 9 quilómetros, na que participaron 87 persoas, así como diversas carreiras infantís antes da proba absoluta de 8 quilómetros. A elevada

participación, con 329 inscricións, marcou un récord histórico para este evento.

O evento desenvolveuse nun ambiente de gran deportividade e solidariedade, reunindo no centro da vila a participantes, acompañantes e veciñanza. Foi unha celebración marcada polo espírito comunitario e o compromiso social.

O Concello de Barreiros quere expresar o seu profundo agradecemento a todas as persoas e entidades que contribuíron ao éxito da iniciativa.

# “Queremos difundir o xogo da petanca entre a poboación”

Carlos Molinero é o presidente do Club Petanca de Foz

Por Ana Somoza

**Cando e como nace o Club Petanca de Foz?**

A finais do verán de 2022 o Concello e a Deputación acabaron a construción de dúas pistas para xogar a petanca, no parque Uxio Novoneyra. Algúns veciños empezamos a xogar e pouco a pouco fomos crecendo, ata ser oito os xogadores, e decidimos crear un club, que se formalizou o 10 de abril de 2023.

**Por que ou con que motivación xorde?**

O motivo de fundar un club foi para poder ter un seguro colectivo que nos amparase en caso dun accidente. Pero tamén o fundamos para poder gozar do xogo ao aire libre e da nosa contorna. Así temos un sitio para quedar e falar.

**Que obxectivos ten?**

Pasar un intre ou unhas horas divertidas xogando e facendo un exercicio moderado, socializando cos compañeiros. E sobre todo queremos difundir o xogo de petanca entre a poboación e gañar máis xogadores.

**Quen conforma o club?**

Actualmente somos 59 socios dos que 41 son homes e 18 mulleres. Ao comezo desta aventura eramos todos xubilados, pero nestas últimas semanas anotáronse socios de entre 40 e 50 anos.

**Dende fai pouco tempo contades co terreo de xogo, non? Como é este campo?**

As dúas pistas de xogo foron inauguradas o 10 de outubro de 2022, e son pistas de 4 por 15 metros, que son as medidas oficiais para competicións nacionais e internacionais. Posteriormente en 2024 o Concello engadiu dúas pistas máis.

**Existen outros clubs de petanca na comarca?**

Si, existe o Club Petanca Ribadeo que é 4 o 5 anos máis antigo que o noso.

**Ademais de xogar e desfrutar do deporte, contan con outro tipo de iniciativas?**

A verdade é que non. Adoitamos xogar case todos os días e dous ou tres veces ao ano reunímonos nunha merenda, comida ou cea. Un momento para confraternizar.

**Participan en moitos torneos?**

Os socios que se federaron coa Federación Galega de Petanca si que participaron en preto de 20 torneos celebrados en diferentes lugares de Galicia, Leon ou Asturias durante o ano 2024.

**Fan actividades ao longo do ano?**

Si, adoitamos organizar 4 ou 5 torneos entre os socios do club e un anual para xogadores de outros clubs

**Teñen apoio institucional ou dalgunha entidade?**

A verdade é que non, malia estaría ben tela.

**Que lle piden ao goberno local?**

Apoio como ata o de agora para o torneo anual Concello de Foz, tamén lles pedimos auga para manter en condicións o campo de xogo pois é de terra e se está seco pois se xoga peor. Tamén nos gustaría que nos puideran colocar un aseo preto das pistas de xogo.



# A mellor xogadora do Mundo de fútbol sala no 2024 é do Burela FS

A futbolista brasileira do Burela FS, Emilly Marcondes, foi designada mellor xogadora do Mundo de fútbol sala feminino no 2024 polos premios Jako Futsal Awards 2024. Trátase dun galardón que concede a prestixiosa publicación especializada en fútbol sala Futsal Planet e que este ano acada as súas vodas de prata distinguindo á elite mundial deste deporte. Emilly, que xa fora nomeada entre as dez finalistas nos últimos anos, recibe así o premio a un excelso ano 2024 no que logrou co conxunto burelista os títulos de Liga e Supercopa, ademais de ser nomeada por segundo ano consecutivo polas súas compañeiras de profesión, nos premios da Asociación de Xogadoras de Fútbol sala Feminino, como a MVP da Primeira Iberdrola de fútbol sala. Esta é a segunda ocasión na que unha futbolista do Burela FS re-



cibe esta distinción polo seu desempeño coa elástica laranxa. A primeira foi a lenda burelista Patricia González Mota, 'Peque', que foi condecorada con este premio no ano 2022.

**SUPERCOPA.** O Burela FS non puido superar a semifinal 2 da Supercopa de España 2025, despois de caer ante o Torreblanca Melilla cun

contundente resultado de 2-6. A pesar de loitar até o último minuto, o conxunto galego non puido reválidar o título, e o seu soño de gañar a súa sexta Supercopa consecutiva quedou truncado nesta edición.

A Supercopa de España 2025 quedou finalmente nas mans do Futsi Atlético Navalcarnero, que demostrou unha vez máis a súa supremacía no fútbol sala feminino español.

# O Club Natación Xove logrou 16 medallas no Campionato Galego máster

O Club Natación Xove logrou 16 medallas no Campionato Galego master disputado en Ponteareas. Foron catro de ouro, cinco de prata e sete de bronce.

Sabela Ben proclamouse vencedora nos 100 e 50 braza da categoría +30, ademais de levar o bronce nos 50 bolboreta. Nerea Isasti destacou nos 100 costas na división de maiores de 25 anos, obtendo o segundo posto nos 50 costas e o terceiro nos 50 libres, mentres que rematou cuarta nos 100 libres. Leticia González foi campioa galega de 50 bolboreta no grupo de 40 anos, subcampioa nos 50 costas e terceira nos 50 libres, e tamén rematou cuarta nos 50 braza.

O nadador, Juanma Ferro, alcanzou a prata nos 50 costas e 50 libres, rematando cuarto nos 100

costas e 100 libres, todo na categoría 25 anos. Patxi Xabier Isasti, na categoría +60, foi segundo nos 100 bolboreta, mentres que conseguiu tres medallas de bronce na categoría +30 nos 50 e 100 libres e 100 estilos, ademais de quedar quinto nos 50 bolboreta.

Natalia Ben ocupou a cuarta praza nos 200 braza, a sexta nos 100 e 50 costas e a novena nos 100 libres +35. O relevo 4x50 estilos mixto obtivo o bronce, mentres que os equipos de 4x50 libres feminino e 4x50 libres mixto alcanzaron o quinto posto.

O Club de Natación de Xove é un dos máis representativos da provincia de Lugo e o único na comarca da Mariña e foi fundado o 20 de febreiro de 1989 polo interese dos rapaces que ían nadar á piscina.

# COLABORACIÓN

## E agora que?

### O PUPITRE



Julio Díaz

**U**ns días antes de Reis, facendo unhas compras nun área comercial, en concreto nunha tenda de telefonía, observei a grande cantidade de pais/nais que estaban a procurar un aparello móbil para os seus fillos. Se atendemos ás estatísticas, a maioría deses móbiles vendidos como churros, foron parar a mans de nenos/as menores de 12 anos. Moitos deses pais seguro que pensaron que o seu labor de resistencia xa ía ben cumprido e que coa compra tamén rematarían os problemas pero, nada máis lonxe da realidade, xa que agora é cando realmente empeza o conflito.

Comezar con bo pé é moi importante. Hai que orientar no bo uso. De non facelo ao principio, reconducilo despois, modifican-

do os malos hábitos adquiridos, adoita ser moitísimo máis complicado. Por iso é crucial iniciarse de forma correcta e tomar o maior número de precaucións para integrar a tecnoloxía da maneira máis moderada e axeitada a súa idade.

É importante quedarse coa idea de que non pode existir barra libre. Hai que sentarse e falarlles dos beneficios que ten o seu uso axeitado pero, por suposto, tamén dos perigos, xa que co móbil pode accederse a contido inapropiado.

A educación dixital é esencial cando se comeza a empregar calquera dispositivo, pero tamén é importante saber que parte da aprendizaxe dos menores é por imitación, dende o nacemento ata o final da adolescencia. Os propios pais debemos facer un uso responsable e crítico desde que o rapaz é pequeno, xa que este o vai interiorizar por imitación. As normas de uso das pantallas, incluída a televisión, onde se pode ver

serie tras serie, deberían ser familiares.

Fagamos agora un inciso, e antes de sentir culpa de deixar que o "aparato" se colase na nosa

uso de internet e redes sociais na saúde mental dos mozos e adolescentes" elaborado por ONTSJ (Observatorio Nacional de Tecnoloxía e Sociedade do

tar expoñer aos menores de dous anos ás pantallas. O outro día nunha conferencia dunha psicóloga santiaguesa quedei abraído cando dixó que xa se fabricaban soportes de tabletas para os carriños dos bebés e bandexas-soporte para os andadores. De tres a catro anos, non máis dunha hora ao día e "canto menos mellor". De entre 5 a 17 anos, este organismo aconsella non superar as dúas horas vendo pantallas.

Por iso os pais teñen a responsabilidade de guiar aos seus fillos/as no uso das tecnoloxías e establecer límites. O tempo de uso dedicado aos dispositivos é un deses límites. E non é algo trivial. Os rapaces adictos ao móbil teñen alto risco de sufrir depresión e soidade no futuro segundo un estudo da Universidade de Arizona.

Comprométome que no próximo "Pupitre" falarei dos perigos sociais e do uso adecuado do móbil e redes sociais no centro educativo.




casa, débese saber tamén que a gran maioría das veces os beneficios superan os riscos, se aceptamos as conclusións do informe "Impacto do aumento do

Ministerio de Asuntos Económicos).

Agora ben, iso non debe ser ningún consolo para os proxenitores. A OMS recomenda evi-

## Morrer para crer

### SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

**S**ostén Camilo José Cela que a morte é doce, pero a antesala cruel. O mesmo pensarán moitos. Ela quedou viúva nova, non agardaba que fose tan cedo. Todos os días vai ao cemiterio no que descansan tamén os meus avós, sen perder día. Nalgúns cemiterios das cidades hai conserxe, no noso non faría falla, porque ela faille garda. Di con bágoas nos ollos que un lle debe temer á vida, non á morte. O seu home non chegou a coñecer a algúns dos netos. Eu chámolle con cariño a Mexicana, e a miña nai riñe conmigo. Non a coñecía, a Rigueira é cativa, pero eu aínda o era máis cando marchamos. Sorprendéronme os seus rituais, a miña nai todas as semanas vai poñer flores frescas, para que saiban que non os esquecemos. Á avoa gustábanlle moito e bueno, o avó pasou parte da vellez diante da camelia que nos regalara o

Portugués, así que imaxinamos que tamén lle dará gusto telas. Papá préndelles candeas, cando aínda non ardeu toda a cera da anterior, ocúpase de que arda a seguinte. No cemiterio aprendín que cada un coas súas teimas. Ela enche toda a ringleira do nicho con adornos florais, de moitas cores, semellando un altar mexicano. Prende ducias de candeas ao carón da foto do que foi o seu home, e pasa alí mañás e tardes enteiras. Debe ser moi certo iso de que a miúdo un sepulcro encerra, sen sabelo, dous corazóns na mesma caixa. Non fai moito, ao meu avó caeulle o floreiro que levaba tanto tempo pegado, no nicho do avó sempre pasan cousas sorprendentes, para que escoiten os descridos. Ela foi a primeira en decatarse, recolleu con mimo flores e floreiro do chan, e con tino voltou colocar todo ata que foi por alí mamá. Cada familia venera ao seu xeito aos seus, e aí nace o respecto, a miña tía di que ela os lembra desde a casa, que non precisa achegarse ata alí, dime que non vaia eu soa pola noite e o meu pai dime que debera terlle

máis medo aos vivos, que os que están alí nada me van facer. A morte só ten importancia na medida que nos fai reflexionar sobre



o valor da vida. O día que morremos vai a acontecer que o que posuímos neste mundo pasará a mans doutra persoa. Pero o que somos, será noso para sempre. Todos somos iguais ante a morte, pero non ante a vida. Para alguén crente coma min, non é

algo que tema. Namentres son, a morte non é, e cando a morte sexa, eu deixarei de ser.

Castigo para algúns, agasallo para outros, e para moitos, un favor. Despois de todo, só é un síntoma de que houbo vida. E que a segue a haber, o avó de H. descansa na casa, coma un Rei, preside o salón da casa patrucial, as súas cinzas ao solioño, cando a súa muller o ve, abraza con forza o bote e caen bágoas por el abaixo. Ben seguro que se pon triste, porque a el encantáballe facela rir, botaraa en falla canda el, pero non ten présa por levala, sabe que os demais tamén precisamos dela. Se algo non se debe ser para morrer, é egoísta. Eu son noviña, pero teño claro que en breves escribirei o reparto dos bens que atesouro, porque a morte está tan segura do seu triunfo que me deu unha vida de vantaxe. Agardo tardar en morrer, porque realmente a morte non existe, tan só un morre cando o esquecen. Mentras tanto, como somos nós os que imos finir cando nos chegue a hora, polo menos que nos deixen vivir

agora. Se algo ten de bo é que só vai a pasar unha vez, o resto son sustos que nos anticipan que está aí, e que vai a chegar con total seguridade.

Lembrede dispoñer que queredes que fagan con vós, eu con que non me poñan flores amarelas doume por contenta, e que me recen unha miguiña, do mesmo xeito que fago eu. Hai algo que non sabemos, os avós non chegaron a coñecer ás cadelas de papá, dúas pastoras alemás moi inquietas e bulideiras. Só paran cando el lles manda agardar. Un día cando saín do cómbaro no coche seguironme ata a porta mesmo do camposanto, non sabía que o tiñan por costume con l. e púxenme nerviosa, pensei en volvelas levar para a casa, a miña sorpresa foi máxima cando entraron e ante o noso nicho sentaron caladas a agardar por min. Non daba creto, cando cheguei á casa conteillo á familia e ninguén se sorprendeu, sempre fan o mesmo ritual. Así que aquí, coma en todo, cada un fai o seu facer e debemos respectar as crenzas e teimas de cada un.

# Rúas ben musicadas

CULTURA



Rebeca Maseda

O 21 de marzo de 1994, Bruce Springsteen subiu ao escenario do Pavillón Dorothy Chandler de Los Ángeles durante a 66ª edición dos premios Óscar, deixando a moitos espectadores sorprendidos. Antes mesmo de comezar a cantar, a súa soa presenza xa transmitía algo diferente. Non era o habitual Springsteen enérxico, movéndose coa intensidade do seu característico rock. Nin sequera levaba a súa icónica guitarra. No seu lugar, apareceu vestido cun elegante traxe escuro, cunha expresión serena e reflexiva. Aos seus 44 anos, e a pesar de lucir unha perilla ao estilo “grunge”, mostrábase contido. Durante os primeiros 30 segundos da súa interpretación, permaneceu inmóvil, case como unha estatua, nun escenario minimalista cunha iluminación tenue. Ao longo da historia dos Óscar, nos que o cinema e a música converxeron en innumerables momentos memorables, houbo actuacións que deixaron pegada. Pero aquela noite en particular déronse todos

os ingredientes para que a interpretación de Springsteen quedase gravada na memoria colectiva: unha posta en escena inesperada, un artista de renome, unha interpretación cargada de emoción e unha canción cunha mensaxe poderosa. O tema en cuestión era Streets of Philadelphia, composto para a banda sonora de “Philadelphia”, a película de Jonathan Demme protagonizada por Tom Hanks e Denzel Washington, que abordaba o impacto da sida na sociedade. A canción, que acompañaba os créditos iniciais do filme, contribuíu a mergullar ao espectador na atmosfera de angustia e melancolía que a historia esixía. Trátase dunha peza estraña dentro do repertorio de Springsteen: cunha instrumentación austera baseada nun sinxelo loop de batería e un sutil fondo de teclados, apenas acompañados por uns coros masculinos discretos. O videoclip reforzaba esa sensación de desolación, mostrando a un Springsteen desaliñado percorrendo as rúas máis deterioradas de Filadelfia. A diferenza doutros videoclips de bandas sonoras, apenas aparecían fragmentos da película, salvo un par de planos dun Tom Hanks con xesto preocupado. A canción, polo tanto, non se percibía como unha simple achega á



banda sonora, senón como unha peza fundamental na traxectoria de The Boss. Curiosamente, foi Antonio Banderas quen presentou a actuación de Springsteen naquela cerimonia, nunha edición con marcado acento español, xa que Fernando Trueba gañou o Óscar á mellor película de fala non inglesa por “Belle Époque”. Trala emotiva interpretación, Whitney Houston foi a encargada

de abrir o sobre co gañador á mellor canción orixinal, revelando que o premio recaía en Streets of Philadelphia. Springsteen, coa súa característica humildade, subiu ao escenario para recoller a figura e mofándose dixo: “É a primeira canción que escribo para unha película, así que supoño que a partir de agora todo irá como a seda”. O seu tema supe- rara a nomeados da talla de Neil

Young (quen tamén compuxo unha canción para Philadelphia), Janet Jackson, James Ingram e Harry Connick Jr., pouca broma... O recoñecemento a Streets of Philadelphia non se detivo aí. Ese mesmo ano gañou o Globo de Ouro e o premio MTV ao mellor videoclip, e nos Grammy do ano seguinte alzouse con catro galardóns. Con todo, e a pesar do seu éxito crítico, en Estados Unidos a canción non logrou superar o noveno posto nas listas de vendas, aínda que en Europa tivo un maior impacto, alcanzando o número un en varios países e o segundo posto en Reino Unido. Co tempo, converteuse nun clásico imprescindible na carreira de Springsteen, quen seguiu explorando o mundo do cinema con composicións como Dead Man Walking para a película homónima de Tim Robbins. Curiosamente e malia a enorme repercusión que tivo no seu momento, Streets of Philadelphia é unha das cancións que menos interpreta en directo, quen sabe, mesmo despois de tantos anos quizais segue sendo demasiado conmovedora. É obvio que a versión orixinal de Springsteen é marabillosa, pero non podo rematar este artigo sen recomendarvos o arranxo que fixo o Cuarteto Ébène deste icónico tema, pura fantasía...

## TELÉFONOS DE INTERESE

**ALFOZ**  
 Concello: 982 55 80 01  
 Garda Civil: 982 57 40 30  
 Centro de Saúde: 982 55 86 97

**BARREIROS**  
 Concello: 982 12 40 02  
 Garda Civil: 982 12 41 94  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

**BURELA**  
 Concello: 982 58 60 00  
 Policía Local: 982 58 62 11  
 Garda Civil: 982 58 57 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29  
 Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00  
 Capitanía Marítima: 982 57 51 53

**CERVO**  
 Concello: 982 55 77 77  
 Policía Local: 615 52 10 52  
 Garda Civil: 982 58 57 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

**FOZ**  
 Concello: 982 14 00 27  
 Policía Local: 982 13 36 40  
 Garda Civil: 982 14 04 44  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85  
 Agencia Tributaria: 982 13 35 12

**LOURENZÁ**  
 Concello: 982 12 10 06  
 Garda Civil: 982 52 19 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

**MONDOÑEDO**  
 Concello: 982 52 40 03  
 Policía Local: 982 50 70 40  
 Garda Civil: 982 52 19 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

**OUIROL**  
 Concello: 982 55 91 09  
 Garda Civil: 982 56 10 39  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

**PONTENOVA, A**  
 Concello: 982 34 22 77  
 Garda Civil: 982 34 22 22  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

**RIBADEO**  
 Concello: 982 12 86 50  
 Policía Local: 982 12 86 50  
 Garda Civil: 982 12 80 48  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

**RIORTORTO**  
 Concello: 982 34 62 22  
 Garda Civil: 982 34 22 22  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

**TRABADA**  
 Concello: 982 13 50 11  
 Garda Civil: 982 34 22 22  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

**VALADOURO, O**  
 Concello: 982 57 40 00  
 Garda Civil: 982 57 40 30  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

**VICEDO, O**  
 Concello: 982 59 00 02  
 Garda Civil: 982 59 01 81  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

**VIVEIRO**  
 Concello: 982 56 01 28  
 Policía Local: 982 56 29 22  
 Policía Nacional: 982 56 17 11  
 Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

**XOVE**  
 Concello: 982 59 20 01  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112 | Incendios Forestais: 085  
 Urgencias Sanitarias: 061 | Garda Civil: 062

[www.amariñaxa.com](http://www.amariñaxa.com)



Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.  
 Dirección: Diego E. García Puente  
 Teléfono: 661 464 323  
 E-mail: redaccion@amariñaxa.com  
 Impresión: Tameiga Publicacións SL  
 Dep. Legal: LU 5-2019  
 ISSN 2660-4493

Teléfono 661 464 323

redaccion@amariñaxa.com

## DE RUTA EN RUTA

# Cervo: ruta das Canteiras

O obxectivo desta ruta é poñer de manifesto a existencia e características das canteiras históricas de extracción de pedra

**A** Ruta de Sendeirismo das Canteiras, situada no concello de Cervo é unha magnífica oportunidade para descubrir a riqueza histórica, cultural e natural deste concello da Mariña Lucense. Esta ruta, que combina natureza e patrimonio industrial, percorre antigos camiños vinculados ás canteiras de granito que, durante séculos, foron unha importante fonte de traballo e materiais para a construción na zona.

O percorrido, de dificultade moderada, permite explorar paisaxes únicas, como as antigas canteiras, onde aínda son visibles os cortes nas rochas que delatan o labor dos canteiros. Durante a camiñada, os sendeiristas poden admirar formacións rochosas singulares, fermosas vistas panorámicas e unha gran diversidade de flora e fauna autóctona. Entre as especies máis destacadas atópanse carballos, castiñeiros e acivros, así como diversas aves e pequenos mamíferos que habitan nos



bosques autóctonos da zona. A ruta está ben sinalizada e transcorre por sendeiros que atravesan bosques e zonas de interese etnográfico, incluíndo pontes, muíños e outros elementos tradicionais que forman parte do legado cultural da comarca. Entre os puntos de maior interese atópanse as estruturas das antigas explotacións de granito, que foron fundamentais para o desenvolvemento económico local.

A extracción deste material foi unha actividade clave en Cervo, abastecendo tanto o mercado galego como cidades máis afas-

tadas, como Oviedo, en Asturias, onde se utilizou para o empedrado de rúas.

As explotacións localizáronse principalmente na zona de San Cibrao - Lieiro, onde se documentaron canteiras de diferentes dimensións. Algunhas foron pequenas extraccións para uso local, mentres que outras alcanzaron un nivel de produción semi-industrial, cun impacto económico máis amplo.

O granito extraído nestas canteiras caracterízase pola súa calidade e durabilidade, sendo empregado na construción de vivendas, camiños e mesmo

obras públicas.

Ao longo do camiño, pódese gozar de momentos de tranquilidade rodeados de natureza ou aproveitar as áreas de descanso para facer unha parada e contemplar a beleza da paisaxe.

O percorrido tamén ofrece oportunidades para a observación de aves e para os afeccionados á fotografía, xa que conta con múltiples puntos panorámicos que permiten capturar a espectacularidade do entorno.

A ruta é apta para todas as idades e é ideal tanto para os amantes do sendeirismo como para aqueles que desexen coñe-

cer máis sobre o pasado industrial e cultural de Cervo. Recómendase levar calzado cómodo, auga e algo de comida para o camiño, así como respectar o medio ambiente para contribuír á conservación deste espazo natural e patrimonial.

A Ruta das Canteiras é, sen dúbida, unha experiencia única que combina exercicio, contacto coa natureza e coñecemento histórico. Trátase dun itinerario perfecto para descubrir o legado dos antigos canteiros e gozar da riqueza paisaxística dun dos concellos máis fermosos da Mariña Lucense.

## DATOS




1 hora



5 quilómetros



Dificultade media



CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m<sup>3</sup>, 1m<sup>3</sup>-1,7 m<sup>3</sup> Y 2.1m<sup>3</sup>



CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO



**CORBAR**  
MAQUINARIA

INNOVACION,  
COMPROMISO  
Y GARANTIA

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



[www.corbarsll.com](http://www.corbarsll.com)



EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!



NOVEDAD

RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.